

SESION ORDINARIA DE 25 DE SETEMBRO DE 2018

(Acta Número 10)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e cinco de setembro de dous mil dezoito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Como ben saben, o pasado dezasete de setembro faleceu de xeito repentino o Secretario Xeral desta Deputación, Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, e dende esta Corporación fíxose unha Declaración Institucional que lles paso a ler.

No pouco tempo que estivo aquí don Cristóbal creo que deixou amigos, tanto a nivel de funcionariado coma de políticos, e creo que dalgún xeito hai que recoñecerlle ese paso por esta Deputación.

Declaración Institucional

Ante o falecemento de D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, Secretario Xeral da Deputación de Lugo, e en nome e representación da Corporación Provincial de Lugo, en primeiro lugar desexo transmitir o noso maior pesar e condolencias á súa dona e ás súas fillas, e demás familiares, así como ós numerosos achegados e amigos.

Licenciado en ciencias políticas e en dereito, desempeñou as funcións de habilitado nacional nos concellos de Pobra do Caramiñal, Cedeira, Negreira, Lousame, Vimianzo, Guitiriz e Malpica, así como Secretario Xeral do Concello de Betanzos; e dende o mes de abril de 2017 era o Secretario Xeral desta Deputación de Lugo.

A teor do exposto no Regulamento de Honras desta Corporación, como mostra de distinción e respecto á figura de don Cristóbal, procedo a testemuñar ante familiares e amigos, e á poboación no seu conxunto, esta solemne Declaración Institucional de condolencias”.

A continuación a Corporación Provincial, así como o público asistente, postos en pé, gardan un minuto de silencio en recordo de don Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN ORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS VINTE E SEIS DE XUÑO E TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións ordinarias celebradas os días vinte e seis de xuño e trinta e un de xullo de dous mil dezaioito, e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISION DE COOPERACION E ASISTENCIA A CONCELLOS E MEDIO AMBIENTE

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE ANTAS DE ULLA, SARRIA E BÓVEDA, SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS E ACTUACIÓN INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Logo de ver os escritos das Alcaldías dos Concellos de Antas de Ulla, Bóveda e Sarria nos que solicitan unha modificación/substitución de investimentos e modificación de actuacións do programa de cultura, respectivamente, incluídos no Plan Único de Cooperación cos concellos 2017.

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos concellos 2017. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 74 do Xoves 30 de marzo de 2017, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2017 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos concellos foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas os investimentos que se sinalan e se pretenden modificar/ substituír.

Por acordos da Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2017; 01 de xuño de 2018 e 07 de setembro de 2018 concedéronse ao **Concello de Antas de Ulla** prórrogas para a adxudicación da obra incluída no plan único e identificada co número 15 “Optimización enerxética en Agüela (San Mamede), Alvidrón-Casa da Naia-Arcos (Sta. María), Amoexa (Santiago), Árbol (Santalla), Areas (Santa Cristina), Barreiro (San Cibrao), Cibreiro e Cervela (San Miguel), incluído redacción de proxecto e dirección de obra”. A última das prórrogas estende o prazo ata o 30 de setembro de 2018.

Pola Alcaldía do Concello de Antas, solicítase a través de escrito con RE 22919, de data 17 de agosto de 2018, e posterior aclaración de data 29 de agosto de 2018, RE nº 23455, unha modificación/substitución dun dos investimentos incluídos no Plan Único, concretamente a anteriormente sinalada nº 15, ao que acompaña memoria e anexos V e VI (declaracións responsables sobre o investimento e sobre a dispoñibilidade dos terreos), e que de ser aprobado polo Pleno a modificación solicitada, quedarían incluídas no Plan único 2017 da maneira que se indica: “Optimización enerxética de instalacións de iluminación pública exterior no municipio de Antas de Ulla en zona Miguel Angel Blanco Garrido, incluídos honorarios facultativos, coa aprobación dun novo prazo para adxudicar o proxecto modificado, ata o 15 de outubro de 2018.

Coa solicitude argúmentanse sucintamente as modificacións /substitucións interesadas, nomeadamente “... o proxecto inicial non se podería executar en tanto non se reciba a notificación de resolución do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda dixital, en relación coa subvención solicitada para a referida obra...”

Por acordos da Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2017; 22 de decembro de 2017 e 01 de xuño de 2018 concedéronse ao **Concello de Bóveda** prórrogas para a adxudicación da obra identificada co número 35 “reparación e mellora das infraestructuras de saneamento e depuración en Eimer, A Tourona, Xulián, As Pontes, Vilaboa-Casas Novas, e Ver, incluído redacción de proxecto e dirección de obra”. A última das prórrogas era ata o 14 de setembro de 2018.

Pola Alcaldía do Concello de Bóveda, a través de escritos con rexistro de entrada nº 25063 e 25062, de data 13 de setembro de 2018 solicítase unha modificación da obra anteriormente sinalada e identificada co número 35, incluída no Plan Único 2017, que de ser aprobado polo Pleno a modificación solicitada, quedarían incluídas no Plan único 2017 da maneira que se indica: “reparación e mellora das infraestruturas de saneamento e depuración en Eimer, a Tourona, As Pontes, Vilaboa-Casas Novas, e Ver, incluído redacción de proxecto e dirección de obra, coa fixación dun novo prazo para adxudicar o proxecto modificado, ata o 30 de outubro de 2018 e ata o 14 de decembro de 2018 para executar e xustificar as citadas obras.

Coa solicitude arguméntanse sucintamente as modificacións /substitucións interesadas, nomeadamente “... ao non poder obter a preceptiva autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, toda vez que as arquetas de desbaste e separación de graxas da fosa ubicada no lugar de Xulián, parroquia de Tuimil, non dispoñían da preceptiva autorización e as obras necesarias para autorizala excedían o importe económico que podía asumir este Concello ...”

Pola Alcaldía do **Concello de Sarria**, a través de escrito con rexistro de entrada nº 19986, de data 05 de xullo de 2018, solicita modificación das actuacións propostas no programa de Actividades culturais, de forma que solicita a modificación da actuación de “Xornadas sobre a revolta irmandiña”, incluída inicialmente no Plan único 2017, cunha achega da Deputación de 6.000,00 euros, substituíndoa pola actuación “XI Xornadas xurídicas do Concello de Sarria” en base á xustificación que obra no expediente, resultando da maneira que se indica, e que de ser aprobado polo Pleno a modificación solicitada, quedarían incluídas no Plan único 2017:

CONCELLO	ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO OU OUTRAS ENTIDADES	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
SARRIA	6.000,00€	411,88€	6.411,88€	XI XORNADAS XURÍDICAS DO CONCELLO DE SARRIA

En data 10 de setembro de 2018, pola xefa do Servizo de Cultura, conformado polo Deputado Delegado da área de Turismo e Cultura, emítese informe favorable ao cambio proposto polo Concello de Sarria, cambiando a actuación “xornadas sobre a revolta irmandiña”, por “XI xornadas xurídicas do Concello de Sarria (Prensa e publicidade nos medios, aloxamentos,

desprazamentos e atencións protocolarias; persoal de apoio)”, sen variar o importe a achegar pola Deputación destinado a actividades culturais, 6.000,00 euros, e cunha aportación municipal a maiores de 411,88€.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. As propostas formuladas polos Concellos, en exercicio das súas autonomías responden aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía e necesidades.

Polo que va dito, tendo en conta os informes dos Servizos desta Deputación, e logo de ver o ditame favorable emitido por unanimidade da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Antas de Ulla, Bóveda e Sarria, e en consecuencia, modificar e substituír as actuacións indicadas, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2017 modificado nos investimentos do Concello de Antas de Ulla, Bóveda e Sarria, nos seguintes termos:

PLAN ÚNICO 2017	IDENTIFICACIÓN OBRA OU SERVIZO MUNICIPAL 2017, INVESTIMENTOS						AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS NECESARIAS	
CONCELLO			IDENTIFICACIÓN			PRECISA		NON PRECI SA
			CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL	TOTAL FINANCIAMENTO	TEN	NON TEN	
ANTAS DE ULLA	15	IDENTIFICACIÓ N	OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA DE INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EXTERIOR NO MUNICIPIO DE ANTAS DE ULLA EN ZONA MIGUEL ANGEL BLANCO GARRIDO, INCLUÍDOS HONORARIOS FACULTATIVOS					
		FINANCIACIÓN	40.000,00	0,00	40.000,00			X
BÓVEDA	35	IDENTIFICACIÓ N	REPARACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN EIMER, A TOURONA, AS PONTES, VILABOA-CASAS NOVAS, E VER, INCLUÍDO REDACIÓ DE PROXECTO E DIRECIÓ DE OBRA					
		FINANCIACIÓN	30.980,56	10.108,40	41.088,96			X

2º.- Determinar uns novos prazos para a adxudicación, execución e xustificación destas obras modificadas, establecendo como data límite para a adxudicación e formalización do contrato relativo ao concello de Antas de Ulla o 15 de outubro de 2018; e 30 de outubro de 2018 para a obra relativa ao concello de Bóveda. Así mesmo fixar no 14 de decembro de 2018 a data límite para executar e xustificar o investimento relativo ao concello de Bóveda.

3º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sarria, e en consecuencia, substituír a actuación indicada, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2017 modificado nas actuacións do programa de cultura do Concello de Sarria, nos seguintes termos:

CONCELLO	ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO OU OUTRAS ENTIDADES	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
SARRIA	6.000,00€	411,88€	6.411,88€	XI XORNADAS XURÍDICAS DO CONCELLO DE SARRIA

4º.- Someter estas modificacións do Plan único 2017 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

5º.- Dar traslado do presente aos Concellos solicitantes para ao seu coñecemento, significándolles aos Concellos que os investimentos deberán de estar adxudicados e formalizados os contratos nas datas establecidas nas bases do Plan único ou nos acordos de concesións das prórrogas, de ser o caso, así como xustificadas as actuacións nos prazos establecidos nas bases reguladoras do Plan único 2017 ou neste mesmo acordo.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO ALCALDE DO CONCELLO DE CASTRO DE REI SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DUN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver o escrito da Alcaldía do Concello de Castro de Rei, no que solicita unha modificación/substitución dun dos investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas os investimentos que se sinalan e se pretenden modificar/ substituír.

A Alcaldía do Concello de Castro de Rei, solicita a través de escrito con RE 2018RT001128, de data 13 de setembro de 2018, unha modificación/substitución dun dos investimentos incluídos no Plan Único, concretamente a obra nº 56: “Rede de saneamento no barrio de O Curro en Castro Ribeiras de Lea”, incluído honorarios” ao que acompaña proxecto así como a documentación relativa á nova actuación solicitada, e que de ser aprobado polo Pleno dita modificación, quedaría incluída no Plan único 2018 da maneira que se indica: “Renovación da rede de saneamento e construción de rede de pluviais na estrada do mercado gandeiro de Castro Ribeiras de Lea, incluídos honorarios”, sen producirse variacións das achegas indicadas inicialmente na obra substituída.

Coa solicitude argúmentanse sucintamente as modificacións /substitucións interesadas, nomeadamente “...non sería autorizado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, xa que implicaría excederse da capacidade de vertido autorizado para a EDAR urbana (que é de 375 m³/día)...; en canto á obra inicialmente prevista.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos

nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía e necesidades.

Polo que va dito, tendo en conta os informes dos Servizos desta Deputación, e logo de ver o ditame favorable emitido por unanimidade da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de CASTRO DE REI, e en consecuencia, aprobar a modificación /substitución da actuación indicada, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2018 modificado nos investimentos do Concello de Castro de Rei, nos seguintes termos:

PLAN ÚNICO 2018	IDENTIFICACIÓN OBRA OU SERVIZO MUNICIPAL 2018, INVESTIMENTOS					AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS NECESARIAS	
CONCELLO			IDENTIFICACIÓN			PRECISA	
			CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL	TOTAL FINANCIAMENTO	TEN	NON PRECISA
CASTRO DE REI	56	IDENTIFICACIÓN	RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E CONSTRUCCIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA ESTRADA DO MERCADO GANDEIRO DE CASTRO RIBERAS DE LEA, INCLÍDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	127.320,17	0,00	127.320,17		x

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2018 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para ao seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados e formalizados os contratos nas datas establecidas nas bases do Plan único ou nos acordos de concesións das prórrogas, de ser o caso.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO ALCALDE DO CONCELLO DE QUIROGA SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver o escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga, no que solicita unha modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas os investimentos que se sinalan e se pretenden modificar/substituír.

A Alcaldía do Concello de Quiroga, solicita a través de escrito con RE 25436 data 18 de setembro de 2018, unha modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único, concretamente afecta ás obras nº 233, 236 e 237 do plan único, aos que acompaña os novos proxectos así como documentación relativa ás novas actuacións solicitadas, e que de ser aprobado polo Pleno ditas modificacións, quedaría incluída no Plan único 2018 da maneira que se indica:

PLAN ÚNICO 2018			IDENTIFICACIÓN OBRA OU SERVIZO MUNICIPAL 2018, INVESTIMENTOS				AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS NECESARIAS		
CONCELLO	TOTAL ACHEGA DA DEPUTACIÓN INVESTIMENTOS			IDENTIFICACIÓN			PRECISA		NON PRECISA
				CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL	TOTAL FINANCIAMENTO	TEN	NON TEN	
QUIROGA	228.760,75 €	233A	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO DE TERREOS ADXACENTES AO ALBERGUE MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN DUNHA PRAZA					

			FINANCIACIÓN	20.000,00	30.000,00 (Achega Xunta Galicai)	50.000,00			X
		233B	IDENTIFICACIÓN	REURBANIZACIÓN DE RÚAS E ESPAZOS: ENTORNO DA PRAZA MAIOR (RUAS GALICIA, CALVO SOTELO E LAGO), RUA CAMILO JOSÉ CELA, RUA RAMÓN Y CAJAL E PRAZA DE ESPAÑA					
			FINANCIACIÓN	30.000,00	11.390,00 7.000,00 (Achega do Ministerio de Fomento)	48.390,00			X
		234	IDENTIFICACIÓN	REHABILITACIÓN URBANA DE BEIRARRÚAS E FAROLAS NAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, ANXEL FOLE, QUIROGA DE ARXENTINA, SAN MARTIÑO, RAMÓN Y CAJAL, CAMILO JOSÉ CELA, RIO LOR E PRAZA MAIOR DA VILA DE QUIROGA					
			FINANCIACIÓN	30.000,00	0,00	30.000,00			X
		235	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA REDE VIARIA LOCAL EN VILANUIDE, SAN MARTIÑO, FERREIRA, CENTEAS, MONTEFURADO, ALDEA, IVEDO, VILLASTER, VILAR DE MONDELO, BENDOLLO, SOLDÓN, SEQUEIROS, PARADAPIÑOR, CEREIXIDO, VILARMIEL, O CASTEL, A BARCA, CASPEDRO, VILAÑAN, CARBALLO, FISTEUS, VESRREDONDA, VILLARBACÚ, CASA DO VELLO, O MAZO, OUTEIRO PACIOS DA SERRA, A ERMIDA, ARXUBIN, CAMPODOLA E LEIXAZOS E OS ACCESOS A MONTAÑA DO LOR, PARTEME, POZOS, SAN PEDRO, SANTA ANDREA, AS COVAS E OUTROS, (según coordenadas UTM).					
			FINANCIACIÓN	45.093,25	0,00	45.093,25			X
		236	IDENTIFICACIÓN	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO					
			FINANCIACIÓN	58.631,10	14.482,82	73.113,92		X	
		237	IDENTIFICACIÓN	ARRANXO E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E RÚAS MUNICIPAIS EN OUTEIRO, MONTEFURADO, QUIROGA, OS CHAOS, A RIBEIRA, BENDOLLO E A VACARIZA, (según coordenadas UTM)					
			FINANCIACIÓN	45.036,40	0,00	45.036,40			X

Coa solicitude argumentáanse sucintamente as modificacións /substitucións interesadas, nomeadamente “..necesidades mais urxentes...; ... serlle concedida unha subvención da Xunta de Galicia...; ... detectouse un erro no proxecto ...”, en canto ás obras inicialmente previstas.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía e necesidades.

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga, e en consecuencia, aprobar a modificación /substitución das actuación indicada, mantendo as achegas de Deputación

aprobadas, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2018 modificado nos investimentos do Concello de Quiroga, nos seguintes termos:

PLAN ÚNICO 2018			IDENTIFICACIÓN OBRA OU SERVIZO MUNICIPAL 2018, INVESTIMENTOS				AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS NECESARIAS		
CONCELLO	TOTAL ACHEGA DA DEPUTACIÓN INVESTIMENTOS			IDENTIFICACIÓN			PRECISA		NON PRECISA
				CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL/OUTROS	TOTAL FINANCIAMENTO	TEN	NON TEN	
QUIROGA	228.760,75 €	233-A	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO DE TERREOS ADXACENTES AO ALBERGUE MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN DUNHA PRAZA					
			FINANCIACIÓN	20.000,00	30.000,00 (Achega Xunta Galicia)	50.000,00			X
		233-B	IDENTIFICACIÓN	REURBANIZACIÓN DE RÚAS E ESPAZOS: ENTORNO DA PRAZA MAIOR (RUAS GALICIA, CALVO SOTELO E LAGO), RUA CAMILO JOSÉ CELA, RUA RAMÓN Y CAJAL E PRAZA DE ESPAÑA					
			FINANCIACIÓN	30.000,00	11.390,00 7.000,00 (Achega do Ministerio de Fomento)	48.390,00			X
		234	IDENTIFICACIÓN	REHABILITACIÓN URBANA DE BEIRARRÚAS E FAROLAS NAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, ANXEL FOLE, QUIROGA DE ARXENTINA, SAN MARTIÑO, RAMÓN Y CAJAL, CAMILO JOSÉ CELA, RIO LOR E PRAZA MAIOR DA VILA DE QUIROGA					
			FINANCIACIÓN	30.000,00	0,00	30.000,00			X
		235	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA REDE VIARIA LOCAL EN VILANUIDE, SAN MARTIÑO, FERREIRA, CENTEAS, MONTEFURADO, ALDEA, IVEDO, VILLASTER, VILAR DE MONDELO, BENDOLLO, SOLDÓN, SEQUEIROS, PARADAPIÑOR, CEREIXIDO, VILARMIEL, O CASTEL, A BARCA, CASPEDRO, VILAÑAN, CARBALLO, FISTEUS, VESRREDONDA, VILLARBACÚ, CASA DO VELLO, O MAZO, OUTEIRO PACIOS DA SERRA, A ERMIDA, ARXUBIN, CAMPODOLA E LEIXAZOS E OS ACCESOS A MONTAÑA DO LOR, PARTEME, POZOS, SAN PEDRO, SANTA ANDREA, AS COVAS E OUTROS, (según coordenadas UTM).					
			FINANCIACIÓN	45.093,25	0,00	45.093,25			X
		236	IDENTIFICACIÓN	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO					
			FINANCIACIÓN	58.631,10	14.482,82	73.113,92		x	
		237	IDENTIFICACIÓN	ARRANXO E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E RÚAS MUNICIPAIS EN OUTEIRO, MONTEFURADO, QUIROGA, OS CHAOS, A RIBEIRA, BENDOLLO E A VACARIZA, (según coordenadas UTM)					
			FINANCIACIÓN	45.036,40	0,00	45.036,40			X

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2018 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para ao seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados e formalizados os contratos nas datas establecidas nas bases do Plan único ou nos acordos de concesións das prórrogas, de ser o caso.

COMISION ESPECIAL DE CONTAS

5.- CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, E DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE AO ANO 2017.

Informada a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo e da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo de 2017 pola Comisión Especial de Contas o día 29 de maio de 2018 e permanecendo exposta ao público na Secretaría Xeral, por espazo de quince días, e oito máis, e cuxo anuncio de exposición se publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 129, de data 7 de xuño de 2018, e que transcorrido o mencionado prazo, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións á mesma (segundo certificación que se acompaña no expediente). Acompáñase a Conta Xeral de 2017 do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, e as Contas Anuais da Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Logo de ver o ditame favorable emitido por maioría da Comisión Especial de Contas, e producidas as seguintes intervencións:

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Gustaríame aproveitar este punto para destacar os datos máis significativos de toda a información económica da Deputación do ano 2017 da que hoxe damos conta no Pleno, e que poñen de manifesto que seguimos sendo unha Administración eficiente pero sobre todo que responde ás necesidades dos veciños desta provincia.

En primeiro lugar destacar que cumprimos cos obxectivos de estabilidade orzamentaria de regra de gasto, e así mesmo tal e como reflicte a Conta Xeral fomos quen de deixar un gasto comprometido do 77,46% do Orzamento, o que supón 81,8 millóns de euros, e isto significa que traballamos para atender as necesidades dos nosos veciños, para achegarlles investimentos ós seus concellos, porque este Goberno continúa traballando, como fixemos ata agora, coa imprescindible unión entre Deputación e concellos, e baixo outra premisa que é a de atender ás necesidades dos cidadáns focalizando sobre todo no que se refire a diferentes programas de emprego, a políticas sociais, e a eses investimentos que nos permiten manter unhas infraestruturas en bo estado e achegarlles novos e mellores servizos ós nosos veciños, gobernando para tódolos concellos desta provincia e polo tanto para tódolos veciños.

Destacar tamén outros datos nos que a suma dos Capítulos IV que son transferencias correntes, investimentos reais o Capítulo VI e o Capítulo VII transferencias de capital, que suman un gasto comprometido de 76 millóns de euros, dez millóns de euros máis ca o ano pasado, entre o Orzamento e a incorporación dos remanentes de anos anteriores. Polo tanto creo que este dato pon de manifesto o esforzo que estamos a facer por achegarlles ós nosos veciños máis servizos e máis investimentos que melloren a súa calidade de vida na nosa provincia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente para anunciar o meu voto en contra”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para anunciar a nosa abstención”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Estes non eran os nosos Presupostos, non é a nosa liquidación, imos favorecer que saia adiante e anunciamos a nosa abstención.

Lamentar que os datos que nos da a Deputada de Economía e que no ano 2017 o nivel de execución do Orzamento quedara no 77,46%, eu creo que un goberno que ten ideas, que ten necesidades, e esta provincia as ten, o lóxico sería elevar ese nivel de investimento. Creo que cando loitamos por poder recadar máis e dar máis servizos non é moi de xustificación que ó remate dun ano teñamos que dicir que só se executou o 77% do Presuposto”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Entendo que non vai haber moito máis debate, a pesares desa porcentaxe que evidentemente baixa un pouco con respecto ó exercicio anterior, como recalcaba no final da miña primeira intervención subimos en termos numéricos dez millóns de euros con respecto ó ano anterior, que eran 66 millóns de euros, o gasto comprometido fronte aos 76 millóns de euros do exercicio 2017, se ben redúcese un pouco esa porcentaxe pero a cifra increméntase e ademáis de xeito relevante”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente dicir, como xa anunciamos, que imos facilitar esta aprobación; pero se ó Presuposto do ano 2017 lle quitamos a partida de persoal, que é unha partida de execución forzosa, e lle quitamos os vinte millóns do Plan Único, en realidade o nivel de execución dese goberno foi moi baixo”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Referíame precisamente a ese incremento dos dez millóns de euros, que creo que non me entendeu, refírome ós Capítulos de transferencias correntes, transferencias de capital, e investimentos reais, polo tanto aí xa está descontado o gasto de persoal ó que vostede se referiu agora; incrementamos en dez millóns de euros con respecto ó exercicio anterior, agardo que quede claro”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 10 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); votos en contra, 1 (emitido polo señor Deputado non adscrito); abstencións 14 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

Aprobar definitivamente a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo e da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo de 2017.

COMISION DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA

6.- PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS BASES TERCEIRA, DÉCIMA, DÉCIMO PRIMEIRA E DÉCIMO SEGUNDA DAS “BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN, POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO”.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda, do seguinte teor:

Logo de ver a proposta en relación co asunto sinalado no epígrafe, que di o seguinte:

“A Deputación con data 27 de novembro de 2007, aprobou as “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”.

Estas bases foron modificadas por acordos plenarios de datas 28 de outubro de 2008 e 29 de decembro de 2015.

Coa aprobación destas bases e as súas modificacións, a Deputación mellorou sustancialmente o servizo que presta aos concellos, xa que reduciu, progresivamente, a porcentaxe que se desconta dos ingresos dos concellos pola xestión realizada, que pasou do 6% do recadado en período voluntario e o total da recarga de prema e dos xuros de mora do período executivo ao actual 1% do recadado en período voluntario e o 75 % da recarga de prema e dos xuros de mora do período executivo.

Estableceuse un sistema de entregas mensuais, sen custo para os concellos, a conta da recadación en período voluntario de padróns, que se calculan sobre o 90% do recadado no ano anterior.

A “Base Terceira.- contido e alcance da delegación” divídese en dúas partes. Unha primeira parte, que está referida ás competencias que a Deputación asume en relación ao Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), ao Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) e ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM). Unha segunda parte está referida a outras competencias delegables como:

- 1.- Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IITNU).
- 2.- Recadación de padróns anuais ou semestrais de outros ingresos públicos.
- 3.- Competencias de xestión recadatoria en período executivo.

Nesta segunda parte, o apartado “2.-” permite delegar competencias en materia de recadación de padróns distintos do IBI, IAE e IVTM, como poden ser certas taxas, prezos públicos e outros, pero a súa redacción actual non permite que a Deputación aprobe os citados padróns, sendo esta competencia dos concellos. Outra limitación consiste en que, estes padróns, no podrán estar referidos a períodos inferiores a seis meses, a pesar de que as distintas taxas e prezos públicos dos concellos poden estar referidos a un período inferior, normalmente de dous ou tres meses. A día

de hoxe a Deputación ten capacidade para xestionar estes padróns, tal como solicitan os concellos da Provincia.

Proponse así unha nova redacción do apartado 2- da segunda parte da Base Terceira que permita á Deputación aprobar os padróns de distintos tributos, prezos públicos e demais ingresos de carácter público que sexan de vencemento periódico e xestión mediante padrón, e recaudalos sen limitacións en canto aos meses a que están referidos os citados padróns.

Nesta proposta incorporase un segundo párrafo a Base Décima no que se establece que non se aplicará o réxime de compensación económica aos ingresos que percibe a Deputación pola súa xestión naqueles supostos de xestión e recadación de ingresos derivados das prestacións de servizos por vía de cooperación interadministrativa según o que se regule no convenio aprobado a tal efecto.

Segundo a redacción actual da Base Decimosegunda, no apartado referido á liquidación definitiva, establecece que no primeiro trimestre do ano seguinte ao que se realiza a xestión, practicarase unha liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo da recadación do que se deducirá:

- O importe das entregas a conta mensuais.
- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda relacionado coas competencias delegadas.

Segundo esta redacción, ata a citada liquidación definitiva, os concellos non obteñen outros ingresos que non sexan as entregas mensuais a conta da recadación en período voluntario por padróns.

Ao longo do ano, en virtude de determinados procesos como, por exemplo, as recentes liquidacións derivadas dos procedementos de regularización catastral, a que se refire a Disposición adicional terceira do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 do 5 de marzo, producense ingresos, en favor dos concellos, que teñen un

carácter extraordinario e cuxo importe é significativo cuantitativamente, pero que, según a citada Base decimosegunda, ata a liquidación definitiva do primeiro trimestre do ano seguinte non poden dispoñer dos citados fondos.

Para solucionar esta situación, e os concellos poidan dispoñer dos fondos, propónse modificar a Base “Decimoprimeira.- Entregas a conta”, coa finalidade de que, cando se produza un volumen de ingresos excepcional, previa solicitude do concello, se lle poida realizar unha entrega a conta da liquidación definitiva.

Modifícase, nesta proposta, a Base Decimoprimeira incorporando un párrafo a maiores para que nos supostos nos que se aplique o párrafo segundo da Base Décima, relativo a ingresos derivados das prestacións de servizos por vía de cooperación interadministrativa será o convenio aprobado ao efecto o que estableza a posibilidade de realizar entregas a conta.

Propónse, así mesmo, revisar a redacción da Base “Decimosegunda- Liquidacións provisionais e definitivas” no apartado “Liquidación definitiva”, para que sexa congruente coa nova redacción da Base Decimoprimeira, de forma que onde se di que se deducirá do ingreso definitivo: “O importe das entregas a conta mensuais” debe dicir: . “O importe das entregas a conta”, para que, no caso de que exista algún ingreso extraordinario en favor do concello, poida ser compensado na liquidación definitiva.

Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a reforma das “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”, modificando a redacción das seguintes Bases:

- “Base Terceira.- Contido e alcance da delegación”, no apartado 2- da segunda parte, referido á xestión e recadación de padróns.

- “Base Décima.- Compensación económica”, na que se incorpora un novo párrafo para excluír da compensación económica os ingresos que percibe a Deputación pola xestión e

recadación de ingresos derivados da prestación de servizos por vía de cooperación interadministrativa, según o convenio aprobado ao efecto.

-“Base Decimoprimeira.- entregas a conta”, na que se incorpora dous novos párrafos coa finalidade de que, cando se produza volume de ingresos extraordinarios se poida realizar unha entrega a conta da liquidación definitiva, e para que no suposto a que se refire o párrafo segundo da Base Décima, relativa a ingresos derivados da prestación de servizos por vía da cooperación interadministrativa, será o convenio aprobado ao efecto o que estableza a posibilidade de realizar entregas a conta.

-“Base Decimosegunda.- liquidacións provisionais e definitiva”, que no apartado “Liquidación definitiva” a frase “*O importe das entregas a conta mensuais*” queda redactada “O importe das entregas a conta”.

Sendo a redacción completa dos textos a seguinte:

1º Base Terceira.- Contido e alcance da delegación, parte segunda:

“- Os concellos, a maiores, poderán delegar as seguintes competencias, sempre que a Deputación Provincial dispoña dos medios personais e materiais necesarios para asumilas, que aceptará unha vez incorporados os medios citados:

1.- As competencias que teñen atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

2.- As competencias que teñen atribuídas en materia de liquidación e recadación, en período voluntario e executivo, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, todos eles de vencemento periódico e xestión mediante padrón.

3.- As competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polos concellos en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida”.

2º.- BASE DÉCIMA.- Compensación económica

“Polo exercicio das funcións delegadas a Excma. Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

- a) O 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario.
- b) O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

Este réxime de compensación económica non se aplicará naqueles supostos de xestión e recadación de ingresos derivados da prestación de servizos por vía da cooperación interadministrativa, según o que se regule no convenio aprobado ao efecto”.

3º.- BASE DECIMOPRIMEIRA.- Entregas a conta

“A Deputación Provincial realizará entregas mensuais, sen custo para os concellos, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por padrón, que ha de recadar en cada exercicio, segundo as competencias delegadas.

O importe das entregas a conta calcularase sobre o 90% da recadación por padróns, do exercicio anterior, repartido en 12 mensualidades.

O importe da recadación do exercicio anterior sobre a que se realizará o cálculo do 90% poderase axustar en aqueles importes de liquidacións que modifiquen de forma certa o padrón do exercicio no que se realiza o anticipo.

No suposto de ingresos extraordinarios, efectivos e dun importe cuantitativamente significativo, despois da solicitude do concello, poderá realizarse unha entrega a conta da liquidación anual e definitiva, á que se refire a Base Decimosegunda, polo importe dos ingresos, unha vez descontada a compensación económica que proceda según a Base Décima.

No suposto a que se refire o párrafo segundo da Base Décima, relativa a ingresos derivados da prestación de servizos por vía da cooperación interadministrativa, será o convenio aprobado ao efecto o que estableza a posibilidade de realizar entregas a conta”.

4º.- Apartado segundo da BASE DECIMOSEGUNDA- Liquidacións provisionais e definitiva

LIQUIDACIÓN DEFINITIVA

“No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- O importe das entregas a conta.
- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao concello este poderá, no prazo dun mes alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual”.

Segundo: Establecer que esta reforma terá efectos a partir do día seguinte da súa completa publicación.

Terceiro: Publicar os acordos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia”.

A Comisión de Economía, Recadación e Facenda, por maioría, coa abstención do Sr. Deputado D. José Antonio García López, membro do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta proposta polo Grupo Provincial Popular, preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“Propónse engadir o seguinte texto á proposta de acordo, na Base décima (compensación económica):

Baixar no apartado a) o 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario ao 0%”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúde, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Hoxe traemos aquí a modificación das bases deste convenio que regula as competencias en materia de xestión, inspección e recadación dos concellos que a teñen delegado na Deputación.

É algo moi sinxelo no sentido de que precisamente o que se pretende é, modificando estes artigos que se definen na proposta, que os concellos poidan ver na súa liquidez o recadado a través de ingresos extraordinarios como poden ser os derivados da regularización catastral que se estivo producindo nos últimos anos.

Ata agora os concellos terían que esperar ata a liquidación definitiva que sería ó ano seguinte do que se recadan estes ingresos, e con esta modificación o que pretendemos é que aqueles concellos que así o estimen oportuno fagan a solicitude á Deputación e se lles poida pagar a recadación destes ingresos extraordinarios no exercicio no que se recadan. Polo tanto creo que é algo positivo para os concellos, e que non debería ter maior problema para a súa aprobación.

O Grupo Popular presentou agora unha emenda pola que pretende reducir do 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario ó 0%; eu acabo de ver agora esta emenda ó entrar no Pleno, e polo tanto, a pesares de que poida estar de acordo evidentemente non só como Deputada senón como Alcaldesa, creo que sería preciso que houbera algún informe sobre o que supón para a Deputación esta redución, e entendo que habería que ter outra proposta e tamén outro informe do Servizo que foi o que informou a proposta que traemos neste punto”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Prefería que antes o Grupo emendante explicara a súa proposta para intervir despois no seguinte turno”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Agradecemos sinceramente que se traia a Pleno este asunto porque é unha proposta que tamén parte de moitos Alcaldes do PP, era unha petición para que eses ingresos adicionais se puideran cobrar o antes posible, co cal estamos de acordo no fondo así como a ampliación do convenio que tamén foi unha petición reiterada por parte do Grupo Popular.

Tamén é verdade que nesta lexislatura é a quinta vez que veñen estas Bases a Pleno, recordemos que as catro primeiras foron no ano 2015, e quero facer un pouco de memoria porque creo que é importante para facer unha composición de lugar.

A primeira vez no Pleno de 28 de xullo do ano 2015, gobernando o Partido Popular na Deputación, tráese a Pleno unha proposta que o que pedía era deixar como inembargable a vivenda habitual; naquel Pleno o PSOE presentou unha emenda de substitución á totalidade da proposta solicitando precisamente o que pedimos hoxe, que era unha modificación do primeiro apartado da Base décima para que o custe cero fora aplicado a tódolos concellos, que a Deputación non tivera ningunha compensación pola xestión destes impostos. A verdade é que naquel momento o Partido Popular que estaba gobernando carecía dese estudo que se pide hoxe, e polo tanto non se aceptou aquela emenda de substitución e tanto o PSOE coma o BNG votaron en contra da proposta que faciamos de deixar a vivenda habitual como inembargable.

A continuación, unha segunda vez, no Pleno do 29 de setembro do ano 2015, preséntase unha nova proposta do Grupo Popular, que estaba no goberno aínda naquel momento, xa con tódolos informes favorables tanto do Servizo de Recadación como da propia Secretaría Xeral desta Deputación, propoñendo novamente aquilo que pedía o Grupo Socialista no mes de xullo que era o custe cero; curiosamente o Partido Socialista e o BNG, que tamén apoiaba o custe cero,

emendáronse a si mesmos e votaron en contra desta proposta, aínda que tódolos informes técnicos obraban no expediente.

A terceira vez foi no Pleno de 27 de outubro de 2015, xa co Grupo Popular na oposición, volvemos traer novamente a proposta do custe cero, e novamente foi votada en contra.

A cuarta vez, no Pleno de 29 de decembro de 2015, o Partido Socialista fai unha proposta practicamente igual en tódolos puntos que as que fixera previamente o Partido Popular, e simplemente que o custe cero non chega senón que se baixa do 3% que había previamente ó 1%. Pero naquel Pleno quero recordar que o Partido Socialista nos pedía o apoio a aquela proposta por prudencia e por responsabilidade, e pedíanos tamén un pouco de tempo en aras de lograr ese custe cero que era, e repito as palabras que a Deputada de economía dixo naquel Pleno: “que é o auténtico obxectivo cando a Institución cambiou a un goberno progresista”.

Naquel momento tamén argumentaba que o custe cero proposto polo PP non podía ser apoiado porque o Servizo de Recadación ía ter un custe engadido que estaba no Orzamento do ano 2016, como era o cambio de ubicación do Servizo de Recadación, así como a adquisición dun novo programa informático, naquel momento nos presupostos creo recordar que había consignados para o ano 2016 un millón de euros para ese traslado, e catrocentos vinte mil euros para un novo programa informático. A pesares de non aceptarse a proposta do Grupo Popular do custe cero, por responsabilidade facilitamos a súa aprobación porque supoñía unha inxección económica para os concellos baixar do 3% ó 1%, e confiamos na boa vontade e nese compromiso de acadar o custe cero nun breve espazo de tempo. Recordo que isto foi en decembro do ano 2015, por tanto pasaron xa tres anos.

E así chegamos ó día de hoxe, a quinta vez que ven esta proposta de modificación das Bases de Recadación a Pleno, e agradecendo novamente que se traía porque sempre é unha mellora para tódolos concellos, pero que podería mellorarse na procura dese custe cero; o custe está calculado porque xa en Plenos anteriores houbo informes, creo recordar que naquel momento se dicía que rondaba os trescentos mil euros o coste que suporía para a Deputación, e isto supón unha inxección directa nas arcas dos concellos, e veremos despois unha moción onde se pide

transparencia nos convenios da Xunta para que sexa de xeito igualitario, e isto si que é igualitario porque vai con criterios plenamente transparentes e eses cartos xa quedarían nas arcas dos concellos.

E agora que o Servizo de Recadación xa goza dunhas luxosas novas instalacións onde están moi cómodos facendo o seu traballo con plenas garantías, e con ese programa informático novo, cremos que é o momento de alo menos adicar esa pequena cantidade que suporía unha inxección directa ós concellos.

Por iso presentamos esta emenda de engádegas, cremos que se pode mellorar a proposta que fai o Goberno, propoñendo a modificación do apartado primeiro da Base décima, que é a mesma proposta que fixemos en decembro do ano 2015 e nos Plenos anteriores, que sería baixar en período voluntario do 1% ao 0%; poderíase manter, como xa defendemos tamén naquel Pleno, que en período executivo continuase no 75% entendendo que o custe é superior tamén para a Deputación, por tanto manter o apartado b) igual que está, pero baixar do 1% ó 0% sería un custe asumible para a Deputación, os informes están aí, xa estaban outros anos, e non creo que variara tanto a día de hoxe, e é algo que axudaría directamente a tódolos concellos da provincia”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Simplemente para anunciar o meu voto a favor”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Indicarlle neste caso ao ex delegado da área de economía, que por esta lexislatura xa pasamos tres, que presentaron moitas iniciativas, nalgún momento cre que estamos a falar da Ordenanza de Recadación, noutro destas bases, pero o que está claro é que falan sempre da baixada, e xa lles digo que eu sen dúbida estou de acordo porque evidentemente é beneficioso para tódolos concellos, e antes ca ninguén débome neste caso ós veciños do meu concello de Trabada; pero cando chegou o goberno do PSOE por primeira vez a esta Casa recórdolles que eses xuros

estaban no 6% e que agora están no 1%, e todas esas baixas precisamente fixéronse da man de gobernos socialistas.

Polo tanto poden traer este tema as veces que estimen oportuno, pero hoxe tamén os que traemos esta modificación para beneficiar ós concellos somos nós, que é certo que Alcaldes de distintas cores políticas, porque evidentemente todos temos os mesmos problemas nos nosos concellos, estamos de acordo con esta medida e estaremos tamén todos de acordo en que se reduza ó 0%. Se ben, transmitindo que falo en nome do Grupo Socialista, estamos de acordo en que se reduza a ese 0%, o que me gustaría era ter a proposta e os informes do Servizo para aplicar ese 0% e comprometémonos a traelo ó vindeiro Pleno tendo en conta esa baixa que vostedes propoñen; pero agora paréceme que é algo atrevido e ademáis presentado á última hora sen ter ningún dato máis para poder decidir se é viable ou non, entendo que debería quedar enriba da mesa e traelo para o vindeiro Pleno para, na medida do posible porque todos estamos de acordo, intentar que se reduzan unha vez máis eses xuros que lles estamos a cobrar ós concellos que teñen a delegación da recadación feita na Deputación”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Parece que hai acordo por ambas partes, e confiando en que se traia para o próximo Pleno porque para nós é interesante a proposta que se fai dende o Grupo Popular, como interesantes e positivas foron as propostas e rebaixas que se fixeron para os concellos da provincia, aínda que non para todos senón para os que teñen a recadación delegada na Deputación porque hai concellos que non a teñen delegada e para eses non é beneficioso”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Agradecendo as palabras da Deputada de Economía, confiemos entón que para o próximo Pleno se traia, somos responsables e tamén entendemos que hai que ter un estudo de custes actualizado, por tanto confiando nesa responsabilidade e nesa promesa apoiaremos a

proposta porque o que vai nesa proposta tamén é o que pedían tódolos Alcaldes do Partido Popular, unha proposta que tamén estimamos positiva dende o noso Grupo como xa fixemos público en varias ocasións; por tanto, estimando que para o próximo Pleno se traia esa proposta de baixa ó 0%, apoiaremos a proposta e confiemos en que saia adiante.

E tamén dicir que o do cambio de ubicación do Servizo de Recadación era unha ironía, espero que polo ben do Servizo e de tódolos traballadores que desempeñan alí o seu grande traballo en breve prazo se solucione o problema que veñen arrastrando dende hai anos de ter unhas instalacións pouco acordes coa calidade e cantidade do traballo que alí se fai, e que poidan disfrutar dun espazo para traballar en comodidade como se merece o servizo”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“Agradecer que apoien esta proposta e que sexan tamén xenerosos no tempo, e para o mes que ven confíen en nós porque a imos traer.

E con respecto aos traballadores do Servizo de Recadación, precisamente eu creo que nos últimos tempos se está dotando de máis medios persoais a este Servizo que é fundamental para a Deputación e para os concellos da provincia, e polo tanto para os nosos veciños, e como saben tamén se está executando agora un proxecto de rehabilitación no Fogar de Santa María precisamente para que poidan traballar de xeito máis axeitado e nun lugar máis cómodo. Polo tanto nese sentido a medida que avanza a lexislatura tamén imos dando pasos para facer cumprir os nosos obxectivos”.

Intervén o Sr. Presidente para dicir o seguinte:

“Entendo que falan de deixalo sobre a mesa para o seguinte Pleno. E segundo o novo Regulamento que está en vigor entendo que hai que votar esa proposta de deixalo sobre a mesa. Por tanto imos proceder á votación para que o asunto quede sobre a mesa”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda deixar o asunto sobre a mesa.

--00000--

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE CUMpra CO ESTABLECIDO NA LEI 13/2008, DO 3 DE DECEMBRO, DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda di: Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que cumpra co establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia

Exposición de Motivos

O artigo 21. Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduce na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, un novo artigo 64 bis, o cal entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2018, co seguinte texto:

«Artigo 64 bis. Promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais.

1. De acordo co establecido no artigo anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela ou as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

2. Os convenios aos que se refire o número anterior poderán ter por obxecto, en particular, a cesión de bens ás entidades locais con destino á prestación por parte destas últimas de servizos sociais mediante centros de día e residencias, ou a cofinanciación de centros de día e residencias nas condicións que neles establézanse. Os convenios recollerán os termos da dispoñibilidade ou achega de medios humanos, técnicos ou financeiros e, no seu caso, das instalacións dos centros que en cada caso procedan para cumprir cos principios establecidos nesta disposición.

3. Conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 desta lei, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica, polo que para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán esixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación.»

Revisado o grao de cumprimento desta Lei e en concreto deste artigo, podemos comprobar que a Xunta o está a icumprir. Esta situación supón que recaia a responsabilidade no resto de administracións públicas implicadas na materia, como é o caso da Deputación de Lugo na nosa provincia.

Dende o Partido Socialista consideramos que a Xunta de Galicia debe ser consecuente coa lexislación vixente e polo tanto cumprila con urxencia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia a que cumpra co establecido no artigo 64 bis da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“O Partido Socialista propoñemos hoxe no Pleno desta Corporación que nos pronunciemos a favor de algo tan sinxelo como que a Xunta de Galicia cumpra cunha Lei que saca a colación cada vez que quere xustificar non facer algo pero que lle recolle uns imperativos que non está desenvolvendo.

O un de xaneiro deste mesmo ano 2018, despois da modificación da Lei de Servizos Sociais de Galicia, entra en vigor o artigo 64 bis que fala da promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión, e o mantemento dos servizos sociais.

Neste artigo sinálase que: “.. a administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela ou as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta ós servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

Os convenios ós que se refire o parágrafo anterior poderán ter por obxecto, en particular, a cesión de bens ás entidades locais, ou a cofinanciación de centros de día e residencias nas condicións que neles se establezan”.

A parte doutras disposicións que veñen a reiterarse no mesmo, o que ven dicir este artigo, o 64 bis da Lei de Servizos Sociais de Galicia, aprobada tamén polo Partido Popular, é que a Xunta de Galicia ten a obriga de promover convenios entre entes propios ou as administracións locais, dígase os concellos ou as deputacións, para prestar un servizo con calidade e cunha cobertura equilibrada no territorio así como outros criterios, sobre todo en servizos sociais comunitarios, que veñen sendo as residencias da terceira idade ou os centros de día.

Todos sabemos que a Xunta de Galicia non estaba a facer iso, e utilizaba a escusa de que non tiña un marco legal, iso o Presidente da Xunta, Sr. Feijóo, díxollo ó Presidente da Deputación en persoa, para asinar un convenio coa Deputación ou cun concello para cofinanciar ou para colaborar na apertura dunha residencia dun concello ou dunha Deputación. Pero agora non é só que teña o marco legal senón que ten a obriga que se recolle e se desenvolve neste artigo 64 bis da lei de Servizos Sociais de Galicia.

Polo tanto espero que isto se cumpra, é obrigado para o Partido Socialista que leva anos reclamando que isto se materialice e que sexa así. Pero é así dun xeito moi importante na provincia de Lugo, a provincia que ten a porcentaxe menor de prazas públicas fronte a privadas de todo Galicia; é así nunha provincia na que seiscentas e pico prazas das que hai son públicas da Xunta de Galicia, pero hai preto de dúas mil setecentas que veñen sendo da iniciativa privada; pero é así tamén nunha provincia na que, moi importante, a maior parte do territorio non conta con prazas públicas pero si, a través dos concellos ou da propia Deputación, se está despregando unha rede de centros que dá esa cobertura equilibrada e que pode dar ese servizo de calidade ó longo e ancho do territorio.

E isto non o dicimos nós, hoxe estámo-lo transmitindo aquí pero isto díó un informe do Consello de Contas que ven de ser público e coñecido neste ano 2018. Pero dicímolo nunha situación na que os tempos de resolución da solicitude do demandante que reclama que se lle

recoñeza unha prestación triplican os máximos legais establecidos pola propia Lei de Servizos Sociais de Galicia, e ímonos a máis dun ano practicamente, catrocentos e pico días, para resolver o expediente fronte ós cento oitenta e dous días que recolle a Lei, e ímonos a máis de noventa días para a incorporación ó servizo fronte a eses trinta días de prazo que recolle a propia Lei de Servizos Sociais de Galicia.

Polo tanto creo que a nosa proposta de acordo, que ven sendo ben sinxela e que debería ser fácil de asumir por calquera Administración, é de instar á Xunta de Galicia a que cumpra co establecido no artigo 64 bis da Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, porque estou seguro de que imos contar co apoio do resto de Grupos da Corporación para pedirlle á Xunta de Galicia algo tan sinxelo como que cumpra coas súas obrigas.

Por iso, pero porque tamén hai un informe do Consello de Contas que lle está dicindo cousas bastante importantes e relevantes sobre o que está a pasar na atención ás nosas persoas maiores na Comunidade Autónoma de Galicia, e que xa non digo que dea para avergoñarse pero alo menos deberíalle dar ós responsables da Xunta para reflexionar e actuar para corrixir esas irregularidades que se teñen detectado.

Polo tanto, porque somos a provincia que menos porcentaxe de prazas de residencia pública ten respecto das outras de Galicia; porque somos unha provincia na que se está despregando unha importante rede de recursos a través das Administracións Locais, concellos e Deputación Provincial, para prestar un servizo equilibrado e de calidade en todo o territorio da provincia; e porque a propia Lei de Servizos Sociais da Xunta de Galicia o di, pedimos algo tan sinxelo como que quen manda na Xunta de Galicia cumpra as súas propias Leis”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Santos, esa seguridade que ten vostede de que todos estaremos de acordo en que queremos que as Institucións cumpran a Lei evidentemente é así, pero tampouco teña tan seguro que lle imos votar a favor xa non porque non queiramos dende este Grupo que se cumpra a Lei,

porque iso é o primeiro que temos moi claro en tódalas actuacións que realizamos, senón porque é algo que se está a facer, o artigo 64 bis da Lei de Servizos Sociais de Galicia que cita vostede na moción está a cumprirse por parte da Xunta, e está máis que probado se temos en conta as actuacións realizadas pola Consellería de Política Social non só nos últimos meses senón incluso antes da modificación da Lei de Servizos Sociais que creou este citado artigo.

Como ben di ese artigo deste precepto legal a Xunta promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración coas entidades locais para a creación, xestión, e mantemento dos servizos sociais; pero para esa colaboración a Lei establece dúas posibilidades: a colaboración directa pola Xunta de Galicia cos entes locais a través da Consellería de Política Social ou a colaboración a través dalgunha das entidades instrumentais do sector público autonómico, como por exemplo o Consorcio Galego de Servizos Sociais de Igualdade e Benestar.

Así, xa saben que dende hai máis de dez anos os convenios de colaboración coas entidades locais para a xestión de servizos sociais realízanse a través do Consorcio, é unha fórmula xurídica creada para unha xestión moderna e innovadora dos servizos sociais en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia de Igualdade e os douscentos sesenta e sete concellos galegos dende o ano 2006.

Esta colaboración lévase a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin como son por exemplo as fórmulas de cooperación interadministrativa nas que o Consorcio, mediante a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos, cumpre a misión de dirección, avaliación, control e xestión dos servizos sociais no eido local co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia, e garantir o acceso en condicións de igualdade a tódolos galegos e galegas, en Lugo tamén.

Nese senso podemos falar dun cumprimento que nós dende este Grupo consideramos exemplar, un cumprimento de colaboración, incluso en tempos de vacas fracas no que se multiplicaron por dous os servizos, as prestacións, e as atencións ás persoas en materia de servizos sociais.

Podemos falar tamén da colaboración directa, o cumprimento da Lei nunha aposta decidida por apoiar ós concellos na prestación dos servizos sociais comunitarios, como foi o recente incremento na partida orzamentaria para a contratación de persoal técnico de servizos sociais dentro do marco do plan concertado que ven beneficiar de xeito directo a máis de corenta concellos; ou podemos falar do cumprimento da Lei facendo referencia tamén ó incremento de servizos e de prestacións do sistema para a autonomía e para a atención á dependencia, entre os que se atopan os servizos de promoción de autonomía, servizos de atención residencial dos que fala vostede, tamén servizo de axuda no fogar no que se incrementaron prazas e novos centros de residencia, centros de día, prestación en horas de servizo de axuda no fogar, centros de atención á infancia.

Por tanto, Sr. Santos, a Xunta cumpre a Lei, así é que se multiplicaron por dous os fondos públicos para a prestación dos servizos sociais dende o ano 2009. Na provincia de Lugo a Xunta puxo en marcha medio millar de prazas de atención ós maiores, é dicir un 40% máis do que había cando vostedes saíron do Goberno galego.

A partida orzamentaria da Xunta destinada ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade, incrementouse en 29 millóns de euros ata acadar os 414 para o ano 2018, pasando de prestar atención a 15.000 persoas que había atendidas no ano 2009 a 55.000 na actualidade, eu penso que se está cumprindo coa Lei. Este incremento de prestación de servizos polo tanto faise con arreglo á Lei, mediante xestión propia ou mediante concertos; podemos falar por exemplo de prazas públicas de residencia, prazas sostidas con fondos públicos, cun incremento pasando de 5.700 a 7.800 na actualidade, e a previsión de chegar a superar os 8.000 dende que finalice o ano. É dicir que a Xunta de Galicia cumpre a Lei.

Incluso poderíamos falar dese 1,5 millóns de horas para o SAF que se acaba de incrementar, ou podemos falar de pasar de 35 centros de día ata 70 na actualidade. E referíndome precisamente ó SAF e xa que falaba vostede de pedir a outras Institucións que cumpran a Lei, hai que recordarlle a este goberno que tamén había un artigo na Lei que ignoraron durante moito tempo, o artigo 63, que indicaba que as Deputacións tiñan unha competencia moi clara que era o apoio ós concellos no financiamento do SAF básico, un apoio maioritario que non se deu nesta

Deputación ata que chegou ó goberno o Partido Popular e se incrementou esa aposta para que o apoio ó servizo de axuda no fogar dende a Deputación fose maioritario”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir que reserva a súa intervención para o segundo turno.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Para anticipar xa o apoio a esta proposta, como dicía o Voceiro do Grupo Socialista que agardaba que tivera garantido o apoio desta Corporación, pola nosa banda dende logo que si. A de Lugo é unha provincia deficitaria en materia de servizos sociais, e nos últimos anos xa vimos que se non é polas administracións locais, ou pola administración das administracións locais, moitos servizos sociais estarían sen dar, non só no caso das residencias senón en moitos outros.

Insístese moito tanto por quen presenta a moción como por parte do Grupo Popular no cumprimento da Lei, as Leis modifícanse, as Leis fanas os lexisladores, apróbanas os Deputados no Parlamento, e as Leis non son boas simplemente porque sexan Leis e haxa que cumprilas, unha Lei hai que apoiala se é boa para a cidadanía, se a través desa lei se conseguen servizos para os cidadáns, e senón haberá que modificalas; se nos quedamos no debate de se un cumpre a Lei e outro non a cumpre pouco avanzaríamos, e moitas leis a nivel de servizos sociais dende logo que as hai que modificar para que non ocorra o que pasa moitas veces, e vímolos nos últimos anos, en qué derivan os servizos sociais, derivan cara á súa privatización, e iso cámbiase con leis; se nos limitamos única e exclusivamente a cumprir a Lei ó mellor non nos deixa ver o problema de fondo; e se un servizo está privatizado, sobre todo en temas sanitarios e de servizos sociais, a eficiencia non vai ser a mesma ca se o servizo é público, e pode ser que ese dereito universal deixe de selo. Polo tanto menos liarse no de se se cumpre ou non se cumpre a Lei.

Isto é o que quería dicir na miña primeira intervención, e repito que o noso voto vai ser favorable, e incidir en onde está o verdadeiro problema desta provincia, somos deficitarios en materia de servizos sociais; e un dato, Feijóo cando entrou no ano 2009, e está recollido nas

hemerotecas, dixo que xa no primeiro mandato ía dispoñer que tódolos concellos que tiveran como mínimo 1.500 habitantes terían un centro de día, o meu concello de Barreiros ten dous mil novecentos cincuenta habitantes e aínda seguimos esperando polo centro de día, polo tanto Feijóo mentiunos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Voulles ler exactamente o que di o informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes do Consello de Contas de Galicia aprobado o día 30 de maio deste ano 2018, sobre o que supoño que non caberán dúbidas da súa veracidade, non o dí Alvaro Santos, simplemente o traslada para que todos o poidan coñecer:

“Unha oferta de prazas residenciais integrada por un total de 19.271 prazas das cales 6.746 están ofertadas e financiadas pola Xunta de Galicia a través do sistema para a autonomía e atención a dependencia, mentres que as restantes 12.525 son ofertadas e xestionadas por entidades de carácter privado, o que supón que un 65% das prazas existentes da Comunidade Autónoma son de oferta privada.

En canto ós tempos medios de tramitación estes oscilan entre os 145 días de 2007 ós 453 días, constituíndo este o dato máis elevado do período analizado, excepto no primeiro exercicio”.

Lembrar que o prazo para a resolución da prestación é de 180 días como máximo, e o Consello de Contas nos está advertindo que oscila entre 145 días no ano 2007 e 453 días que duplican abundantemente ese prazo.

“Con todo, a provincia de Ourense é a que conta cun maior número de centros residenciais, pola maior incidencia da iniciativa pública e social nesta provincia, seguida de A Coruña, mentres que Lugo é a provincia con menos centros residenciais”, dí o Consello de Contas.

“En 53 Actas constan incidencias relativas ó persoal, o que representa unha porcentaxe superior ao 40% do total das actas. Estas actuacións diríxense ao persoal de atención directa, tanto xerocultor como sanitario. Así, en 26 actas especificase que o día da visita ó centro residencial o número de persoas de atención directa que traballaban ese día no centro non cumpre coa ratio mínima de 0,35 por usuario establecida para os centros destinados a persoas dependentes na Orde do 18 de abril de 1996, que desenvolve o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo á regulación e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. En 14 actas constan incumprimentos sobre a plantilla ofertada, o que nalgúns supostos implica un incumprimento da ratio mínima de persoal de atención directa.

E unha porcentaxe en canto a instalacións e equipamentos superior ó 46% do total das actas constan deficiencias neste aspecto”.

Isto dío o Consello de Contas, eu só estou lendo.

“Falta de control, as plantillas que constan no RUEPSS non coinciden en número de efectivos coa plantilla ofertada para a contratación, apreciándose valores inferiores”; é dicir non é a mesma a plantilla que oferta ca que hai nos centros e que consta precisamente no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.

“Advírtese a contratación de prazas públicas nun mesmo centro con diferentes ratios de persoal de atención directa, con diferentes prezos praza-día e con diferentes prezos de praza reservada non vacante”.

Algunha sen embargo, di textualmente,”.. apreciuse que a pesares de que os centros non corrixiron as irregularidades observadas, a inspección non propuxo a iniciación de expedientes sancionadores”, é dicir conta co coñecemento das irregularidades e polo tanto coa complicidade de que se manteñan ó non resolvelos nin tan sequera iniciar expedientes sancionadores ó abeiro do contrato.

Por outra parte “.. a redución dos gastos de persoal foi posible pola non cobertura das vacacións, licenzas, e permisos recoñecidos ó persoal laboral da Xunta de Galicia, ausencias por baixas médicas xa que con carácter xeral se substitúen só cando son de media ou longa duración..”.

Tamén nos di que: “.. o custe praza-día das prazas residenciais xestionadas de forma indirecta así como tamén das prazas reservadas non vacantes mostra importantes diferenzas entre centros, sen que estas se poidan atribuír á forma de adxudicación ou ó réxime de xestión elixido, concerto ou concesión”.

Quedan só dúas puntualizacións: “.. non consta que a Administración, á marxe das actuacións da Inspección de Servizos, efectuara unha supervisión da correcta prestación do servizo a través da figura do responsable do contrato. A administración tampouco verifica que o contratista cumpra tódalas obrigas de carácter social e tributario en relación cos traballadores. A Administraicón realiza o pago da factura sen supervisar ese cumprimento..”.

Para rematar, “..o prazo medio de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencia é de 453 días”, máis dos 180 que recolle a lei para o recoñecemento,”.. o tempo de espera ata conseguir o ingreso no centro residencial é de 154 días, moi superior ós noventa días estipulado pola normativa aplicable”.

E din que cumpre a Lei, pois o informe do Consello de Contas estalles dicindo que non; estamos pedindo que a cumbran, que atendan ó Informe do Consello de Contas, é moi sinxelo, está dito neste Informe non o digo eu, e pódollo pasar a vostedes ou a quen consideren porque é un documento dos que non publicita a Xunta de Galicia, como outros que coñecemos recentemente, pero que existen e que poñen en evidencia esta realidade que está pasando na provincia de Lugo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“En canto ó que manifestou o Sr. Veiga, esas administracións locais que dicía vostede que asumiron os servizos sociais son as mesmas ás que vostedes, que eran os encargados da área de

benestar, non apoiaron de forma maioritaria como dicía e segue dicindo a Lei no artigo 63, ese apoio maioritario ó servizo de axuda no fogar que veu dar este Grupo unha vez que estivo no goberno; ou por exemplo o apoio para a prestación do servizo de teleasistencia, un servizo que estivo paralizado durante dez anos, vostedes estiveron aí, e que non se deu ata que este Grupo estivo no goberno e axudouse ós concellos para que eles non tiveran que asumir ningún custe para ese servizo. Polo tanto leccións en materia de servizos sociais a min non mas veña dar.

Con respecto ó que di o Sr. Santos, eu considero que o problema que está plantexando non ten un calado de que se cumpra ou non se cumpra a lei senón de que se cumpran, que é o que queren vostedes, os caprichos dun goberno que está a dar bandazos e que non ten capacidade de xestión, e o que quere é que esa falla de capacidade de xestión a veña suplir a Xunta de Galicia escudándose en que o que piden é que se cumpra a Lei. A Lei está a cumprirse e está máis que probado polas actuacións realizadas pola Consellería de Política Social cos datos e cos argumentos que lle dei.

Como digo, este é un asunto que ten un calado diferente ó que vostede está a plantexar, trátase máis ben dun problema dun goberno desta Deputación que non ten un rumbo claro, que onde dixo digo di diego, que carece de capacidade de xestión en canto á prestación de servizos sociais. Vostedes pensaron no seu día en construír residencias, pedían concerto de prazas á Xunta de Galicia e despois criticaban que non se lles concertaran, despois non lles valía o modelo de concerto porque vostedes tiñan en mente xa un modelo de xestión no que dicían que querían que esas prazas de residencia foran para os veciños dos concellos, e a Xunta de Galicia se concerta prazas é para tódolos galegos e galegas, non lles servía ese modelo; despois o Presidente desta Deputación en reunión co Presidente da Xunta pedía un convenio entre a Xunta de Galicia e a Deputación no que se lle asignaran seiscentos euros por praza, unha asignación que ó meu entender se salta a Lei porque sería a asignación a dedo, cando sabemos o procedemento que esixe a Lei que é que os concertos de prazas de atención residencial se realizan mediante procedementos de licitación que están suxeitos ós principios de liberdade de acceso ás licitacións, á publicidade, á transparencia, á non discriminación e á igualdade de trato entre os licitadores, sexan entidades privadas ou do sector público. Pero parece que a vostedes isto non lles vai ó pelo é polo tanto piden o cumprimento da Lei.

Entonces ó mellor creo que erran nisto que piden nesta moción, e deberían pedir un artigo novo dentro da Lei, o artigo 64 tercer se queren así, que se adapte ás necesidades particulares desta Deputación para así poder dar resposta a unha crise de xestión que ten esta Institución, que o goberno socialista creou e agora non sabe como saír dela; unha crise de xestión que vostede sabe que está a prexudicar ó conxunto da provincia, ós concellos e ós veciños e ás veciñas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Como poderán comprender o meu nivel de pasmo, perplexidade, asombro, e estupefacción, desta lexislatura está saturado. Tamén a falla de vergoña dalgúns voceiros que nun acto máis de cinismo, mentindo, terxiversando, e manipulando, non teñen opción, se non tivera sacado o Sr. Santos a bailar as residencias probablemente o voto sería outro, pero que saque aquí a bailar as residencias da Xunta de Galicia, que probablemente ten razón, cando vostedes levan boicoteando as residencias desta Institución oito meses, o único que fixeron foi de momento foi romper as pechaduras, esa é a súa actividade, como poden ter a cara de chamarlle a atención a ninguén; porque se as residencias desta Institución estiveran abertas obviamente tería vostede toda a razón, pero como están pechadas por culpa de vostedes por moito que traten de utilizar eses oito millóns de euros que teñen para propaganda, que son máis cartos cós que se adican a estradas habitualmente. Pero para iso lles vale, para promocionar, mentir, manipular, e promocionar a figura do secretario xeral que non do Presidente da Deputación.

Por tanto, abran as residencias desta Institución, aproben, porque hoxe van ter unha oportunidade, o regulamento e o prezo público, mentres tanto, dende o meu punto de vista, e persoalmente moi subxectivo, non teñen autoridade moral para falar de servizos sociais nin de nada”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Simplemente para aclarar algo que dixo a Sra. Teijeiro, a teleasistencia domiciliaria non estivo paralizada no tempo que o Bloque Nacionalista Galego tivo a responsabilidade nesta Institución dos servizos sociais, e non hai máis ca ir ás actas.

E un dato que lle esqueceu á Sra. Teijeiro é que o Goberno do Estado dirixido por Mariano Rajoy, creo que foi no 2012 ou 2013, dixo que as administracións locais eran as que se tiñan que facer cargo da teleasistencia domiciliaria cando antes era o Ministerio de Asuntos Sociais, un paquetiño máis que lle empaketou ás Deputacións e ós concellos, e nós falámolo con concellos de tódalas cores políticas nunha asemblea celebrada nesta Deputación e todos estiveron de acordo en que unha porcentaxe a pagaría a Deputación e outra os concellos.

Efectivamente vostedes estiveron tres ou catro meses e pagaron todo; tamén vostedes teñen responsabilidades en asuntos sociais, as máximas responsabilidades agora mesmo, no Goberno da Xunta, e nunca se pararon a concretar o tema da teleasistencia domiciliaria, porque hai teleasistencia domiciliaria da Cruz Vermella, da Deputación, e da Xunta, cando iso tiña que ser un servizo único dende os servizos sociais da Xunta de Galicia.

E o que si é certo é que o meu concello segue sen centro de día, igual ca moitísimos máis concellos, o de Outeiro de Rei tamén; entón eu volvo dicir que Feijóo nos mentiu no 2009, e eu ata non sei que criterio segue porque o da cor política dos concellos xa o dubido, ó mellor o Alcalde de Barreiros non é amigo, o Alcalde de Outeiro ó mellor non é amigo de Feijóo e por iso non o fai, hai outros do PP onde si que llo poñen. Pero sabe a quen considera o Sr. Feijóo inimigos?, a tódolos veciños e veciñas de Lugo, porque onde menos centros de día fixo foi na provincia de Lugo, todo vai para o eixo Santiago-Coruña-Vigo-Ferrol, e non me cansarei de repetilo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Que breve é a memoria en política!, a Ordenanza da teleasistencia veuse aprobando gobernando o Partido Socialista esta Institución, que atrevida é a omisión por parte do Partido

Popular!; dígame vostede se sabe dalgún convenio asinado na provincia de Lugo para unha soa praza de residencia pública ó abeiro do artigo 64 bis, artigo por certo que lles recomendo ler a todos, sobre todo ós que forman parte do Consello de Administración da entidade Suplusa, por certo dirixida hoxe plenamente polo Partido Popular porque ten cinco dos nove conselleiros, cunha maioría absoluta que debería ter folgura suficiente para facer o que considerase.

E se len este artigo, no propio artigo lles explican cal é o camiño para abrir as residencias da Deputación, polo tanto non é só que o obvie a Xunta de Galicia, parece ser que é un artigo que obvia concienciadamente o Partido Popular alá onde traballa e onde opera; porque se a Xunta cumprixe a Lei estaríamos noutra situación na provincia de Lugo coas prazas de residencias, pero se o Partido Popular observase e respectase a Lei seguramente non estaría utilizando Suplusa para obstruír que abrisen as prazas polo procedemento e co regulamento que deben abrir.

Mentres tanto o triple de prazo para acceder a un servizo público ca ninguén; 2582 prazas privadas fronte ás 662 públicas, na provincia de Lugo, 1.097 en xestión indirecta, é dicir a través de terceiros, e 402 a través de xestión directa, practicamente o triple cedidas a terceiros; 837 concertadas co sector privado e 402 a través da xestión directa, pero outras 260 a través da concesión de servizos; en residencias, nos centros de día 60 da Xunta, 364 do Consorcio, 647 privadas, e 212 da Administración local que supe.

Moi importante, tamén o di o Consello de Contas non o di Alvaro Santos, 10.155.000 euros se van dos fondos da Xunta de Galicia ás residencias privadas da provincia de Lugo, dez millóns cento cincuenta e cinco mil euros de todos que van ás mans duns poucos. 20,5% de residencias de prazas públicas na provincia de Lugo”.

Neste momento intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez, no seguinte sentido:

“Sr. Presidente, pregaríalle que controle os tempos porque un minuto xa vai bastante longo, está ben que axude ó goberno pero cumpra o máxmo posible o tempo”.

O Sr. Presidente maniféstalle ó Sr. Santo Ramos que debe ir rematando a súa intervención, e ó Sr. Martínez Núñez indícalle que debe intervir cando lle toque”.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Está todo dito, e para quen quixo e puido entendeuno, aínda que non lle guste escoitalo”.

Rematado o debate, o Sr. Presidente anuncia que se vai someter a votación a moción presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e polo Sr. Deputado non adscrito). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE APLIQUE CRITERIOS OBXECTIVOS NA DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda di: Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que aplique criterios obxectivos na distribución orzamentaria.

Exposición de Motivos

Grazas ao marco normativo actual en canto a transparencia e bo goberno das administracións públicas, os cidadáns podemos coñecer de primeira man como se xestionan os fondos públicos.

Na nosa Comunidade, reina a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a cal, regula os procedementos normativos de acceso á información administrativa, como por exemplo os convenios.

Máis concretamente, e precedente a esta Lei, o bipartito sacou adiante o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Este rexistro permite acceder, ben no Diario Oficial de Galicia ou ben nunha páxina web específica, aos convenios que a Xunta de Galicia asina con entidades públicas e privadas en cada cuadrimestre.

Grazas ao sistema informatizado, ponse en evidencia o xeito de actuar do goberno do Partido Popular na nosa comunidade, asinando maioritariamente convenios con concellos do seu mesmo cor político e deixando as migallas para os outros e polo tanto, establecendo un sistema de discriminación financeira que perxudica a unha importante parte da poboación galega.

É preciso salientar, que o portal web de consulta exclusiva dos convenios asinados pola Xunta presenta importantes carencias de búsqueda pormenorizada para poder atopar consultas máis concretas, así como tamén, un desfase de actualización importante con respecto aos datos de cada cuadrimestre.

Dende o Partido Socialista, consideramos que os fondos públicos débense de repartir en base a criterios obxectivos que aseguren unha distribución equilibrada en función das condicións socioeconómicas actuais do noso país. Asemade, que os recursos tecnolóxicos que se poñen a

disposición dos cidadáns deben ser máis áxiles e concisos proporcionando información actualizada nos prazos establecidos.

Por todo o exposto, e instando ao Goberno da Xunta de Galicia, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno os seguintes acordos:

1º.- Que estableza uns criterios de reparto de fondos en base a criterios obxectivos que atendan á situación socioeconómica actual de Galicia, en prol de evitar o reparto clientelar actual.

2º.- Que mellore o portal web de acceso á información sobre os convenios asinados favorecendo a súa axilidade en prol dunha búsqueda avanzada máis eficaz”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Supoño que neste punto tamén haberá a quen non lle guste o que se ven poñer enriba da mesa, eu creo que a proposta é o suficientemente clara, tense feito en máis ocasións, pedimos que se establezan uns criterios de reparto de fondos en base a criterios obxectivos que atendan á situación socioeconómica actual de Galicia. Hoxe volvemos demostrar así e a denunciar o reparto caciquil e clientelar que de boa parte dos fondos públicos de tódolos cidadáns na Xunta de Galicia fai o Partido Popular.

Nos pasados días, o 12 de setembro de 2018, publicábase na web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a listaxe de municipios beneficiados das axudas dun total de 4 millóns de euros para a mellora de infraestruturas e equipamentos nos 313 concellos de Galicia, ós que por certo se se repartisen dun xeito lineal lles tocarían 12.800 euros aproximadamente por concello, unha cantidade impresionante.

A listaxe de beneficiarios que o Partido Popular na Xunta de Galicia publica só nun recunchiño da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, non se publicou no DOGA, e tampouco en ningún lugar publicou nin o número de solicitudes realizadas nin as que foron

denegadas, algo totalmente lóxico e normal nun proceso público e transparente, outro asunto máis que tampouco practica o Partido Popular alí onde goberna.

Dos 67 concellos da provincia só seis resultaron beneficiados, e como xa nos temiamos e denunciámos unha vez que vimos as bases desta convocatoria claramente feitas á medida do Partido Popular, así como a excesiva premura coa que tamén o Partido Popular abriu o prazo de solicitude, dun día para outro e ata durante unha fin de semana, dos só seis concellos beneficiados na nosa provincia cinco deles están gobernados polo Partido Popular, e eses cinco concellos reciben o 83% dos fondos para a provincia de Lugo desa liña de axudas de catro millóns de euros.

Polo tanto 1,4 millóns de euros repartidos entre cinco concellos do Partido Popular dos 1,6 millóns de euros que recibiu a provincia de Lugo. Supoño que lles explicarían vostedes ós outros Alcaldes do Partido Popular porqué quedaron fóra, iso xa non é cuestión miña, pero o certo é que destes cinco concellos representan un número de veciños moi inferior ós noventa e dous mil que representan o resto só dos que gobernan o Partido Popular; só un concello da provincia gobernado por outro Partido Político que non sexa o PP dos trinta e catro que hai en Lugo e nos que viven máis de 220.000 lucenses que representan o 68% do total de veciños da nosa provincia, recibiu esta axuda.

Polo tanto dos 67 concellos da provincia a Xunta só concede axudas a seis, dos cales cinco están gobernados polo Partido Popular que reciben o 83% dos fondos totais para a provincia, e só un por outra formación política. Ese Partido Popular non só esquece a outros noventa e dous mil veciños gobernados en 28 concellos polo Partido Popular senón que directamente discrimina ó 68% do resto da poboación de Lugo, máis de 220.000 lucenses, de 33 concellos nos que non goberna o Partido Popular.

E como dicía, xa nos temiamos este reparto caciquil e clientelar de fondos públicos ó que xa nos ten acostumados o Partido Popular alí onde goberna; claramente fixo un proceso á súa medida; e digo isto por varios motivos, porque o PP xa apuntou nas bases que as solicitudes só se atenderían por orde de entrada ata esgotarse o crédito dispoñible, e que estas tiñan que facerse a través de Internet mediante a sé electrónica.

E en segundo lugar, sen dúbida o máis delatador, porque o Partido Popular publicou as bases no DOGA un venres e abriu o prazo de solicitude practicamente ó día seguinte á media noite entre o sábado e o domingo; é dicir que os concellos, despois da publicación no DOGA, se viron obrigados o propio venres a facer un cambio e un modelo de xestión incompatible con respecto dos horarios dos traballadores municipais, en moitos casos foron os Alcaldes mesmos quen tramitaron esas solicitudes e quen prepararon os expedientes, pois tiveron que elaborar as súas propostas e ata en moitos casos a memoria dos proxectos, traballo practicamente imposible se non ven feito de atrás. Ademais, como dicía, exclusivamente se impuxo facelo por sé electrónica, e os concellos tiñan que ter persoal público traballando nos consistorios na madrugada da fin de semana.

Os feitos son evidentes, o Partido Popular, o Sr. Feijóo, fixo unha convocatoria de subvencións á súa medida para repartir entre uns poucos concellos nos que goberna, cinco na provincia de Lugo, fondos públicos de tódolos cidadáns. Pero este reparto e estas prácticas que leva a cabo o PP na Xunta de Galicia non só son evidentes nesta última convocatoria de subvencións públicas a concellos, tamén o son na libre sinatura de convenios.

No ano 2006, sen o Partido Popular no goberno, co bipartito aprobouse un Decreto mediante o cal a Xunta de Galicia quedou obrigada a publicar na súa páxina web o chamado rexistro de convenios para que tódolos cidadáns puidesemos coñecer a información sobre os convenios asinados, partes asinantes, obxecto, contía, e demais; a día de hoxe no rexistro de convenios só figura información sobre o ano 2017, non hai información deste ano; e sobre o 2017 constatamos que o goberno do PP na Xunta de Galicia asinou convenios con 39 concellos da provincia, destes vinte e cinco están gobernados polo Partido Popular e recibiron o 74% do total de fondos, son máis de 2,6 millóns de euros fronte ós 930.000 euros que representan o 26% dos fondos, que recibiron catorce municipios nos que goberna outra formación política que non sexa o PP.

Á vista destes datos que nos din que nunha liña de concorrencia o 83% dos fondos son para cinco concellos gobernados polo Partido Popular, que sobre o total de convenios de libre disposición que a Xunta de Galicia ten feito no ano 2017 o 74% dos que se asinan na provincia de

Lugo son de 2,6 millóns de euros para concellos gobernados polo Partido Popular, e en aras do que aquí todos sabemos e coñecemos creo que é suficientemente acaído pedir maior obxectividade ó Goberno da Xunta de Galicia no reparto de fondos para tódolos concellos”.

A continuación intervéñen o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Ainda coincidindo co que se di na moción con respecto á arbitrariedade do Partido Popular na Xunta á hora de distribuír os cartos de todos, eu non me fixaría tanto na páxina web, o de menos é a facilidade ou a dificultade con que se poden buscar os datos, parécenos ben que melloren o portal pero o problema son os datos que entran. O que hai que mellorar non é só ese portal senón que o que hai que mellorar é a calidade democrática dos que ostentan o goberno da Xunta de Galicia, e eu creo que é bastante deficitario.

O Voceiro do PSOE estivo facendo unha enumeración de casos e de exemplos, e efectivamente eu xa dixen na anterior intervención que Feijóo minte, e ós de Lugo míntenos moito máis, un home que fala de ética e democracia, e digo isto de ética e democracia porque é un foro que se realizou na Mariña Lucense e que fixo a empresa Sargadelos chamado “Ética e Democracia”, quen inaugurou ese foro foi o Sr. Feijóo, e chocoume visto o que aconteceu despois e está acontecendo por parte da dirección desa empresa Sargadelos que tamén fala de ética e democracia, e leva da man ó Partido Popular; creo que todos sabemos do que estamos a falar; e non me descansaba o corpo se non o dicía; tanto ética e democracia, eu creo que Alvaro aí quedouse curto na súa intervención con respecto á arbitrariedade, é total, é brutal, a arbitrariedade que leva exercendo dende o ano 2009 o Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

E volvo a miña intervención na anterior moción, o problema é que o Partido Popular marxina a Lugo, nas infraestruturas, nas vías de comunicación, nas dotacións e infraestruturas sanitarias, e en Lugo capital sábeno ben, en Monforte sábeno ben, e tamén na Mariña o sabemos ben; marxina con respecto ós centros de día. O Partido Popular o único que fai é seguir a lóxica do capital, a concentración de servizos ó carón das grandes urbes e das grandes vías de comunicación, eses servizos para ser privatizados, e esas vías de comunicación para ser privatizadas tamén, ou que

xa foron privatizadas hai moitos anos e non somos capaces de rescatar para non ter peaxes abusivas.

Iso é un resumo da arbitrariedade do Partido Popular que, repito, o voceiro do Grupo Socialista quedouse moi curto”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Creo que habería que centrar un pouco o debate no tema que se trata, e vou tratar de dar algúns datos para contrarrestar o que di o Sr. Santos. El centrouse moito nunha liña de axudas da Consellería de Medio Ambiente recentemente publicada a súa resolución, unha liña que non tiña moitos fondos e que tivo moi poucos concellos beneficiarios, deles, como dixo, cinco concellos do PP, co cal moitos concellos do PP quedaron fóra, habería que preguntarlle á súa compañeira de Trabada como fixo para conseguir a axuda porque foi un dos concellos que a conseguiu, porque eu non a conseguín senón que ma denegaron, e coma mín a moitos compañeiros do Partido Popular, ó mellor a calidade dos traballos como se pide en moitas convocatorias tamén influirá.

Gustaríame saber onde máis se detecta ese reparto clientelar porque segundo datos da propia Xunta de Galicia no rexistro de convenios do ano 2017 figuran convenios cun total de 242 concellos, e do total deses concellos máis do 40% están gobernados por outros Partidos que non é o Partido Popular; entón en base ós resultados electorais e o número de concellos que goberna o Partido Popular non está moi lonxe do que lle correspondería pola porcentaxe de concellos nos que goberna.

Con respecto á segunda parte da publicación dos datos, a Xunta de Galicia foi un pouco máis alá do que marca a propia normativa estatal, dende a entrada en vigor da Lei de Transparencia e bo Goberno a Xunta asumiu un compromiso coa transparencia máis que evidente, e supuxo un gran avance a aprobación desa Lei en canto a publicidade e información dos convenios asinados pola administración electrónica, xa que se pode acceder a través da plataforma non só ós datos básicos de cada convenio, que é o sistema do Decreto 126/2006, senón tamén que se publican os

textos propios dos convenios e as memorias xustificativas sen necesidade de solicitude previa, co cal é un avance moi importante xa que a Lei estatal a Lei 19/2013, marca que só hai que publicar a relación de convenios subscritos con mención das partes asinantes e o seu obxecto, prazo de duración, modificacións realizadas, ou sexa que a Lei galega é moito máis ampla e os datos que se publican son moito máis amplos e poden ser consultados por todo o mundo.

Na actualidade os cidadáns poden descargarse directamente dende o propio Portal de Transparencia e Goberno as memorias xustificativas e os textos de máis de tres mil convenios asinados dende a entrada en vigor da Lei Galega de Transparencia. E dicir que na actualidade tamén se está traballando cara á posta en marcha dunha nova ferramenta máis áxil co fin de axilizar esas fases previas á publicación como é a remisión da documentación ó rexistro de convenios, ó tempo que vai posibilitar a publicación dos anexos, prórrogas, adendas, modificacións, e resolución dos convenios subscritos, minorando deste xeito o tempo que transcorre entre as propias datas de sinatura dos convenios e a súa data de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, canle a través da que se garante a súa transparencia e accesibilidade.

Por tanto os datos son coñecidos, son de fácil acceso, e en canto a este punto tería que preguntarlle tamén ata que data figura a relación de convenios asinados por esta Deputación, porque ata hai moi pouco non estaba actualizada esa información; entónces se me pode dar esa información tamén sería interesante para tódolos concellos da provincia para que coñezan ese dato”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Mire, podemos traer dous ordenadores e facer un trato para ver quen atopa antes os da Xunta ou os da Deputación, e estou seguro de que lle vou gañar a competición, entre outras cousas porque os da Deputación si que están todos publicados, independentemente de que estean incorporados nunha listaxe única ou non, nas actas da Xunta de Goberno que poden consultar as diferentes persoas; ademáis que se lle da publicidade a todos aqueles que se asinan porque entendemos que deben coñecerse.

Pero ese discurso de que publicamos e de que non publicamos non oculta unha realidade que é que publican cando publican, daquela maneira, atopar o resultado destas últimas concesións asegúrolle que non é nada sinxelo, e se vostede o busca persoalmente vai pasar algún apuro para buscalo porque é difícil; pero si que hai unha realidade, dos convenios da provincia do ano 2017, 26 concellos do Partido Popular levaron o 74% dos fondos; nas últimas subvencións a concellos, desta última convocatoria de infraestruturas municipais, cinco concellos do Partido Popular levaron o 83% dos fondos, o que suma un total de 5,1 millóns de euros que van directamente.

E iso é unha realidade que non se pode negar e que todo o mundo coñece, e que se fala nos corrillos políticos do ben engraxado que teñen vostedes o sistema para que todo pareza accidental pero todo sexa casual porque ten unha causa que é unha decisión política detrás da que está o Partido Popular. Pois se a Xove lle denegaron unha solicitude, e vostede di que podía ser pola calidade da memoria, non sei como fixo a solicitude porque a Orde dicía que era por orde de solicitude, co cal a calidade da memoria non era un criterio de adxudicación destas axudas, e probablemente se relaxase e a presentara cando lle pareceu e, independentemente de que foran como irían, se xa non mira cal é o criterio para conceder as axudas, iso non vale de excusa.

Pero ademáis no que publican minten, non sei se no caso de Xove que evidentemente levou algún convenio no ano 2017, porque hai convenios, case todos de 90.000 euros, que son os de fomentar o mantemento libre de maleza das infraestruturas, co que os concellos compren equipamento, e no que vostedes poñen que aporta a Xunta 90.000 euros e que o concello non aporta nada, cando todo o mundo sabe que o concello se ten que facer cargo do IVE e polo tanto do 21% do custe da adquisición destes equipamentos; pero vostedes na páxina web da Xunta teñen o pracer de publicar, por se algún cidadán consegue atopar a información, que a Xunta pon esa cantidade e os concellos non poñen nada, pois non é así, os concellos si que aportan e vostedes con toda a cara dura míntenlles na propia páxina web da Xunta de Galicia.

Eu creo que a proposta é clara, é verdade que a vostedes lles interesa o sistema actual, e entón non se pode presumir nin que o Partido Popular pretenda cambialo, iso só o utilizan en discursos noutras Institucións, ou onde non gobernan, o típico de vostedes que tampouco é

ningunha novidade; pero vostede xa recoñecía ó comezo da súa intervención que esta liña de axudas non tiña moitos fondos, é verdade porque catro millóns de euros para 313 concellos non é moito, tocaría como moito a 12.000 euros por concello, pero aquí pasamos de que puideran ter tódolos concellos alo menos doce mil euros a que só cinco concellos do Partido Popular, entre eles o da Voceira, evidentemente Mondoñedo nunca queda á marxe das axudas da Xunta de Galicia, levasen 1,6 millóns de euros só eles, o 83% do que lle tocou á provincia de Lugo.

Nós non estamos de acordo con iso, e por iso plantexamos esta proposta de que avancemos en obxectividade, avancemos en criterios que teñan en conta a tódolos cidadáns, porque todos son cidadáns, eu respecto moitísimo ó 12% dos cidadáns pero non pode ser en detrimento do setenta e pico por cento dos cidadáns que quedaron fóra os seus concellos de ter esta oportunidade.

Por tanto creo que é unha proposta sensata e ata ademáis amable, que se establezan uns criterios de reparto de fondos en base a criterios obxectivos que atendan á situación socioeconómica actual de Galicia, en prol de evitar o reparto clientelar actual”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Eu creo que caeu vostede na súa propia trampa, acaba de recoñecer que esa Orde da que falamos sinalaba que era por orde de presentación, entón non tivo nada que ver o Partido Político que presentara as solicitudes, se vai por orde tanto daba que a presentara o Partido Socialista como que a presentara o BNG ou o Partido Popular; entón non pode acusar ó Partido Popular de trato discriminatorio nesta Orde de axudas.

En canto ó sistema de reparto e á transparencia, a Xunta de Galicia, e sabémolo todos porque ademáis xa o falamos noutras ocasións, dispón do fondo máis importante que hai en Galicia, e son os recursos máis importantes que teñen tódolos concellos, independentemente da cor política, con total transparencia e con criterios claramente obxectivos, que é o Fondo de Cooperación Local, que está dotado para esta provincia con máis de vinte millóns de euros, e que se reparte por criterios pactados entre a Xunta e a Fegamp; é ademáis un fondo que supón unha

vantaxe clara con respecto ó propio fondo que ten a Deputación, e é que non é condicionado, cada concello pode determinar libremente a que destina eses fondos, tanto a gasto corrente, a inversión, como ó que queira o propio concello en virtude desa independencia.

Por tanto neste caso a Xunta amosa un criterio moito máis claro de respecto coa autonomía dos concellos. E tódolos concellos, sen excepción, poden acceder e acceden a estes Fondos porque se dan con criterios moi claros e consensuados coa Fegamp. Os criterios de reparto do Fondo son criterios de poboación, para concellos de menos de 15.000 habitantes, concellos entre 15.000 e 50.000 habitantes, e para concellos de 50.000 habitantes. E a modo de exemplo simplemente dicir que Lugo recibe do Plan Único da Deputación 500.000 euros, e do Fondo de Cooperación Local da Xunta 2.846.000 euros; pero un concello como é Sarria recibe do Plan Único 500.000 euros e do Fondo de Cooperación Local da Xunta 536.000 euros. Quero dicir que este Fondo e o recurso máis importante do que disponemos tódolos concellos, e que se fai con criterios claramente obxectivos.

E por outra banda pedirlle tamén á Deputación, como dicía vostede que estaban publicitados tódolos datos de tódolos convenios asinados, eu invítooo agora mesmo, porque acabo de facelo, a entrar na plataforma e os datos que se poden descargar son do ano 2015; entón aplíquese o conto do mesmo que pide e mellore o sistema de información que ten a Deputación con respecto ós convenios asinados”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Se entra na base nacional de subvencións tamén pode ver publicados tódolos convenios e tódalas axudas da Deputación, fomos pioneiros en facelo.

A verdade é que agora alo menos xa me explico porque Xove non accedeu, porque non o avisaron do Partido Popular que día ían publicar a Orde e que tiña que presentar os papeis o sábado de madrugada, iso é o que lle pasou, témolo todos moi claro, así estaba vostede de despistado e pensou que tiña que facer unha memoria moi boa e non presentala en tempo. Abriuse o prazo ás

doce é cuarto da madrugada, houbo concellos que non entraron, iso é indecente ata para os traballadores municipais, provocar iso nunha fin de semana, e iso faino o Partido Popular.

Pero tamén ven presumir do Fondo de Cooperación Local, unha obriga legislativa, básica, os concellos, o de Xove tamén, teñen dereito á participación nos tributos do Estado e nos tributos da Comunidade Autónoma, polo tanto a Comunidade Autónoma está obrigada a dar participación obxectiva nos seus tributos a tódolos concellos; pero mire de que pode presumir a Xunta de Galicia que ademáis podemos contrapoñelo coa Deputación, vinte millóns de euros para a provincia de Lugo de dez mil millóns de euros de Presuposto; vinte millóns de euros que iso debe ser o 0,02% ou incluso menos de dez mil millóns de euros, e presumen diso; cando na Deputación vinte millóns de euros de oitenta, o 25%, si que van directamente ós concellos.

E veñen vostedes, e mándano a vostede, que encima non lle deron o aviso para pillar cacho nesas subvencións, dicirnos que ten que presumir e darlle nós as grazas por salvarlle a vida ós concellos por cumprir vostedes coas súas obrigas legais; a verdade é que se o dixese na primeira intervención autoemendaría a moción para ser máis agresiva e máis clara.

O que está claro é que no 2017 os últimos convenios o 74% a dedo para concellos do PP, na última convocatoria de axudas o 83% para convenios de concellos gobernados polo PP; por certo, insistimos, tódolos lucenses teñen dereito a mellorar os seus servizos tamén a través de convenios coa Xunta de Galicia, e iso é o que pedimos, evidentemente despois da súa exposición queda moi claro porque non lles interesa cambiar o modelo, porque lles vai moi ben con este”.

Rematado o debate, o Sr. Presidente anuncia que se vai someter a votación a moción presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e polo Sr. Deputado non adscrito). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN INCLÚA NOS ORZAMENTOS DO ANO 2019 AS PARTIDAS ECONÓMICAS NECESARIAS PARA FACER FRONTE AOS ACORDOS DESTE PLENO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

Exposición de Motivos:

E unha constante que o actual equipo de goberno desta Deputación fai caso omiso de xeito sistemático dos acordos que toma este Pleno, sobre todo naqueles casos que supón algún tipo de gasto económico ou de traballo especial dalgunha das delegación do goberno.

Resulta ademais moi curioso que isto acontece cando moitos destes acordos contaron co voto favorable do propio grupo político do goberno, non facendo absolutamente nada a continuación para o seu cumprimento.

É unha realidade que en moitos destes casos os grupos da oposición atopámonos impotentes para poder obrigar aos gobernos a cumprir estes acordos plenarios, entre outras cuestións porque as distintas reformas que foron facendo os dous partidos maioritarios a nivel de estado foron convertendo aos alcaldes, e por extensións aos gobernos das deputacións, e auténticos reis absolutos nos seus espazos de actuación, facendo que os respectivos plenos se convertan en irrelevantes na maioría das cuestións que importan á cidadanía.

E así que se fai necesario aproveitar ao máximo todos aqueles espazos que aínda poden quedar onde o Pleno ten a competencia, tal e como ocorre, por exemplo, cos orzamentos xerais das administracións.

Deste xeito, é vontade do BNG aproveitar a presentación do proxecto de orzamentos para o ano 2019 para intentar forzar ao goberno da Deputación a que inclúa nese proxecto todas as

partidas económicas necesarias para facer fronte a todos e cada un destes acordos tomados a iniciativa do BNG, blindándoos ademais pola vía das bases de execución, cuestións sen a cal non contará co voto favorable deste grupo, procedendo a presentar as correspondentes emendas a tal efecto.

E por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, propoñendo a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a incluír as partidas económicas necesarias nos orzamentos do ano 2019 para poder executar os acordos tomados por este Pleno da Deputación de Lugo, e máis concretamente os seguintes:

- Programa de visitas dos escolares da provincia aos museos pertencentes á Rede Museística Provincial.
- Mellora do trazado e do firme da estrada entre Navia de Suarna a Fonsagrada.
- Financiamento da parte que lle corresponde á Deputación para a construción dun rocódromo na cidade de Lugo.
- Mantemento do servizo e do carácter público do servizo de catamaráns dependente desta Deputación.
- Instauración dnha liña de axudas aos concellos que elaboren un plan de conciliación da vida familiar e laboral fóra do horario escolar.
- Continuación do “paseo do rato” ata a Campiña e ata o nacemento do río Rato.
- Financiamento da residencia de maiores de Sarria ao igual que o resto de residencias municipais ou construídas pola Deputación de Lugo por convenios cos concellos.
- Restauración da “Casona“ do Incio conservando a súa estrutura actual.
- Financiamento por parte da deputación da parte que lle corresponda para a construción dun novo pavillón de deportes en Burela.
- Programa de acceso de todas as nenas e nenos en idade escolar da provincia de Lugo ás piscinas climatizadas existentes na provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Creo que a situación na que nos atopamos nos últimos dous anos é perfectamente coñecida, hai multitude de acordos plenarios, sobre todo aqueles que levan consigo un gasto económico por parte do goberno, que a pesares de aprobarse neste Pleno, e estamos a falar neste caso das propostas do BNG, despois non se executan; incluso acordos, que é o máis curioso, que son adoptados co voto favorable do Grupo que sostén o goberno que é o Grupo Socialista.

É certo que neste caso o Partido Socialista supoño que está a usar mecanismos legais que lle permiten as reformas que dun xeito sucesivo nos últimos anos se foron facendo e que lle deron un poder practicamente absoluto ós gobernos locais, ós Alcaldes, neste caso ó Presidente da Deputación, en detrimento dos Plenos das Corporacións correspondentes; fan un uso, e haberá que darlle explicacións á cidadanía, e non executan ese tipo de acordos dado esas reformas que se fixeron nos últimos anos.

Iso leva consigo moitas veces que aqueles que estamos na oposición, como é o caso do Bloque Nacionalista Galego neste momento, sintamos certa impotencia por así dicilo, os Plenos convértese moitas veces en meros foros para expresar o que a un lle gustaría facer ou o que un proporía ou intentaría facer se estivera no goberno tendo despois bastante pouca incidencia na realidade. É por iso que hai que usar aqueles mecanismos ou aqueles acordos que aínda quedan, e que son competencia dos Plenos, para intentar forzar dalgún xeito o cumprimento destes acordos plenarios. Un deses asuntos, que de momento segue a ser competencia dos Plenos, é a Lei de Orzamentos, tanto dos concellos coma neste caso da Deputación de Lugo.

É por iso que, no caso do BNG, solicitamos nesta moción que esas propostas que foron feitas nos últimos anos neste Pleno e que foron aprobadas se inclúan no próximo proxecto de Orzamentos que ten a obriga de presentar o Presidente da Deputación á consideración deste Pleno. Anunciado xa dun xeito firme no noso caso, é certo que non somos determinantes, non votaremos un proxecto de Orzamentos que non contemple, tanto nas partidas económicas coma nas bases de

execución, que se cumpran estas cuestións, das que enumeramos unhas cantas pero supoño que haberá algunha máis, que foron aprobadas e que non se cumpriron.

É máis, no caso de que haxa, como a principios deste ano cos remanentes do ano pasado, un acordo do Partido Socialista e o Partido Popular e entre eles negocien o Orzamento nós faremos as emendas correspondentes e logo cada Grupo que se responsabilice ante os veciños que quedan sen eses servizos, como pasou cos remanentes este ano, que non se fan porque non se dotan as partidas económicas que contemplan a execución deses acordos.

Concretamente os acordos dos que estamos a falar son:

Un programa de visitas dos escolares da provincia ós Museos da Rede Museística Provincial, dúas veces aprobado por este Pleno e que de momento non se sabe absolutamente nada.

Mellora do trazado do firme da estrada entre Navia de Suarna e A Fonsagrada, aí non só non se sabe moito senón que o que hai aprobado non se executou a pesares de que xa é do ano pasado, e incluso os 200.000 euros que houbo de baixa na licitación do millón de euros previsto inicialmente foron ós remanentes para o reparto posterior e nin sequera se reinvertiron na propia estrada.

Financiamento da parte que lle corresponde á Deputación na construción dun rocódromo na cidade de Lugo, e eu creo que a obriga da Deputación é reservar as cantidades económicas que lle correspondera como administración para ese proxecto, independentemente de que as outras administracións o fagan ou non, como se fixo por exemplo cando foi o caso dos bombeiros, que é unha forma máis de forzar neste caso á Xunta de Galicia para que tamén poña o diñeiro que lle corresponde.

Recuperar para o servizo público o servizo de catamaráns, tamén aprobado por esta Corporación; é máis, incluso seguramente aforraría diñeiro se se fixera como se facía antes cando o xestionaba a Deputación a través da empresa, daquela medio propio, Suplusa.

Instauración dunha liña de axudas ós concellos que elaboren un plan de conciliación da vida familiar e laboral fóra do horario escolar, tamén aprobado por este Pleno.

Continuación do paseo do Rato ata a Campiña, ata o nacemento do río Rato, aprobado por este Pleno; é máis, incluso dende a Deputación, de xeito lexítimo e perécenos ben, se aprobaron cantidades económicas para investir noutros tramos do río Rato que xa estaban bastante ben, pero por exemplo os veciños da Fervedeira seguen sen poder vir polo Camiño Real entre Lugo e Meira porque está cheo de silvas e toxos, e nin sequera se limpa para que poidan pasar ó longo do río para poder pasear ou vir andando ata a cidade de Lugo.

Restauración da Casona do Incio conservando a súa estrutura actual, non hai moito que se falou diso aquí, teñen que reservarse as cantidades económicas correspondentes.

Financiar a parte que lle corresponde á Deputación, igual que falabamos antes do pavillón de deportes de Burela, que creo que se aprobou no Pleno anterior; e tamén se aprobou nun dos Plenos anteriores un programa para que tódolos nenos e nenas da provincia, independentemente do concello onde vivan, teñan acceso ás piscinas climatizadas que hai.

E para rematar, consideramos que non é un argumento dicir que algunhas cousas destas teñen que ir incluídas no Plan Único, se este Pleno aproba un programa como os que estiven enumerando, moitos deles afórranlle diñeiro ós concellos, pero se se aproba o programa é porque é algo excepcional, igual que son outros moitos programas que xa viñan de atrás e seguen existindo e non se van incluír no Plan Único, igual ca estes que están aprobados son para executar á marxe do Plan Único; por iso non imos aceptar que se diga que se inclúan no Plan Único”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Eu dígolle ó BNG, benvido á oposición, é certo que como vostedes andan así, ás veces goberno e ás veces oposición, algunhas veces teñen certo reparo en criticar a este Goberno.

O Partido Popular xa fomos moi conscientes diso, e polo tanto xa levamos reivindicacións en distintos Plenos, a primeira en novembro de 2016, onde pediamos, e a día de hoxe non está creada, que se creara unha comisión de seguimento para que se executaran os acordos do Pleno; porque efectivamente eu creo que non hai ningún tipo de Corporación que poda traer esta rémora de acordos que se aproban aquí, moitos deles por unanimidade e polo tanto co voto favorable do equipo de goberno, e despois de case tres anos e medio de goberno nada de nada.

Polo tanto levamos e esiximos esa comisión de seguimento, que por certo tamén foi aprobada por unanimidade, pero que a día de hoxe, Sr. Presidente, porque é responsabilidade súa, segue sen estar constituída. Pero como iso non avanzaba, e como vostedes non cumprían con esa obriga que é que cando os Grupos do goberno ou da oposición traen iniciativas a este Pleno conseguen o respaldo maioritario deben executarse cando menos nos seguintes Orzamentos.

E gústame moito que na Exposición de Motivos da moción do BNG di que “cando estas mocións lle supoñen algún tipo de gasto económico ó goberno fan caso omiso”, e aquí é a parte boa, “ou de traballo”, ou sexa que os seus socios de goberno consideran que aparte de pouco eficientes son vostedes bastante vagos.

Pero se non chegou con levar esa moción onde pediamos esa comisión de seguimento, volvemos traer en decembro de 2017 outra moción, que se volveu aprobar por unanimidade, onde se pedía que efectivamente fosemos unha administración seria e cando se tomaba un acordo e se tomaba por maioría ou por unanimidade se intentaran poñer en marcha. Pero como non chegou iso, tivemos que chegar a un punto, non agradable para nós, e foi cando en abril deste ano 2018 plantexabamos a reprobación do Presidente, entre outros motivos, polo incumprimento sistemático dos acordos que este Pleno adoptaba, este Pleno é soberano, representa á cidadanía, ós veciños, e cando algo se aproba despois de debatido e consensuado entre todos entendemos que esa ten que ser a acción de goberno, pero tampouco avanzamos moito máis.

Eu recordaríalle ó Presidente e ós membros do equipo de goberno que teñan sempre presente o artigo 34.1 na letra n) da Lei 7/1985 que lles explica claramente o alcance e obriga do goberno para facer cumprir os acordos do Pleno.

Se nos atemos á Orde do Día neste punto di “moción do Grupo Provincial do BNG para que o goberno da Deputación inclúa nos Orzamentos do ano 2019 as partidas económicas necesarias para facer fronte ós acordos deste Pleno”, entendemos, señor voceiro do BNG, que se refire a tódolos acordos; se logo na súa moción efectivamente só reflicte aqueles que vostedes aprobaron, e como entenderá son dous Deputados e a inmensa maioría deles aprobáronos con outros Grupos, moitos deles como o da Casona e outros co Partido Popular, o que quero entender é que o que se pide na moción é que se executen e se cumpran tódolos acordos que se aprobaron por maioría neste Pleno e que veñan de calquera Grupo Político.

Se iso é así nós adiantámoslle o noso voto a favor, e se a quere facer excluínte do resto dos Grupos e só para o seu, con arreglo ó artigo 102 eu presentarialle unha emenda *in voce* para que se somos serios e os acordos viñeran de calquera grupo da oposición, fora do Deputado non adscrito, do propio Goberno, do BNG, ou do Grupo Popular, que se aprobaran, porque vostede ameaza con non aprobar os Orzamentos se non inclúen as súas, e xa o recoñecía vostede, son vostedes uns socios prescindibles ou non necesarios para aprobar os Presupostos, creo que niso a oposición temos que estar xuntos, e hoxe doume conta de que vostede xa entendeu que empeza a estar na oposición, e polo tanto o que lle pediría é que dalgún xeito se recolla neste punto “os acordos aprobados por maioría ou por unanimidade neste Pleno proviñeran de onde proviñeran”.

Nós se é así non nos queda máis que felicitalo por sumarse a esa reivindicación que levaba o Partido Popular dende o primeiro momento pedindo que se cumpriran eses acordos, e darlle a nosa felicitación por este tema. Pero o certo é que como imos pedir dun goberno, que vostede di na súa moción, incapaz se aquelas propostas que xa non só viñeron de mocións senón que emararon de propostas do propio goberno, por exemplo lembramos o compromiso do Sr. Presidente xa no ano 2015 e 2016 dos desfibriladores, das marquesiñas, é dicir que máis alá de que era unha proposta deste Grupo el as fixo súas, se nin sequeran cumpren as súas propias propostas; ou antes o profesor Alvaro que nos daba unha clase no tema das residencias, se no ano 2010 nace un proxecto de residencias e estamos no 2018 e aínda non está aberta nin a primeira, porque nos dixo os centos e miles de prazas que tiña convocadas, consorciadas ou non, a Xunta, pero creo que a Deputación a día de hoxe cero.

Entonces creo que temos que centrarnos, empezar a traballar e a ser serios, os acordos son para cumprir porque representamos ós veciños, e neste caso a oposición á inmensa maioría dos veciños da provincia; e polo tanto, dado que vostedes non teñen capacidade nin operatividade para levar adiante propostas de goberno, e viamolo cando dabamos conta da liquidación do exercicio 2017 e quedaban máis de vinte millóns sen executar. Polo tanto collan eses vinte millóns, a vontade do traballo, e empecen a executar eses proxectos que uns ou outros Grupos aprobamos e que vostedes se negan a levar adiante”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir que reserva a súa intervención para o segundo turno.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que é interesante que se vaian sacando a careta e que vostede recoñeza que representan a unha parte da provincia, á que lle vota ó Partido Popular, moi interesante esa alocución; nós tratamos de representalos a todos aínda que esteamos aquí polo apoio dunha parte, entendo que así é o goberno. Tamén ten vostede razón en que ninguén é imprescindible, nin o bloque para gobernar na Deputación, nin o Alcalde do Saviñao para gobernar no Saviñao, ninguén é imprescindible e diso saben vostedes tamén bastante.

En canto á proposta, é sinxela, o contido do Presuposto da Deputación vaino decidir este Pleno, co cal tampouco é imprescindible unha proposta anterior, iso máis ben será a proposta dun Grupo ou de dous, ou dunha serie de Deputados, ó Presidente, que lle tratarán de dicir que cando elabore a proposta de Orzamentos, que é unha potestade súa, se quere que o apoien ou que sentemos a valoralo ten que incluír estas cuestións. Eu creo que se ten trasladado, que coñece a opinión pública, cal é a postura do Presidente, cal é máis ou menos a metodoloxía que ten planeada, e ó abeiro dela xurdirá o Orzamento da Deputación, nun escenario no que non sabemos tampouco economicamente con certeza cales van ser as cifras que manexemos. Podemos pretender converter

isto noutra cuestión pero non creo que isto teña maior substancia ou maior vigor político que o de tratar de reflectir a postura dunha serie de Deputados ou dun Grupo Político.

En canto a esa comisión de seguimento dos asuntos do Pleno, eu estou seguro de que o Presidente non ten ningún tipo de obstáculo nin de problema en constituíla e reunila, pero antes os Grupos deberían nomear ós representantes nela, e eu creo que non tódolos Grupos teñen nomeado os seus representantes nesa comisión de seguimento dos asuntos do Pleno. É verdade que hai tempo que se constituíu, e non lembro agora con exactitude pero creo que o propio acordo recollía que nun prazo determinado os voceiros dos Grupos trasladarían ó Presidente o nome daqueles compañeiros ou compañeiras que formasen parte desa comisión; evidentemente se non se coñece a tódolos integrantes non é sinxelo constituíla, porque ó mellor nos vemos en que a constituímos só cos do Grupo de Goberno.

Polo tanto, sen entrar en maior detalle, e confiando en que ese espírito construtivo ó que se apela neste Pleno se manteña e se poida ratificar durante o período no que se aborde o Orzamento da Deputación de Lugo para o ano 2019, e non sexan estas propostas antesala dunha metodoloxía política obstrutiva que consiste en que os gobernos non poidan ter orzamentos para polo tanto non poder executar, e despois nesas manobras de cinismo tratar de acusalos de falta de xestión, o Grupo Provincial Socialista vaise abster, como digo, con esa esperanza ademáis de que o Presidente vai presentar un Orzamento que ata agora intentaron todos dicirlle moitas veces que non pero despois tamén todos intentaron adueñarse das iniciativas que xurdiron e emanaron del, e polo tanto influíron na mellora das prestacións, dos servizos, dos investimentos, das infraestruturas, e tamén das oportunidades dos nosos veciños e veciñas”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu non sei a obsesión que ten o Partido Popular por falar de que o Bloque non asumimos o noso papel de oposición, eu penso que sempre o tivemos, e eu particularmente sempre o tiveron moi claro, de feito acostúnmame a botar sempre en cara o contrario, pero se queren seguir dicindo que non asumimos o noso papel de oposición alá vostedes; é máis, nas cuestións fundamentais

foron vostedes quen sostiveron ó Goberno e non o Bloque Nacionalista Galego; cando houbo que repartirse diñeiro rápidamente se puxeron de acordo para facer o reparto.

Falaba tamén dunha proposta de reprobación, onde nós nos abstivemos, porque o Presidente non cumpría eses acordos; eu quero que quede moi claro porque ás veces os adornos non deixan ver a esencia, este problema dáse porque houbo unhas reformas xurídicas a nivel de Estado que lle foron dando un poder case absoluto neste caso ó Presidente da Deputación e ó seu goberno, igual cós Alcaldes; se iso non se tivera producido non estaríamos falando disto, o que fai o Sr. Presidente neste caso é aplicar a Lei que en moitos casos vostedes lle puxeron á súa disposición, co cal reprobalo por facer algo que en principio non é ilegal, por desgraza porque debera selo, tampouco nos parece que sexa só por iso unha cuestión de apoialo.

En canto á moción, nós pedimos, como parece que é unha cuestión básica, que se executen tódolos acordos do Pleno, esa é a solicitude; o que ocorre é que nós temos as ferramentas que temos, e lóxicamente se iso non se cumpre e temos que suxerir en primeiro lugar e logo, se non se aceptan as suxestións, emendar os Orzamentos, ímolos facer ás propostas que nós defendemos, eu creo que é bastante razoable; pero a proposta é xenérica, que lle poden facer o mesmo caso que lle fixeron ás propostas anteriores, onde non poden pasar é no tema dos Orzamentos. Por iso que se non só están de acordo coa proposta senón que vostedes, xunto co BNG, garantimos que non vai haber Orzamentos sen que se cumpran eses acordos que aquí van enumerados e outros que faltarán e que non foron propostas nosas, porque estes son só uns exemplos, entónce é certo que van ter que ir obrigatoriamente nos Orzamentos e nas bases de execución para cumprilos.

Con respecto ó que dicía o Sr. Alvaro Santos, está moi ben a desculpa de que non empezou a funcionar a comisión porque non se nomearon os representantes, eu nin lembro sequera se o BNG o fixo ou non, do que estou seguro é de que non se nos comunicou ese prazo que dicía o Sr. Alvaro, pero por se acaso garanto que esta semana nomeamos representante nesa hipotética comisión que supoño que agora esperemos, despois do que dixo aquí, se constituirá, e que non sexa ese o inconveniente para que non a haxa, e non sei se somos os únicos que non o nomeamos; de tódolos xeitos eu creo que unha comisión se se pon a andar e se alguén non nomea será problema del, poderase constituir igual, entónce cadaún coa súa responsabilidade por non nomear.

E en segundo lugar, a metodoloxía obstrutiva eu creo que tamén neste caso nesta lexislatura o BNG non nos caracterizamos por obstruír, puideramos ou non, fomos determinantes ou non, sempre estivemos polo labor de que houbera Orzamentos, de feito eu creo que ata votamos a favor unha vez e abstívemonos outra; obstruír é por exemplo chegar a un acordo e logo non cumprilo cando unha das parte si que o cumpriu, iso si que é obstruír futuros acordos ou intentar poñer paus nas rodas das relacións entre Grupos Políticos. Pero en todo caso ata agora eu creo que o BNG sempre fomos responsables e, gustáranos máis ou menos, sempre facilitamos que houbera Orzamentos, porque incluso cando nos abstivemos tiveramos votado a favor se fora necesario para que eses Orzamentos saíran adiante”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Entendo entón que a proposta era como entendía eu, e que recolle tódolos acordos, polo tanto aforramos xa esa emenda porque entendemos que está explicitada e aceptada.

Sr. Alvaro Santos, vostede hoxe perdeu unha oportunidade magnífica, “abstémonos”, nin frío nin calor, aquí o que pide neste caso o BNG é que se executen os acordos do Pleno e vostede di que se absteñen, parece que isto non vai con vostede. Eu creo que despois de ter aprobado e votado en moitos casos mocións conxuntas, e despois de haber ó longo deste lexislatura moitas mocións que este Grupo, por responsabilidade, apoiou incluso sendo doutros Partidos, creo que é unha obriga e polo tanto só lle cabe un voto, o voto a favor; votar en contra é dicir que seguimos no desgobierno, seguimos sen preocuparnos polo que se decida aquí, seguimos sen preocuparnos do que os veciños e as asociacións a través dos Grupos Políticos nos plantexan, é dicir van seguir co seu ritmo.

Fala vostede de obstrución, e a vostede que lle gustan moito as enquisas e dar datos e porcentaxes, saque unha porcentaxe e explíquenola para o seguinte Pleno; verá que o problema da obstrución teno vostede, eu creo que non hai ningún Deputado dos 25 que sentamos aquí que teña menos propostas de goberno ou que teña menos mocións que consiga sacar adiante; porque cando

vostede, e antes dicíallo o Sr. Martínez que tiña pensado un voto pero unha vez que fixo vostede a intervención cambiouno, defende unha proposta de goberno esa proposta ten un alto risco de caerse, e entón hoxe que podía facer unha proposta en positivo non a fai.

Polo tanto, Sr. Presidente, e dígollo a vostede e ó seu equipo de goberno, non cumpre coa normativa básica das entidades locais, non respecta ós órganos de goberno da Institución, e está intentando ningunear á oposición, nós dende logo non llo imos tolerar nin permitir; se antes tiña que corrixir ó voceiro do PSOE porque se ía de tempo e o Sr. Martínez protestaba por elo, eu renuncio ó meu e déalle canto tempo queira se é necesario porque sempre é instructivo escoitalo, o certo é que nos primeiros vinte segundos intentamos escoitalo e a partir de aí xa nos raia un pouco, pero déalle canto tempo necesite e que se exprese e diga porque se ten que abster nesta moción que é de sentido común, é que se cumpran os acordos do Pleno.

Polo tanto a obstrución non a ten a oposición, tena o goberno, e máis en concreto vostede, pero eu entendo que está ocupado porque falabamos antes dos convenios que asina a Xunta, que asina a Deputación, e aquí parece ser que hai convenios firmados por dous lados, eu escoito a moitos compañeiros do Partido Socialista que cando van non saben se teñen que firmar o convenio con vostede, co secretario xeral, ou se o teñen que firmar co Presidente, porque debe haber dúas faccións dentro do PSOE e entón hai que ir recibir convenios do secretario xeral ou hai que ir recibilos do Presidente, e iso é malo nunha Administración; eu xa sei que vostede sae moi ben nesas publireportaxes onde se lle ve pisando aglomerado por aí, pero céntrense en traballar e deixense de tanto eslogan publicitario”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Eu o que lle diría ó voceiro do BNG é que lera a acta do 29 de maio onde xa explicitou todos estes desprezos, esta ignorancia, este ninguneo, por parte do equipo de goberno a vostede, dicía entre outras cousas que o Sr. Presidente incumpría case sempre os seus compromisos, e non leo máis das afirmacións que fixo vostede pero debía telo claro; por iso a mín despois me estrañan outras actuacións de vostedes que son contradictorias con isto.

Referíase o voceiro do PP ás estatísticas das mocións que non se cumpriron, eu fixen un cálculo a bote pronto e, cun desvío como as enquisas dun 2 ou 3%, das aproximadamente duascentas vinte mocións o 80% das propostas aprobadas aquí, incluídas as de unanimidade, non están executadas; pero iso é responsabilidade do Grupo de goberno, do que eu incluso formei parte algunha vez e asumirei tamén parte das miñas culpas.

Para rematar, obviamente o que pide aquí paréceme de xustiza, paréceme lóxico e razoable, pero hai cousas das que pide o voceiro do BNG ás que votei en contra, co cal eu en principio voume abster porque, repito, algunhas das propostas de aquí voteinas en contra e creo que non é razoable que eu pida que se cumpran aquelas propostas que non votei.

E agradecerlle a reflexión, o lapsus que tivo, cando dixo que Suplusa xestionaba mellor os catamaráns cá propia Deputación ou a empresa privada; e cando teña a ben a Sra. Interventora contestarme un par de preguntas que lle fixen sobre o custe deste, a poder ser, como lle digo no escrito, antes de rematar a lexislatura, agradeceríallo e ó Presidente tamén, pois podemos constatar claramente cal é a diferenza, pero xa llo vou avanzar eu a bote pronto, sumando máis ou menos, faltarán partidas, que dende que se privatizaron os catamaráns tanto con Tragsa como coa empresa actual o custe é o 100% do que lle custaba antes a Suplusa, Suplusa xestionaba e aquí, non vou dicir que haxa malversación ou fraude, pero dende logo o custe é moi superior ó que antes se viña facendo con Suplusa. Grazas por defender a Suplusa aquí, aínda que fora sen querer”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que hoxe está habendo aquí un exercicio non sei se de desmemoria ou de amemoria, porque algún aquí non recorda porque cambia o modelo de xestión dun servizo determinado, os propios proponentes desta moción tiveron algo que ver nese cambio de modelo, como hoxe van ter que ver nunha alianza insospeitada, pero que sucede entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular en ocasións, en que saia esta moción adiante, que o único que pretende, e máis ou menos se constatou, é desviar a atención sobre o foco do debate e anunciar unha posición

de dificultade de cara a que se poidan aprobar os Orzamentos, alo menos recoñecerán que é precipitada sen saber en que situación económica se van mover as cifras do ano que ven, só temos unha certa, que é que da Xunta de Galicia non esperamos que poña un euro para ningún proxecto para Lugo.

E do resto ó abeiro desa comisión, se realmente os Grupos nomean os representantes, porque supoño que o revisarán e sabrán cales os nomearon e cales non, poderemos valorar todas estas cuestións, que parece que é realmente o que queren, non que a xente coñeza as razóns porque unhas cousas van a un ritmo ou a outro senón simplemente buscar asideiros para manter determinadas posicións políticas. O prazo para o nomeamento deses representantes na comisión aprobouse no Pleno, creo que ademáis estábamos todos presentes, e nas actas do Pleno se pode revisar.

Dubido moito que se o Partido Popular estivese tan convencido de que non cumprimos coa normativa básica nada máis e nada menos, ademáis formando parte da Corporación, non tivesen presentado algunha demanda ou algunha cuestión no Xulgado que parece que é tamén a liña política que van seguir de cara ás vindeiras eleccións municipais, ó mellor facíanlles desconto por levar disparates ó Xulgado, preguntome, estrañame moito ademais coa rigorosidade que a vostedes os caracteriza que non o tiveran feito se tivesen ese convencemento ou se non tivesen medo de que ó Xulgado fosen máis cousas, que tamén pode ser, pois non hai casa na que non haxa po debaixo das camas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Non coa, Sr. Santos, esa alianza que vostede intenta insinuar entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego non coa; eu xa dixen antes que a alianza e o acordo cando hai que repartirse cartos sempre é entre o Partido Popular e o PSOE, igual ca para reformar a Constitución pola vía exprés ou para outra serie de asuntos que normalmente levan consigo bastantes prexuízos para o conxunto das traballadoras e traballadores; non coa. Outra cousa é que como Grupos da oposición haxa circunstancias en que é normal que se poida coincidir en certos posicionamentos,

pero se repasamos un pouco a historia dende logo nada que ver, incluso nesta Deputación, cando ten que haber unha alianza entre Grupos hacia onde escoran.

Dicía o Sr. Martínez que agradecía a defensa de Suplusa, eu creo que sempre defendín o papel que teñen que representar este tipo de entidades, cando realmente están ó servizo da Deputación, cando están para facer un traballo positivo para a cidadanía, neste caso ás ordes da Deputación; e sempre mantiven que privatizar o servizo primeiro con Tragsa e despois xa directamente cunha empresa privada levaba consigo un importante encarecemento, pero é lóxico porque simplemente co 21% de IVE xa supón moito diñeiro aparte doutras cuestións que logo se van engadindo; por tanto é evidente que saía moito máis barato antes que agora.

E para rematar, eu non digo que o Sr. Presidente incumprira a Lei, non o sei pero supoño que non, porque entre outras cousas hai uns servizos xurídicos e técnicos na Deputación que llo dirían se así fora; eu creo que debe ter unha penalización política non xurídica, e a esta moción, aínda que se aprobe, vaille facer o mesmo caso se quere ca lle fixo a tódalas anteriores que se aprobaron e non se cumpriron.

O que si é certo, e o que si temos capacidade, é de que este tipo de acordos, cadaún defenderá os seus e logo votaremos todos, se inclúan nos próximos Orzamentos, e iso non é obstruír senón que é solicitar e impoñer, cadaún coa súa forza lóxicamente, chegará ou non, que os Orzamentos contemplan as cantidades económicas necesarias para cumprir os acordos, nada máis; e aquí cadaún terá a responsabilidade ante os veciños afectados se ó final se fan eses programas e esas obras ou non se fan. En todo caso o voto vai ser noso nos Orzamentos e xa se verá”.

Finalizado o debate, o Sr. Presidente anuncia que se vai someter a votación a moción presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e ó Sr. Deputado non adscrito). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a incluír as partidas económicas necesarias nos orzamentos do ano 2019 para poder executar os acordos tomados por este Pleno da Deputación de Lugo, e máis concretamente os seguintes:

- Programa de visitas dos escolares da provincia aos museos pertencentes á Rede Museística Provincial.
- Mellora do trazado e do firme da estrada entre Navia de Suarna a Fonsagrada.
- Financiamento da parte que lle corresponde á Deputación para a construción dun rocódromo na cidade de Lugo.
- Mantemento do servizo e do carácter público do servizo de catamaráns dependente desta Deputación.
- Instauración dnha liña de axudas aos concellos que elaboren un plan de conciliación da vida familiar e laboral fóra do horario escolar.
- Continuación do “paseo do rato” ata a Campiña e ata o nacemento do río Rato.
- Financiamento da residencia de maiores de Sarria ao igual que o resto de residencias municipais ou construídas pola Deputación de Lugo por convenios cos concellos.
- Restauración da “Casona“ do Incio conservando a súa estrutura actual.
- Financiamento por parte da deputación da parte que lle corresponda para a construción dun novo pavillón de deportes en Burela.
- Programa de acceso de todas as nenas e nenos en idade escolar da provincia de Lugo ás piscinas climatizadas existentes na provincia”.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA QUE O PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO ACORDE A DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL (SUPLUSA) E ASUMA TODOS OS SEUS COMPROMISOS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

Exposición de Motivos

Na pasada primavera, despois dos informes emitidos polos servizos técnicos desta Deputación, quedou perfectamente constatado que a sociedade teoricamente dependente desta Deputación, SUPLUSA, non cumpría os requisitos que a actual lexislación contempla para que un ente sexa considerado medio propio dunha Administración.

Esta situación , aínda que discutida politicamente, non foi recorrida por ningunha das partes, polo que dende o BNG consideramos que é firme.

Debido a isto, dado que transcorreu calquera prazo legal de reclamación, dende o BNG consideramos que tan só había dúas opcións. Por unha banda que dende a dirección de SUPLUSA se puxesen a traballar para solucionar todos aqueles aspectos que provocaban esta perda da condición de medio propio e polo tanto volver á senda da legalidade, ou ben proceder á disolución desta sociedade, ben fose polo Pleno de SUPLUSA ou ben polo Pleno da Deputación.

É máis, dende o BNG consideramos que sería unha obriga para todos os integrantes do Pleno de SUPLUSA, e polo tanto tamén para os do Consello de Administración, promover algunha destas dúas solución, podendo incorrer en algún tipo de responsabilidade no caso de quedar sen facer nada, como realmente aconteceu.

A realidade é que despois de varios meses, dende a dirección da sociedade non se fixo absolutamente nada para intentar volver á senda correcta, máis ben ao contrario afondando aínda máis na situación de irregularidade antes mencionada.

Ademais de todo isto, e non menos importante, tamén está a situación de confrontación política e persoal que se está a producir entre o goberno da Deputación e a actual dirección da sociedade, enfrontamento que ten uns efectos colaterais demoledores para o funcionamento da Deputación e, polo tanto, para toda a cidadanía.

O bloqueo na práctica de todo o referido á apertura das residencias, a paralización das contratación do persoal seleccionado para traballar nelas, a imaxe penosa e ata vergoñenta que se

dá da institución e ata os retrasos nos pagos das nóminas ao persoal da sociedade son unha pequena parte das consecuencias e boa proba de todo o que está ocorrendo.

A situación na que se atopan as máis de 60 persoas que foron seleccionadas no seu día para traballar nas residencias da Deputación tamén merece unha mención especial, pois todos e todas sabemos que vai ser moi complicado que SUPLUSA poida asumir este compromiso de contratación, sendo perfectamente conscientes que a única solución que lles queda para poder incorporar a estas persoas ao posto de traballo para o que foron seleccionadas sería que a Deputación asumise todos os compromisos de SUPLUSA, incluíndo por suposto ao persoal, tanto o que esta é activo como o que xa está seleccionado para traballar.

Do mesmo xeito, dende o BNG tamén queremos deixar moi claro que esta proposta non implica que esteamos en contra dos medios propios das administracións. Todo o contrario, pois seguimos a defender que este tipo de entidades, se están ben xestionadas e están ao servizo da administración matriz, son a mellor ferramenta para loitar contra a privatización de servizos básicos que nunca debería caer en mans do negocio privado.

E por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo acorda a disolución de xeito inmediato da Sociedade Urbanística Provincial (SUPLUSA).

2º.- A disolución leva consigo de forma inseparable a asunción por parte da Deputación de todos e cada un dos compromisos que tivera adquirido esta sociedade, sobre todo no referente ao persoal tanto en activo como o seleccionado para traballar nas residencias da Deputación.

3º.- De xeito paralelo a este proceso, formarase unha comisión coa participación de todos os grupos políticos do Pleno, para poñerse a traballar na constitución dun novo medio propio que

este realmente ao servizo da Deputación e que axude a mellorar os servizos que esta institución pode ofrecer á cidadanía”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de engádegas do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Socialista propón neste punto unha emenda de engádegas ao acordo Segundo:

2º.- A disolución leva consigo de forma inseparable a asunción por parte da Deputación de todos e cada un dos compromisos que tivera adquirido esta sociedade, sobre todo no referente ao persoal tanto en activo como o seleccionado para traballar nas residencias da Deputación e sempre en atención á legalidade”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para defender esta proposta non hai moito máis ca ler os medios de comunicación dos últimos meses e creo que quedaría bastante claro que o mellor que se pode facer neste momento é a súa disolución, deixando claras varias cousas.

En primeiro lugar hai que lembrar que xa dende a primavera se constatou por parte dos servizos técnicos desta Institución, e non foi recurrido, que Suplusa deixaba de cumprir os requisitos que se esixían legalmente para seguir sendo medio propio da Deputación. Esa decisión que, repito, non foi recurrida e polo tanto eu quero pensar que é firme, aparte do noso modesto criterio e a nosa opinión pensamos que estaba algún dos puntos que era perfectamente obxectivo que non se cumprían e por tanto a Lei é clara e perde a súa condición de medio propio, e por conseguinte non se lle poden facer novas encomendas e debería terminar as que están exclusivamente en marcha.

Nós tamén entendemos, incluso por conversas con distintos servizos xurídicos non só da Deputación de Lugo que, unha vez constatada esa perda de medio propio, existía a responsabilidade tanto do Consello de Administración de Suplusa e do Pleno de Suplusa como deste Pleno da Deputación, que coincide neste caso co Pleno de Suplusa, de dar algún paso para corrixir esas cuestións que se consideraba que non cumpría Suplusa para seguir sendo medio propio; e de non facelo, e a realidade é que non se fixo, máis ben avanza en sentido contrario, creo que temos a obriga de cando menos propoñer a súa disolución, alo menos que quede claro que a vontade do Bloque Nacionalista Galego e que, dado que non se corrixiron esas deficiencias xurídicas que se detectaron no seu momento, a obriga é propoñer a súa disolución. En todo caso cadaún co seu voto decidirá o que crea oportuno.

Aparte diso, incluso a propia situación na que nos atopamos, unha situación de insurrección, de enfrontamento continuo entre unha parte da Deputación e a propia Deputación, é completamente inaceptable e non se lle ve ningún tipo de visos de solución. Esa bicefalia que nós advertiamos xa que era completamente inasumible entre o Presidente da Deputación e o Presidente de Suplusa, por certo que fomos os únicos que nos opuxemos a ese dobre encabezamento, leva consigo este tipo de situacións; a xudicialización de certas decisións de Suplusa leva tamén consigo que neste momento sexa moi posible, e non quero facer de adiviño, que dentro dun tempo un Xulgado declare que tódalas decisións tomadas en Suplusa nos últimos tempos sexan nulas.

Co cal parece completamente ridículo que unha entidade siga tomando decisións cando é moi posible que se anulen todas esas decisións por parte do Tribunal Supremo dentro duns meses, co trastorno que iso pode ocasionar. É unha cuestión incluso de incapacidade, debido a iso incluso calquera decisión que se tome pode ter as súas consecuencias negativas e por tanto algo que ó final teñan que pagar tódolos veciños e veciñas da provincia.

As consecuencias de todo iso son bastante evidentes, xa deixando aparte o desprestixio para a propia Deputación, para Suplusa, e para tódolos políticos que nesta lexislatura nos tocou estar aquí, hai cuestións que son bastante evidentes e falouse xa en distintos momentos, o bloqueo na apertura das residencias, e non quero entrar en quen son os culpables, incluso posiblemente todos teñamos algo de culpa, pero a realidade é que está practicamente cunha solución moi difícil;

agora incluso se di que se están rompendo as pechaduras para entrar, e non quero entrar a valorar porque iso é unha discusión que haberá que facer noutro sitio, pero por esa situación ata se deron retrasos no pago das nóminas dos traballadores de Suplusa, algo que é completamente inaceptable.

E algo moi importante, estase imposibilitando que se cumpra o compromiso de darlles traballo a aquelas persoas que foron seleccionadas para traballar nas residencias, coa situación xerada neste momento é completamente imposible que iso se execute e, tal e como está, imposible que se faga dende a propia entidade Suplusa entre outras cousas, e sen poñernos a discutir quen ten razón ou non, non se lle pode impoñer a un Alcalde que non quere que a súa residencia sexa xestionada neste caso por Suplusa ou calquera outro método, que o faga; e a realidade é que case tódolos Alcaldes que teñen residencias neste caso decantáronse porque non fora Suplusa quen llas xestionara, iso é obxectivo, e con iso enriba da mesa está claro que Suplusa non pode cumprir o compromiso de abrir as residencias e por tanto darlles traballo a todas estas persoas.

Por tanto, con todo iso enriba da mesa, dende o BNG solicítase en primeiro lugar que se proceda á disolución inmediata de Suplusa. En segundo lugar que esa disolución contemple a asunción de tódolos compromisos que tivera adquiridos Suplusa no pasado como tamén o seu patrimonio, etc.; e entre os compromisos quero destacar moi concretamente tanto o que é o dereito de subrogación que penso que legalmente teñen os propios traballadores que están en activo en Suplusa, igual que se fixo cos da TIC, e tamén que asuma o compromiso que Suplusa tiña cos compañeiros e compañeiras que foron seleccionados no seu momento, por certo que nós consideramos que é a única saída que teñen estas persoas.

Por tanto que a Deputación asuma ese compromiso e unha vez que vaian abrindo as residencias que sexan incorporadas, que por certo, e polo que eu sei, están explorando a vía xurídica para reclamar esa responsabilidade que ten a Deputación sobre o proceso de selección que viviron no seu momento; humildemente paréceme que teñen bastantes posibilidades de que esas reclamacións podan prosperar. Pero dende logo se Suplusa se disolvera e a Deputación absorvera eses compromisos, iso estaba xa feito, e unha vez que abrisen as residencias terían a total seguridade de ser colocados nos seus postos de traballo pola Deputación.

E por último, que tampouco nos parece importante, e sobre todo esta parte poñémola para que quede claro que o BNG está a favor dos medios propios das Administracións, que é unha ferramenta moi útil sobre todo para loitar contra esas leis que se sacaron últimamente que impiden en moitos casos que se xestionen certos servizos dende as administracións públicas, séguenos parecendo moi positivo a utilización de medios propios para eses obxectivos; e pensamos ademáis que este sería un bo momento, polo equilibrio político que pode haber nesta Institución, para que de xeito unánime e de común acordo de tódolos Grupos se puidera facer un medio propio no que non puidera volver pasar este tipo de cuestións; e digo que é bo momento porque se agora nos poñemos de acordo faríamos que na próxima lexislatura por exemplo un Grupo que teña maioría absoluta neste Pleno non poida facer o que lle pete ou cambiar os estatutos como lle dea a gana e volver por exemplo expulsar, se o considerara, ós demais Grupos do consello de administración de Suplusa como se podería facer neste momento se así o determinara a maioría do Pleno. Agora sería bo momento para consensuar uns estatutos que impidan ese tipo de actuacións no futuro”.

Seguidamente intervéñ o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir que reserva a súa intervención para o segundo turno.

A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Coincidimos con moitas das cuestións que vostedes relatan na moción presentada. Durante o verán o certo é que nós vivimos na nosa condición de Deputados Provinciais tal vez un dos capítulos máis esperpénticos e paradóxicos da historia desta Deputación, vivímolo ademáis coa responsabilidade de estar gobernando esta Institución, e vivímolo con preocupación, a outras persoas tocoulles sufrilo como traballadores de Suplusa, e outras case me atrevo a dicir que semella que lles tocou disfrutalo sen o máis mínimo pudor ou tranquilidade ante o que se xeraba para moitas familias que dependían de Suplusa e que cada mes tiñan que ingresar nas súas contas o que correspondía polos traballos prestados á Sociedade.

Así o día 31 de xullo amenciamos con titulares como que “Suplusa queda sen interventor e os seus traballadores non poderán cobrar polo de agora este mes”, ou “os empregados de Suplusa

non poderán cobrar o mes de xullo”, entre outros moitos; sementando por un lado o medo e confusión nas familias por parte de quen tiña a responsabilidade máxima na sociedade mercantil, e buscando un culpable para eludir a súa responsabilidade nunha traballadora desta Casa, e que permitanme que considere de actitude covarde e irresponsable.

Ante este intento de manipulación do persoal de Suplusa, que só buscaba utilizar a este persoal como ferramenta política creando un problema onde non o había, o goberno provincial deu ata en tres ocasións orde á Sociedade para que, tal e como lle correspondía e como finalmente aconteceu, se efectuasen os pagos das nóminas, tendo en conta que probablemente non había ningún problema de liquidez pois contaba con fondos suficientes para facer fronte a estes pagos.

Por fin se cumpriu esa orde dada pola Deputación, aínda que nós temos que lamentar que tardasen tanto tempo en aboar as nóminas, xerando ademáis prexuizos totalmente innecesarios para esas familias afectadas. Ademáis ós traballadores xa naquel momento nós como Grupo Socialista lles faciamos chegar a mensaxe de que instaran á Sociedade Urbanística a que fixera os cálculos dos posibles xuros provocados polo retraso e demora dos pagamentos a eses profesionais que prestaron servizos en Suplusa.

Xa naquel momento o Presidente da Deputación, Darío Campos, trasladou ó Partido Popular a súa proposta para a disolución de Suplusa e estudar a integración dos traballadores no organismo provincial, tal e como acontecía coa TIC, un procedemento que de contar co apoio do Partido Popular se podería realizar nun tempo estimado de dous meses; tampouco perdemos o tempo despois de dar traslado desta proposta e traballouse a reo, solicitáronse informes ós catro Servizos da Deputación con maior responsabilidade na materia, á Secretaría Xeral, ao Servizo de Contratación, á Intervención, e á Asesoría Xurídica, para estudar tamén a posibilidade da intervención administrativa de Suplusa. Tamén trasladamos o compromiso deste Goberno cos traballadores, como non se podía dubidar, nunha reunión entre o executivo da Deputación e as catro centrais sindicais con representación en San Marcos, CC.OO., a CIGA, UXT, e CSIF, e os mesmos sindicatos tamén dixeran que si á integración dos traballadores e á disolución de Suplusa dentro do marco legal.

Deixamos de asistir como conselleiros de Suplusa ós Consellos de Administración pois non queríamos participar en actos que consideramos ilegais. Sobre a disolución avanzar que o goberno ten solicitado un informe para conseguir que a disolución de Suplusa se faga con tódalas garantías xurídicas e, no seu caso, coa maior rapidez posible.

Polo tanto o asunto central desta moción, a disolución de Suplusa, dicimos si, e queremos que sexa un si alto e claro, dicimos si aquí no Pleno e dixémolo tamén no Xulgado cando xa no mes de xullo, e ante a caótica situación que estaba vivindo Suplusa e a lamentable perda de utilidade para tódolos veciños e veciñas da provincia, interpuxemos unha acción xudicial, xa que fomos nós, os Deputados do Partido Socialista, os que presentamos unha demanda para garantir legalmente a disolución de Suplusa.

Polo tanto dicimos de novo aquí que si á disolución de Suplusa, con esa pequena engádegala ó acordo número dous desta moción que lles achegue hai un momento por escrito”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Eu creo que ás veces debatemos cousas que teñen maior ou menor trascendencia, e eu creo que agora mesmo estamos ante unha cousa de moita trascendencia. E creo que, cando menos, falar de Suplusa, que é unha entidade mercantil propia da Deputación, con quince anos de historia, unha entidade que serviu primeiro co obxecto social que tiña que era desenvolver solo industrial, para crear moito solo industrial que ademáis agora está habendo demandas importantes de parcelas, que se viron empresas e postos de traballo creados.

Pero detrás de Suplusa hai familias, hai persoas, detrás de Suplusa hai traballadores, hai concellos con convenios asinados con Suplusa que esperan poder executar esas obras; e a mín o que me parece caótico e de falta de respecto hacia os traballadores, hacia esa xente que no ano 2015, a un mes das eleccións, foi o goberno socialista, á présa e correndo, e convocou unhas prazas de selección de traballadores para as residencias que tres anos despois non saben que facer

con elas nin como prescindir delas; eu creo que hai que ser serios cando se fala dunha empresa con quince anos, que tivo unha utilidade bestial, e que a utilizaron tódolos gobernos.

Os señores do BNG, durante oito anos formaron parte do Goberno, estiveron en Suplusa, puideron transformar Suplusa dende dentro, pero vostedes, igual cós seus socios de goberno, o PSOE, utilizaron Suplusa para o seu beneficio, e agora resulta que, como xa non podemos estar temos unha irresponsabilidade tremenda; porque cando nos presentamos a unhas eleccións e saímos elixidos e logo os nosos compañeiros indirectamente nos elixen para Deputados hai que sentarse e estar onde hai que estar, e o que non se pode facer é abandonar o Consello de Administración de Suplusa porque é unha irresponsabilidade, e porque ademáis nos vai no soldo.

E os señores do PSOE o mesmo, serviunos para moito Suplusa, utilizamos Suplusa, para o Sr. Besteiro era un icono e funcionaba moi ben, pero cando perdemos o control de Suplusa armamos unha guerra entre nós, primeiro co Sr. Martínez, despois uns do PSOE con outros do PSOE, despois cos socios de goberno do BNG, e Suplusa xa non interesa.

Por tanto creo que hai que ser serios, porque aquí o que vimos de Suplusa é que un día nos apareceu o PSOE cunha moción de urxencia e pola porta de atrás, que a vimos tres minutos antes de rematar o Pleno, para acabar con Suplusa; e agora fano a través do ex socio de goberno, do BNG, con outra moción. Se queren realmente, e a nosa voceira xa llo dixo nun anterior Pleno, o Partido Popular estamos dispostos a falar de todo, o que non poden é facelo dunha forma torticeira, sucia, querendo xudicializar a vida desta Institución, irse no mes de xullo ó Xulgado cunha demanda que terán que explicar, e resulta que ameaza o Sr. Alvaro Santos con que nós queremos xudicializar, vostedes o fan.

Se vostedes realmente queren que Suplusa xa non cumpra a condición de medio propio traian unha proposta de goberno cos pertinentes informes xurídicos, díganos, non cunha emenda aquí, con informe xurídico que parece ser que o teñen e dí todo o contrario do que vostede está dicindo, que os traballadores poden ser readmitidos pola Deputación, que non vai haber problema, que ningún traballador vai quedar tirado, nin da xente das residencias nin dos que son hoxe traballadores propios de Suplusa; porque vostede sabe que teñen informes que din todo o contrario

do que vostede está a dicir, e agora veñen aquí dicir que se quede pero presentan unha emenda de que haxa un compromiso co persoal.

Se vostedes queren falar en serio o primeiro que teñen que facer é ir ó Xulgado, retirar a demanda que teñen presentada, e logo traer unha proposta de goberno, cos informes pertinentes, e se realmente queren falar falaremos, agora mesmo o Partido Popular dende logo non vai entrar nese xogo, e o BNG incomprensiblemente quere que perdamos o tempo, que perdamos os cartos, ou sexa que nos plantexa que a través dunha moción, desas que falabamos antes que o 85% non se cumpren, que acordemos disolver Suplusa cando ó mellor un tema que está no Xulgado resulta que o acordo que tomemos tamén é recurrido, se está no Xulgado haberá que esperar a que diga o Xulgado o que teña que dicir.

Pero os señores do BNG din que hai que acabar con Suplusa e no punto tres din que se cre outra sociedade; ou sexa queremos acabar con Suplusa e gastar cartos en informes, xerarlle unha tensión ós traballadores, ás empresas, ós concellos que estamos esperando porque temos convenios con Suplusa, para crear outro ente, cal vai ser o problema do seguinte ente? ten que chamarse Sueplusa ou Blopusa, ou téñeno que controlar vostedes?, non, en democracia as maiorías mandan, e vostedes se non están sentados no Consello de Administración e o Partido Popular ten cinco conselleiros é porque vostedes renunciaron á súa obriga, é unha responsabilidade e hai que asumir o bo e o malo, non é fuxir cando non gustan as regras.

Polo tanto creo que estamos ante un tema que é serio, porque afecta a persoas, a diñeiro público e a moitas institucións; o control da Deputación sobre Suplusa é do 100% porque a Xunta Xeral coincide con este Pleno, e porque ó Consello de Administración nomeao e destitúeo este Pleno, polo tanto non me vale iso de que non hai control da Deputación sobre Suplusa.

Se queren falar empecen por onde teñen que empezar, se queren traer algo ó marco político retiren esa denuncia e traian unha proposta fundamentada, e cando se nos garanta que tódolos traballadores van quedar perfectamente recollidos e non cos informes que vostedes teñen e ocultan e que saben que din todo o contrario, a partires de aí o Partido Popular poderá falar, de momento

anúnciolle o noso voto en contra por responsabilidade, creo que non é a forma de traer isto a través dunha moción”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“En todo caso algunha precisión. A nós vaimos no soldo estar neste Pleno porque para iso nos elixiron, non vai no soldo estar nun órgano onde estamos se nos deixa a maioría; antes si que tiñamos a obriga porque tiñamos dereito a estar en Suplusa por ser Grupo Político, vostedes cambiaron os estatutos para poder poñer alí a quen quixeran, de feito teñen maioría absoluta para facer o que queiran, por tanto non me veña aquí con contos; para estar nun sito só mentres te portes ben o BNG non vai estar. A nosa obriga, e para iso lles pagan a algúns, é estar aquí.

Di vostede que nos vai no soldo, o escandaloso é que os que cobran soldo da Deputación sigan cobrando 150 euros cada vez que van a unha reunión de Suplusa, aparte do soldo cobran por ir a Suplusa, e non me diga a mín que vai no soldo senón ó contrario, eu non tendo dedicación exclusiva e cobraba esas dietas parecíame vergoñento e non me parecía ético ir alí facer o paripé a unha cousa que consideraba ilegal para cobrar 150 euros, aparte de que é un Consello de Administración que me parecía que estaba tomando decisións que me podían ter consecuencias como membro do Consello.

E por iso traio esta proposta aquí, e por iso vou votar a favor para que ninguén me poida dicir mañá nun Xulgado que non fixen nada para corrixir a situación, esa é unha das razóns polas que ven esta moción; e por certo, creo que a capacidade de disolver Suplusa é deste Pleno, co cal se o Pleno aproba a súa disolución creo que iso hai que executalo, non é como as outras mocións que son de intencionalidade política, isto penso que sería unha cuestión de obrigado cumprimento; pero eu xa pensaba que vostedes non ían aceptar iso.

E se o Pleno, como di vostede, controla Suplusa, porque non solucionan o tema?, teñen maioría absoluta tanto no Pleno, porque nós non asistimos, como no Consello de Administración

que teñen cinco de nove, solucionen o problema, se consideran realmente que hai un control dese Pleno sobre Suplusa, amáñeno.

O que é totalmente inasumible é que esta situación se manteña, incluídas as sesenta compañeiras que foron seleccionadas, porque vostedes saben mellor ca ninguén, porque teñen moitos técnicos que os asesoran, que a única solución que teñen é esta; é máis, coas demandas que teñen en marcha se se disolvera Suplusa e o goberno non quixera absorvela íanas gañar con toda facilidade e sen ningún tipo de problema se Suplusa estivera disolta; co cal se realmente queren solucionar o problema apoiem, a mín dame igual o sistema, se queren voten en contra da disolución e mañá póñense de acordo co Partido Socialista e disólvana, a mín váleme; pero o que quero que quede clara é a intención do BNG de que a situación non se pode manter e que hai que disolver Suplusa; e que quede claro que nós non estamos en contra dos medios propios.

Dicía antes que no Consello de Administración, porque se formou unha maioría aínda que fora daquela maneira, e impuxeron un regulamento en que poden expulsar del a quen lles caia mal, por capricho se queren, como fixo en algunhas outras ocasións noutros sitios, fagamos agora un regulamento para un medio propio desta Deputación onde quede claro que non se poden cambiar a capricho de trece Deputados eses estatutos, e evitemos que por exemplo quede un Grupo Político con doce Deputados e que ós trece restantes lles apetece botalos fóra do Consello de Administración de Suplusa, que é o que vostedes aprobaron, en contra votou o BNG. Iso é o que queremos evitar e por iso a nosa proposta, que non pasa nada, o problema é que se se dissolve, porque se vai disolver dun xeito ou doutro porque non vai haber outro remedio, na próxima lexislatura se hai unha maioría absoluta algún Grupo, sexa cal sexa, vai crear outro medio que lle sirva ós seus intereses e se converta nunha Suplusa 2, que ese é o problema, iso é o que nós queremos evitar; e cando menos quero que quede claro na acta e ante a cidadanía que esa é a nosa vontade, non se pode permitir seguir tendo un ente que fai o que lle peta. E é verdade que se fixo na época de Besteiro, e é verdade que agora intentaríase facer, e iso non pode ser, ten que ser unha ferramenta ó servizo da Deputación, para traballar conxuntamente e non para facerlle oposición que é o que está pasado agora, é unha auténtica barbaridade.

Creo que queda clara a intención. E encanto á emenda do Grupo Socialista acéptase, creo que é redundante porque cando menos a intención do BNG nunca é propoñer nada que non cumpra a normativa, aínda que non nos guste a lei hai que aceptala; entón calquera proposta que fagamos lóxicamente sempre está encadrada dentro do marco legal e do que sexa xurídicamente aceptable, pero non pasa nada por engadirlle iso ó punto dous e por suposto que se acepta.

E quero que quede moi claro en acta que o BNG pide a súa disolución dado que non se fixo nada dende ningún organismo de Suplusa nin deste Pleno da Deputación ata o momento para corrixir os problemas xurídicos que se lle puxeron no seu momento para ser un ente propio desta Deputación”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“En principio comunicarlles que eu non podo participar nunha decisión que obriga a un longo camiño para volver ó mesmo sitio no que estamos. Xa existe unha sociedade pública que funciona magníficamente como demostran as iniciativas que esta sociedade presentou aquí e que no seu día vostedes votaron en contra, refírome ó Bloque, pero que despois o leva no concello de Lugo e alí si que a aproban, iso chámase coherencia e chámase actuación; igual que pedir, que xa llo explicou correctamente o voceiro do PP, a disolución desta sociedade para crear outra que non sei como ían facer ou presentar.

E non vou dicir máis nada porque o voceiro do Bloque eu creo que presenta bastante ignorancia porque obviamente cando se practica a espantá que é un arte do toureo, o non estar, o marchar, obviamente despois pídenlle responsabilidades ós outros e dinlle que o arreglen, cando sabe ademais que lle está mentindo ós traballadores; os traballadores non se poden incorporar así por moito que vostede diga, e é sindicalista.

Pero como isto está xa moi manido e discutido, o Presidente de Suplusa neste caso, Sr. Presidente, non di máis nada e obviamente vai votar en contra da moción”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sr. Armesto, aínda que lle sorprenda coincidimos nalgunha das cousas que argumentou; dixémolo en reiteradas ocasións na prensa, e é certo que Suplusa foi moi útil, pero non é que fora moi útil para os Partidos Políticos senón que o foi para moitos concellos desta provincia e polo tanto para os seus veciños e veciñas, e repetímolo moitas veces ó longo do verán porque desgrazadamente esa situación deixou de existir para ser unha sociedade mercantil que pasou a crear problemas onde non os había, tal e como puidemos ver, e máis claro exemplo non o hai co impago que se producía nas nóminas dos traballadores.

Dito isto, teño que dicirlle que se equivocou nese argumentario porque non é válido, e iso non é que o saiba vostede nin que o veña dicir aquí coma unha gran novidade senón que é algo que coñecemos todos, de aí que este goberno, con responsabilidade, pedira a disolución de Suplusa. A maiores de tódalas conversas que se poidan ter para acadar esa disolución eu teño que dicirlle que na Xunta Xeral ordinaria, porque ó mellor vostede non o lembra pero eu si, que se celebrou o día 29 de maio de 2018 o Presidente fixo unha proposta que formulou o Deputado D. Alvaro Santos Ramos, voceiro do Goberno Provincial, sobre a disolución da Sociedade, e vostedes votaron en contra; por iso estamos onde estamos, solicitando xudicialmente, por ser isto así necesario, a disolución de Suplusa, porque vostedes non quixeron acceder naquel momento, vostedes teñen a maioría de votos en Suplusa e teñen hoxe en día, aínda que lles pese, unha grandísima responsabilidade sobre todo no que acontece nesa Sociedade.

Por iso, porque votaron que non á proposta de disolución do Presidente, chegamos a onde chegamos; despois veu todo o circo do verán, todo un circo mediático pero tamén o padecemento de moitos traballadores e traballadoras, vivimos o esperpento das chaves da Fonsagrada e outros moitos; e hoxe estamos no Pleno cunha proposta do Bloque Nacionalista Galego no que nos traen como acordo principal desa moción que se inicie a disolución da Sociedade que vai rematar inevitablemente no momento en que aconteza na liquidación; e se vostedes queren ser serios e responsables, e demostrarlle á sociedade que están para algo máis que para embarullar, para

embarrar, e para cobrar da política, hoxe poden ser absolutamente responsables e dicir que si queren a disolución de Suplusa, porque está nas súas mans en Suplusa e aquí.

E se vostedes din si, esa iniciativa que temos levado á xustiza pode quedar paralizada neste momento, pero vostedes teñen que dicir que si á disolución de Suplusa e iniciaranse os trámites, e unha vez iniciados os trámites de disolución seguirán o proceso que toda sociedade mercantil leva para unha disolución, para consolidarse finalmente na liquidación da mesma.

Polo tanto, Sr. Armesto, eu díxenlle na primeira intervención, e repitoo agora, nós dicimos si á disolución de Suplusa por perda de eficacia, por deixar de ser útil para a sociedade e para os veciños e veciñas da provincia de Lugo, sua é a responsabilidade do que queiran facer agora, máis adiante, ou do que fixeron xa”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Ferreiro, hai que medir as cousas, e na medida en que se midan non lle volven a un salpicadas. Resulta que vostede di que é escandaloso que haxa uns señores que teñen soldo e vaian a unha xunta de Suplusa cobrar asistencias, mire para o Sr. Veiga, mire para a xente que estivo oito anos, mire os anos que estiveron os seus delegados alí, que pasa? que agora xa non controlamos Suplusa?, dígalle ós seus antecesores e ós seus compañeiros que sentaron alí que os devolvan, porque se é escandaloso vostede tamén estivo uns meses; Sr. Ferreiro, hai que medir o que se di porque cando un escupe para arriba caelle na cara, en cuxo caso se poderá demostrar.

En canto ó manifestado pola Sra. García Porto, di que estaba de acordo comigo en que Suplusa era moi útil, claro que estamos de acordo todos, e que cambiou?, cambiou que en vez de estar o Sr. Presidente da Deputación de presidente alí está o Sr. Martínez, que o apoiaron e votaron vostedes, e nos tamén, iso é o que cambiou, que xa non está un goberno amigo, que xa non está o meu “Presi” de presidente. O segundo que cambiou sabe cal é?, porque non cambiou nada, o obxecto social o mesmo, a encomenda de xestión a mesma, o traballo o mesmo, o que valeu quince anos cambiou porque hai un señor, un histórico do PSOE, un señor que o deu todo polo PSOE,

vostede chegou antonte pero el non, e resulta que era persoa de confianza, eu vivino aquí e vino moitas veces durante oito anos de voceiro do Grupo Socialista, e resulta que agora xa non é amigo, iso cambiou, cambiou o presidente, cambiou que vostedes o expulsaron do Partido Socialista, cambiou que vostedes perderon a maioría absoluta.

Eu facíalle unha pregunta antes e quero que ma responda, vostedes teñen informes, e vostede os citou, dixo que o pediran á asesoría xurídica, a secretaría, e demais, pódenos garantir que neses informes que teñen vostedes no seu poder, e que non fan públicos, se garante que tódolos traballadores de Suplusa van poder ser transferidos á Deputación sen ningún problema?, non me diga de cantos de cisne, non me diga que está de acordo, non me faga aquí unha emenda que di que se garanta, non, eu pregúntolle se os informes que vostede ten, e que sabe que din o contrario, os pode mostrar, e se nos pode dicir o que din.

A partires de aí, se teñen problemas políticos co Sr. Martínez entre vostedes ou como sexa, arréglenos; a provincia necesita un goberno; Suplusa ten uns traballos pendentes que ten que facer, e nós estaremos nesa liña”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“En todo caso precisar que cando menos, que eu lembre, e se non é así pedirei desculpas e rectificareino, nos meses que tiveron dedicación exclusiva, que foron poucos, desta Institución, non houbo ningunha reunión de Suplusa, co cal non pode acusarme de cobrar ese diñeiro, que ademáis recordo perfectamente porque nin imaxinaba que por ir a esas reunións a unha persoa con dedicación exclusiva lle puideran pagar dietas, paréceme algo increíble, ir ás reunións dun organismo que se cobra xa por ser Deputado e a maiores cóbrase a reunión en horario de traballo. En todo caso, insisto, por se acaso pasou, que quede claro que pedirei desculpas porque eu non teño constancia de que a Sra. Candia convocara ningunha reunión de Suplusa, ata creo que eu non era nin membro do Consello de Administración naquela época.

En todo caso, a pesares de que os touros non é a miña especialidade nin me gustan demasiado, teño que dicir que agradezo o tono da intervención do Sr. Martínez, creo que incluso podemos discutir sen faltar ó respecto. Dicir tamén que eu son ignorante en moitos temas e en moitas cousas, non me considero unha persoa ignorante pero si que é certo que en moitas cousas recoñezo a miña ignorancia, a primeira cuestión en temas xurídicos, en todo caso ten un que fiarse nestes temas do que din ás veces outros que saben máis destas cousas.

Creo que non dá para moito máis o debate, eu insisto en que quero que quede constancia de que o BNG propón a disolución da entidade porque está nunha situación que pensamos cando menos de alegaldade.

E en canto ós traballadores tanto en activo como aqueles que foron seleccionados para traballar e aínda non foron incorporados, porque algún si que o foi, que quede claro que incluso por moitos informes que haxa que negan a legalidade da súa incorporación, vostedes aproben a disolución e verán como despois tanto os traballadores en activo como aqueles que foron seleccionados o Xulgado lles dará a razón e ó final acabarán tendo que ser absorvidos nas mesmas condicións ca estaban, lóxicamente ninguén fala de que sexan funcionarios nin funcionarias, pero terán que ser absorvidos pola Deputación. E sinceramente, con toda a honradez e con toda sinceridade, eu creo que é a única vía posible que teñen as 60 persoas seleccionadas para traballar nas residencias, para poder algún día, antes de que se xubilen, incorporarse ós seus postos de traballo”.

Rematado o debate, o Sr. Presidente anuncia que se vai someter a votación a moción presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e polo Sr. Deputado non adscrito). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA QUE A CORPORACIÓN PROVINCIAL MANIFESTE O REXEITAMENTO Á SUPRESIÓN DOS CUARTEIS DA GARDA CIVIL QUE EXISTEN NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión plenaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para que a Corporación Provincial manifeste o rexeitamento á supresión dos cuarteis da Garda Civil que existen na provincia de Lugo, que se basea nesta

Exposición de Motivos

Ante as informacións publicadas nos medios de comunicación durante estes últimos días sobre o peche de parte dos cuarteis da Garda Civil, en concreto 20 deles na provincia de Lugo, veciños e alcaldes lucenses teñen manifestado a súa oposición a esta medida, xa que non queren que este Corpo perda a súa presenza permanente nos seus respectivos municipios.

Nestas localidades valórase de forma moi positiva a labor que vén desempeñando a Garda Civil, polo que esta decisión do Ministerio de Interior está a xerar unha alarma significativa.

Tanto os rexedores como a veciñanza defenden a continuidade do servizo que presta a Garda Civil nos municipios con menor densidade de poboación. Os alcaldes destes municipios teñen trasladado en innumerables ocasións a importancia de que estes efectivos presten o seu labor nos seus concellos, especialmente naquelas localidade emprazadas no medio rural, onde seguen a desenvolver un importante traballo.

Así, existe inquietude por parte tanto dos nosos veciños ante o coñecemento desta posible reorganización territorial, peche dos cuarteis e das consecuencias que poidan ter para os municipios que poidan perder os seus acuartelamentos.

Cómpre ter en conta ademais que os socialistas, agora no Goberno do Estado, teñen defendido a necesidade de incrementar o número de efectivos, o que contrasta coa idea de pechar os cuarteis que acaban de facer pública.

Así mesmo, nas declaracións que acompañan ás informacións xa citadas o propio vicepresidente da Deputación e alcalde da Fonsagrada, Argelio Fernández Queipo, mostra o seu rexeitamento ao peche destas dependencias.

Este Grupo considera que antes de tomar esta decisión é preciso ademais coñecer todos os detalles e consecuencias que podería traer consigo esta decisión; aspectos que debería de analizarse na comisión sobre o modelo policial constituída no Congreso.

Debe terse en conta ademais a extensión e a orografía da nosa provincia e que para trasladarse dende a capital ou dende algunha cabeceira comarcal ou algún municipio se pode chegar a tardar máis dunha hora o que podería complicar a atención ás emerxencias que se poidan producir.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente moción para que a Corporación Provincial manifeste o rexeitamento á supresión dos cuarteis da Garda Civil que existen na provincia de Lugo e proponse a aprobación do seguinte acordo:

1º.- Que o Pleno da Corporación provincial manifeste o rexeitamento á supresión dos cuarteis da Garda Civil que existen na provincia de Lugo.

2º.- Instar ao Ministerio de Interior a que analice o reforzo de persoal daqueles cuarteis da Garda Civil que se atopen con menos efectivos neste momento.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“Engadir un novo punto co seguinte texto:

Instar á Xunta de Galicia a axilizar os trámites necesarios para o despregamento da Policía de Galicia, en cumprimento da Lei 7/2007 do 13 de xuño, a fin de contar cun corpo de seguridade propio e adaptado ás peculiaridades do asentamento territorial de Galicia, e que permita planificar, organizar e xestionar o servizo de seguridade pública desde os poderes e as institucións galegas, con solucións máis acaídas á nosa realidade”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Esta moción traémola a colación de que recentemente en varios medios de comunicación pública saen unha serie de noticias sobre que existe no Ministerio do Interior un plan para reordenar o futuro dos postos da garda civil en todo o Estado, e particularmente que nos afectaría ás provincias cun claro matiz rural e de despoboamento como é a de Lugo.

Trátase dunha vella proposta dalgunhas asociacións da garda civil que consideran que o futuro dos cuarteis da benemérita pasa por unha reorganización na cal se pechen os cuarteis nos que existen cinco ou menos efectivos e se reordenen para que ningún cuartel quede en España con menos de vinte efectivos.

Esa medida, que é unha proposta coñecida dende hai tempo, xa foi proposta ó anterior Ministro do Interior, o Ministro Zoilo do Partido Popular, e que está dende hai tempo nese Ministerio, non foi levada a cabo e nós cremos que debemos solicitar expresamente que o novo Ministro do Interior, o socialista Sr. Marlaska, non continue en levala a cabo. E iso por varias cuestións, creo que a ninguén se lle escapa que a aceptación que a garda civil ten nos cidadáns, e particularmente nos dos concellos pequenos, é unha institución que dá seguridade á vida diaria, e é unha institución moi valorada.

De continuar adiante ese plan proposto por algunha asociación, na provincia de Lugo podería afectar aproximadamente a unha vintena de postos da garda civil que terían que pechar, e isto crea alarma neses concellos nos cales xa varios Alcaldes se posicionaron en contra, e cremos que este órgano provincial así o debe facer tamén.

Por tanto este é o sentido da moción, existe tamén algún comentario nalgún ámbito público dalgún medio dicindo que o actual Ministro está na liña de continuar con esa proposta da asociación da garda civil e levala adiante. Nós dende logo opoñémonos a tal medida porque ademáis, e como dixeran antes, estamos falando dunha institución das mellor valoradas en tódalas súas actuacións tanto nas disuasorias coma nas preventivas, e no éxito que en canto ó esclarecemento de asuntos delectivos e demais ten, e creo que é dun amplo consenso.

Simplemente, por non poñer moitos máis exemplos, e para exemplificar a importancia que ten por exemplo en calquera dos nosos concellos, no de Sarria que o próximo domingo está anunciado un despregue importante da garda civil porque vai haber unha tourada, aínda que é certo que se supón que haberá menos participantes porque os afiliados do BNG e algúns do Partido Socialista que antes estaban en contra agora son os que a autorizan de xeito exprés, urxente, e prioritario. Polo tanto, mesmo neses casos, cremos que tódolos concellos deben ter esa dotación, que ten un ámbito rural claro, e que tódolos cuarteis, aínda que non cheguen a eses vinte efectivos, se manteñan abertos.

Por outra banda, tal e como o novo Goberno está anunciando de forma sistemática un incremento de ingresos estatais, un aumento dos impostos a tódolos cidadáns, un aumento do déficit público, é dicir unha política económica Zapatero II, supoño que nesas previsións de incremento de gasto público tamén se pode apuntar a posibilidade de aumentar o número de efectivos necesarios para cubrir as necesidades de toda a provincia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Estamos de acordo co que se propón, pero levamos de acordo moitos anos, Sr. García, vostede o recoñece; isto apareceu na opinión pública, preguntémonos porqué, xusto despois do cambio de goberno, pero asegúrolle que non elaborou ningún documento o goberno actual de España, elaborárono vostedes, o Partido Popular que estivo no goberno durante uns anos planificando como o facía, e ocultárono.

O Sr. Carballo, Subdelegado do Goberno durante anos na provincia de Lugo coñecía a existencia deste plan para reducir o número de cuarteis na provincia de Lugo e non nos dixo nada?, non o podo crer señor García; e o Partido Popular acordouse de levalo ós plenos das corporacións?; agora, aínda sabendo da existencia deste documento con anterioridade, e non tivo o atrevemento de facelo cando gobernaba o Partido Popular en Madrid?, non o podo crer porque vostedes son o Partido da coherencia, e vostedes están do lado dos veciños e se lle teñen que dicir a Rajoy cando gobernaba que non se podían pechar cuarteis na provincia de Lugo dicíanllo, iso non o escoitamos, igual llo dicían por whatsapp e como estaba mandándollos a Bárcenas non atendía ós seus, pero din que llo dicían, iso non se coñecía.

E de repente cambia o goberno e anuncian o cataclismo os do Partido Popular de que van desmantelar os cuarteis da garda civil; a Subdelegada do Goberno dixo con claridade que non está na axenda política nin da Subdelegación nin do Ministerio do Interior, estaba cando gobernaba Rajoy, cando o Sr. Carballo era Subdelegado do Goberno e vostedes calaban; esa é a realidade.

Co cal nós estamos de acordo coa moción, pero levámolo estando sempre; tamén levamos anos reivindicando que se reforce o número de efectivos nos cuarteis e nas comisarías, vostedes nunca estiveron de acordo porque baixaba a criminalidade, todo isto era unha balsa de calma e paz, agora xa hai Alcaldesas como a de Mondoñedo que cando no 2016 houbo unha oleada de roubos a garda civil non necesitaba ser reforzada en Mondoñedo, pero no ano 2018 ante a primeira baixa piden que se substitúan as baixas; porque vostedes son absolutamente coherentes, e o primeiro para vostedes son os veciños e veciñas da provincia, é verdade que o explicitan en función de quen governe nun lado ou noutro; e eu preguntome se existía este plan, porque a mín o que me di a Subdelegada do Goberno é que na Subdelegación non hai absolutamente nada disto, igual o levou o Sr. Carballo para a casa por se lle fai falta, se volve gañar o PP as eleccións ou ten a posibilidade de

gobernar ó mellor volve á Subdelegación, porque Alcalde de Lugo creo que ten un pouco complicado selo aínda que anda pedindo auxilio por aí ós Xulgados, pero como ten un pouco complicado selo ó mellor levouno para a casa e cando volva fano.

Porque o que si se sabe é que o Partido Popular recurta, porque hai menos médicos que antes de empezar a gobernar Feijóo, que é do PP, aínda que o poña en pequeniño nos carteis electorais, é do PP, polo tanto hai menos unidades asistenciais tamén; hai menos profesores que cando empezou a gobernar; ata hai menos liñas de transporte público pola provincia de Lugo que cando empezou a gobernar o Sr. Feijóo do Partido Popular; hai menos profesionais da garda civil e da policía, que agora ó mellor é culpa dos tres meses que leva gobernando o Partido Socialista, igual os espantou e marcharon e non é que se foran xubilando ou foran pedindo traslados e non se repuxeron durante os anos de goberno do Partido Popular, e iso non lles preocupaba, agora preocúpalles esta alerta que vostedes mesmos crearon e lanzaron á opinión pública precisamente para desviar a atención.

E nós dicímoslle que imos apoiar a súa moción, que o Pleno da Corporación Provincial manifeste o rexeitamento á supresión dos cuarteis da garda civil que existen na provincia de Lugo, ten vostede razón, apoiamos que se manifeste ese rexeitamento, como vimos apoiando dende hai moitos anos. Tamén instar ó Ministerio de Interior a que analice o reforzo de persoal daqueles cuarteis da garda civil que se atopen con menos efectivos neste momento; a análise é moi fácil, só con repoñer os que se perderon dende que gobernou Mariano Rajoy ata que foi desbancado do Goberno do Estado xa avanzaríamos moito; cantas veces o dixemos!, e onde estaban vostedes?, estaban instalados na súa coherencia?, na súa coherencia de agora gobernamos e nada podemos dicir e poñemos escusas e facémos o que sexa pero nada dicimos.

Polo tanto benvidos á reivindicación, na reivindicación xusta e dos veciños sempre atoparán ó Partido Socialista, governe quen governe. E isto non ten que ver cos touros, non aproveite que lle deixen falar un pouco para falar das touradas, eu non sei quen o autoriza o que sei é que os veciños dixerón que vostede non era quen de autorizalos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Menos mal que o Sr. García lle puxo un pouco de humor á sesión con iso dos touros, ou é que van vir moitos touros ou vai vir moita xente, ou teñen medo que escapen os touros, porque falou dun despregue da garda civil e eu non creo que faga falta tanto despregue.

En canto ó fondo da cuestión, efectivamente o Partido Socialista presentou unha proposta semellante o 30 de setembro do 2014, non era en contra da supresión dos cuarteis senón que era pedindo máis forzas de seguridade no rural. Dende logo que esa preocupación nós entendemos que a hai, aquilo que propoñía o Partido Socialista xa hai catro anos, outra cousa é que a solución para dar seguridade no rural sexa a existencia dos cuarteis tal e como están concebidos; e non son palabras miñas, non o está dicindo o Bloque Nacionalista Galego senón que o están dicindo traballadores e traballadoras das forzas de seguridade do Estado dentro da garda civil, que se reuniron con nós, os que estamos aquí, e membros da agrupación da garda civil xa nos trouxeron no ano 2014 e 2015 e nos plantexaron as súas demandas a tódolos Grupos Políticos.

Claro que o concepto de un cuartel en cada concello non se corresponde coa función que teñen que desenvolver as forzas de seguridade, hoxe en día hai moitísimos medios tecnolóxicos para ter “controlada” a toda esa banda de cacos que están asaltando polígonos industriais e casas, e que están metendo medo sobre todo á xente maior que vive no rural, casas que están apartadas, que non teñen a suficiente iluminación, igual ca moitos negocios, entón aí si que algo hai que facer en materia de seguridade. E o de que os cuarteis queden aí, e eu seino por palabras de xente da garda civil no concello de Barreiros, oito gardas civís para un concello que ten durante nove ou dez meses dúas mil vivendas onde non vive ninguén é imposible esixirlle ás forzas de seguridade do Estado que eviten os roubos, porque non poden aínda que tiveran dezaseis.

Nós dende o Bloque Nacionalista Galego xa o propuxemos no Parlamento, propoñémolo sempre nos programas electorais á Xunta de Galicia, e propuxerámolo tamén cando presentara esa moción o Partido Socialista que é esta emenda de engádegas que hoxe volvemos presentar, que é o despregamento e a creación da Policía de Galicia, sabemos que hai unha Policía autonómica pero

que está limitadísima para unhas determinadas funcións en materias medioambientais, de inspección veterinaria, incluso polos restaurantes, pero non é unha forza de seguridade a disposición do pobo galego e de todas e todos, porque ninguén mellor cá eles, que é unha Policía pensada dende aquí, ía coñecer a realidade do noso rural e do noso país.

Polo tanto, independentemente de que sexan máis ou menos necesarios os cuarteis, que repito que non ía solucionar o problema de inseguridade que se vive sobre todo en concellos pequenos no rural, propoñemos instar á Xunta de Galicia a axilizar os trámites necesarios para o despregamento da Policía de Galicia, en cumprimento da Lei 7/2007 do 13 de xuño, a fin de contar cun corpo de seguridade propio e adaptado ás peculiaridades do asentamento territorial de Galicia, e que permita planificar, organizar e xestionar o servizo de seguridade pública desde os poderes e as institucións galegas, con solucións máis acaídas á nosa realidade; creo que só así, tendo esa policía galega podíamos abordar doutro xeito e con efectividade a situación de inseguridade que se vive en moitos lugares”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Simplemente para recordar que eu nun recente problema que tiveron nesta Institución pedín que viñera a Garda Civil a botarme, entón obviamente apoio que a Garda Civil siga onde está; iso si, tamén defender que é algo que veño defendendo dende o ano oitenta e pico que creo que efectivamente teñen que reorganizarse e ir a cuarteis comarcais e non ós cuarteis que teñen, pero é unha decisión que non me compete pero que creo que debe figurar en acta”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Agradezo moito a intervención do Sr. Santos porque dá para facer unha serie de reflexións. En primeiro lugar que o que debatemos hai uns meses neste Pleno para ter unha provincia libre de touradas e que parte de vostedes votaron en contra, agora considéranos unha trangallada, e o que era daquela un maltrato animal agora é unha trangallada que non lle importa a ninguén; ó mellor iso ten que ver con que en Sarria cando gobernaba o Partido Popular no concello

había touros porque quería o Partido Popular no concello, e agora como gobernan vostedes e o fan por decreto, por urxencia e por preferencia, non pasa de ser unha trangallada.

En todo caso, é moi importante iso que di vostede da coherencia, porque vostedes calquera cousa menos coherentes; efectivamente o Partido Popular mentres gobernou non trouxo esta moción simplemente porque confiabamos na coherencia do Goberno que había, e de feito así o fixo porque nunca pechou eses cuarteis en sete anos. Sen embargo agora xa non está ese goberno coherente senón que están outros, uns que ían facer unha modificación da reforma laboral, e xa non é necesaria; uns que ían aforrar moito diñeiro pero agora van a vodas e concertos en avións e en helicópteros públicos; uns que estaban en contra das bombas que se vendían pero agora si que as venden porque agora son intelixentes e non matan.

Con todo ese panorama permítame que dubidemos da coherencia do Goberno de España; pero é que ademáis vostedes xa son incoherentes por natureza e por encima teñen outros socios, todos eses que os apoian para estar onde están, os independentistas cataláns, os independentistas vascos, que non son moi sospeitosos de ser favorables á garda civil e igual os volve empuxar, porque sabemos que o Presidente do Goberno por manterse onde está sen eleccións aguanta o que faga falta. Por tanto coherencia de vostedes, e de vostede, ningunha Sr. Santos; nós se non o presentamos era porque confiabamos no Goberno e demostrou que non se pechou ningún cuartel nesta provincia; neste novo Goberno imos ver o que pasa, e gústanos moito que voten a favor, pero imos ver o que fai o seu goberno coherente, nós confianza nel ningunha, e máis cando o Ministro do Interior é unha persoa que xa ve o que pensan del outros membros do Goberno e algunha compañeira Ministra súa.

Polo tanto coherencia súa ningunha, porque ó mellor agora estamos votando todos unánimemente pero vén o seu Goberno coherente e pecha vinte cuarteis nesta provincia, porque se outros llo din, os de Podemos seguro que preferían unha guardia pretoriana máis tipo Venezuela, e os independentistas non queren saber nada da Garda Civil; polo tanto non vaia ser que vostedes, por seguir onde están sen eleccións, ó mellor ata pechan cuarteis da Garda Civil en España. Por tanto celebramos moitísimo esta onda de coherencia de todos, pero agardemos que o Goberno non falle porque o anterior foi coherente e non fallou neste asunto.

Con respecto á emenda do BNG non podemos aceptala porque vostedes traen aquí unha cousa que non ten nada que ver con isto. Estamos de acordo, presenten unha moción e falaremos do despregamento da Policía Local en Galicia, pero iso é un tema distinto, nin sequera territorialmente é unha natureza que teña algo que ver coa implantación rural que ten agora mesmo a Garda Civil; non vaia ser que no Ministerio á súa proposta vaia dicir que agora si que se van pechar os cuarteis da Garda Civil porque xa vai haber moitos máis policía, son ámbitos distintos. E se queren traer esa moción do despregamento da Policía de Galicia con reformas, fágano, e xa veremos o que lle votamos, dende logo non imos mesturar churras con merinas e nós queremos que non se pechen os cuarteis da Garda Civil nesta provincia.

Entonces agardo que saquemos por unanimidade a moción, e o seu supergobierno coherente agardemos que non peche os cuarteis como non fixo o goberno anterior”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“É moi coherente pedir ós demais que non fagan o que os de un fixeron absolutamente en todo.

Sr. Veiga, non llo dixo o Sr. García pero voullo dicir eu, como é vostede tan atrevido de traer algo ó Pleno que fale do Sr. Feijóo?, non ve que iso non pode ser, parece mentira que leve case unha lexislatura enteira aquí e non se dera conta, como vai falar vostede do Sr. Feijóo!, dese señor non se fala, e ese señor non é do PP, ó mellor é dalgunha multinacional, ó mellor é dalgunha gran empresa ou dalgún capital; e sexamos coherentes como o é en todo o PP, denunciámos á Alcaldesa de Lugo por manter os servizos públicos municipais pese a estar traballando nos contratos e que temporalmente teñan que estar prorrogados, contratos que son accesibles para todo o mundo, os de Marcial Dorado coa Xunta de Galicia iso foi unha casualidade, non pareceu un accidente, foi un accidente porque o di Feijóo que non é do PP, eses desapareceron; sexamos coherentes, Sr. García.

Porque isto é unha tragallada, se ata está vostede preocupado porque haxa touros en Sarria, manda narices!, vostede estao dicindo, di que é iso de estar aprobando agora que haxa touradas en Sarria, eu nunca tal cousa vin. Pero mire, o dos cuarteis é moi sinxelo, vostedes confiaban no Goberno e o Goberno de Rajoy, do PP, todos estes, que ó mellor tamén é verdade que había menos policía en Lugo e xa tiñan que estar alí na Calle Génova porque non daban feito para carretar para a Gürtel e para as outras condeas; pero mire, o goberno de Rajoy no que vostedes confiaban estaba elaborando un estudo para pechar os cuarteis na provincia de Lugo, e tiña moi ben preparado, e mire se o tiña preparado que en canto deixaron o Goberno mandárono á opinión pública para que o coñeceran e trataran de culpar a outros; Sr. García, vostede en quen confía?, porque isto a mín dáme medo.

Nós seguimos pensando o mesmo, daquela e agora; este é un tema que hai que planificar, que hai que estruturar, con moito cuidado polas razóns en que todos coincidimos, polo efecto que xera na poboación e tamén evidentemente pola necesidade de protección que precisamos no noso contexto demográfico, orográfico e demais.

Pero se hai unha cuestión coa que seguro que estamos de acordo é que este debate prodúcese porque hai poucos efectivos da garda civil, porque hai menos gardas civís que habían antes, e iso é responsabilidade do goberno no que vostede confiaba que dende o ano 2011 ata este ano non convocou prazas para cubrir vacantes de gardas civís, convocou unhas poucas que foron absolutamente insuficientes para todo o Estado cando viu que non era capaz de soportar a situación ante a opinión pública, pero durante sete anos do que se preocupou era de, mentres facía este estudo, ir desmantelando os cuarteis de persoal de gardas civís para que cando chegara a hora désen os números.

Polo tanto evidentemente nós imos votar a favor, e vostedes alégrome moito de que aínda que sexa con retraso e en diferido, como lle pagaban ó Sr. Bárcenas, que tamén era do PP, lle dean un tirón de orellas ó Goberno de Rajoy, ó Subdelegado Carballo, por estar planificando o peche de cuarteis na provincia de Lugo mentres vostedes calaban a boca”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Unha mágoa que o Partido Popular non acepte esa emenda de engádegas, que si fora aceptada no 2014 polo Partido Socialista, e votado por Deputados e Deputadas que agora sentan aí, cambian de opinión segundo os tempos.

O problema segue sendo o mesmo, polo tanto a vostedes dá a impresión de que a seguridade dos nosos veciños e veciñas non lles interesa moito, simplemente había que presentar esta moción porque agora non están gobernando no Estado, e virán moitas máis desas.

A mín o que me chama a atención é que nunca lles vin pedir a vostedes máis médicos, aquí trouxéronse varias mocións, dende logo non polo Partido Popular senón polo Bloque Nacionalista Galego e tamén polo Partido Socialista, para dotar de médicos a diversos centros de saúde; trouxéronse mocións aquí para pedir máis pediatras pero, como dicía o Sr. Santos, iso era pedirlle a Feijóo, entóns tampouco; para pedir máis mestres, para pedir máis carteiros, cando estaba Rajoy gobernando, para iso nada; o gran problema do rural para o Partido Popular é que non ten Garda Civil.

Sexan un pouco serios, lean a emenda, e vostede que é de leis, Sr. García, vaia á Lei 8/2007 de 13 de xuño, coma se houbera que deixala sobre a mesa, e mentres tanto léaa para ver se non sería positivo desenvolver unha Policía Galega, creo que ninguén se ía enfrontar a iso, e a cidadanía seguro que ía entendelo, pero claro, iso é unha cousa de nacionalistas!, non vaia ser que cren aquí os mossos d’esquadra ou outra ertzaintza, que curtiños de miras son!, curtos de miras e frikis porque o tema de Sarria é de frikis; e voulles contar o que aconteceu en Foz no ano 1969, porque o escribe Suso Fernández que é o cronista oficial de Foz, el era membro dunha comisión de festas e nese ano decidiron facer unha corrida de touros no prado de ramos ó lado da praia da Rapadoira, era todo un acontecemento, trouxeron unha praza de touros móbil e trouxeron os touros, eran vaquillas, pecharon todo e saíron os touros, e o grupo musical que trouxeron para amenizar, que era de Mondoñedo, non tiña pasodobres e acabou tocando a muiñeira de Chantada, saíron os touros ó son da muiñeira de Chantada pero cando saíron os toureiros os touros estaban pacendo porque era

un prado e houbo que suspender a corrida; isto é para exemplificar a frikada e a burrada que vostedes, o Partido Popular, apoia en Sarria, son antipaís total, dan auténtica pena”.

Neste momento o Sr. Presidente indícalle ó Sr. Veiga Outeiro que debe cingirse ó tema que se está tratando neste punto.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para rematar, din que non nos admiten a emenda que creo que era moi positiva, polo tanto tampouco imos apoiar a moción porque non vai ó fondo do problema nos temas de seguridade; polo tanto ímonos abster”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“A verdade é que, sen faltarlle ó respecto a ningún de vostedes, creo que estiveron un pouco espesos.

Sr. Veiga, vostede chámalle frikis ós sarrianos, cousa que vou lembrar eu no Pleno do xoves porque imos falar deste tema, vou dicir que vostede dixo que os sarrianos son uns frikis, cando os que dan a licenza para que haxa touros de forma urxente son vostedes.

Con respecto a intervención do Sr. Santos, a súa espesura aínda é máxima, dixo que non sei se sabiamos que Feijóo fora do PP, pois si que o sabemos, e xa lles gustaría a vostedes ter a alguén coma Feijóo, vostedes non saben porque deses que gañan eleccións con maioría absoluta non saben nada, e vostede en primeira liña; vostede fáltalle ó respecto ó Presidente da Xunta coma se fora un señor que acaba de chegar cando é un Presidente que leva moitos anos coa maioría absoluta do pobo galego detrás, cousa que a vostede xa sabe como lle vai; eu nunca perdín unhas eleccións e vostede nunca gañou ningunha nin se lle acerca a gañalas, hai unha diferenza sensible.

Agora veu o Sr. Pedro Sánchez e fixoo bo a vostede, e tamén arrampla con todo e goberna sen eleccións, ou sexa que viva la Pepa!.

Nós estámoslle pedindo ó novo Partido Socialista que goberna en Madrid, do que non nos fiamos absolutamente nada por suposto, e creo que case ninguén en España, a coherencia que tivo o Goberno e o Presidente anterior que, pese a unha proposta que existía de asociacións de gardas civís para pechar determinados cuarteis, nunca se pechou ningún Sr. Santos, e non escupa para arriba porque ó mellor pasado mañá o desautorizan completamente e si que se pechan algúns, non nos estrañaría nada porque xa sabemos a arte da rectificación e da ratificación e de como funcionan no novo Goberno.

Polo tanto alégrame moito que hoxe voten a favor desta moción, porque en sete anos o Sr. Rajoy, que tamén é do Partido Popular, non pechou ningún cuartel, agardemos que o Sr. Sanchez que leva catro días, e xa leva unhas cantas encima, non os peche, porque senón recordareille a súa coherencia, a do seu Grupo e a dos seus líderes políticos que, comparalos cos que gañan eleccións é un pouco atrevido dende a ética democrática que practican; polo tanto leccións ningunha. E se antes non o trouxemos foi porque confiámos que o Goberno non pechara ningún cuartel na provincia, e non os pechou; agora non confiámos no novo Goberno e traémolo por suposto, só faltaría que nos viñera vostede dicir as mocións que temos que presentar, xa bastante ten no seu Partido e no seu Grupo que mire como o ten.

Nós mentres gobernabamos non tiñamos esa dúbida pero agora si que a temos, por iso lexítimamente traemos esta moción en defensa de moitos concellos, algúns gobernados polo Partido Socialista, nos que sempre houbo un cuartel con gardas civís e que non queremos que se pechen. Entón espero que non lle teña que caer a cara de vergoña dentro duns días se o Goberno volve cambiar de opinión nisto coma en tódalas outras cousas que prometeu”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 23 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial Socialista, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 2

(correspondientes aos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

1º.- Que o Pleno da Corporación provincial manifeste o rexeitamento á supresión dos cuarteis da Garda Civil que existen na provincia de Lugo.

2º.- Instar ao Ministerio de Interior a que analice o reforzo de persoal daqueles cuarteis da Garda Civil que se atopen con menos efectivos neste momento.

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA A QUE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CEDA A RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES “RESIDENCIA O CASTRO” E DOS TERREOS SOBRE OS QUE SE ASENTA AO CONCELLO DE CASTROVERDE E Á ORDENANZA DE PREZO PÚBLICO DAS RESIDENCIAS E CENTROS DE DÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa a que a Excma. Deputación Provincial de Lugo ceda a Residencia e Centro de Día para persoas maiores “Residencial o Castro” e dos terreos sobre os que se asenta ao Concello de Castroverde e á ordenanza de prezo público das Residencias e Centros de Día da Deputación de Lugo, que se basea nesta

Exposición de Motivos

O Pleno do Concello de Castroverde na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de xullo de 2018 aprobou a solicitude á Deputación Provincial de cesión da Residencia e Centro de Día para persoas maiores “Residencial O Castro” e dos terreos sobre os que se asenta, adoptando os seguintes acordos:

“PRIMEIRO.- Solicitar, da Deputación Provincial de Lugo, a entrega e cesión a este Concello, tanto da edificación “Residencia e Centro de Día para Persoas Maiores “Residencial O Castro” situada na rúa Alcalde Xetas número 11, no Concello de Castroverde, co seu respectivo amoblamento, como dos terreos sobre os que se asenta esta edificación, e dos que xa se deixa feito mención no corpo do acordo do Consello de Administración xa referenciado, e todo elo nos mesmo termos nos que a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A. os entregou e cedeu a esa Deputación Provincial, mediante acordo adoptado, polo seu Consello de Administración, en reunión celebrada o 8 de marzo de 2018.

SEGUNDO.- Solicitar, da Deputación Provincial de Lugo, que se aplique a este concello o réxime económica de achega financeira da Deputación, prevista para o resto dos Concellos da rede de residencias dependentes da Deputación Provincial de Lugo”.

Tendo en conta que transcorreron máis de tres anos desde que foi construída esta residencia sen que a mesma estea en funcionamento o que prexudica os intereses da veciñanza do Concello de Castroverde, desde o Grupo Provincial Popular consideramos que é necesario que de maneira urxente se tomen as medidas necesarias para poñer fin a esta parálise respecto á posta en funcionamento desta residencia e centro de día e cremos que a cesión ao propio concello é a mellor forma posible para conseguilo.

Deste xeito, na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial celebrada no mes de xullo, desde este Grupo preguntamos se a Deputación tiña previsto cursar esta solicitude e en que data. A resposta do Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo foi a seguinte: *“a petición creo que entrou a semana pasada, eu non a vin pero xa teño falado co Alcalde en que non habería problema en cederlle a residencia ou facer o convenio como tiñamos planeado cos outros concellos”.*

Por outra banda e co obxectivo de dar un paso máis na posta en marcha destes centros e para que estean en funcionamento o antes posible, consideramos necesario que se eleve ao seguinte Pleno da Deputación Provincial de Lugo a Ordenanza de Prezo Público das residencias e centros de día do Ente Provincial.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa a que a Excm. Deputación Provincial de Lugo ceda a Residencia e Centro de Día para persoas maiores “Residencial o Castro” e dos terreos sobre os que se asenta ao Concello de Castroverde e á ordenanza de prezo público das Residencias e Centros de Día da Deputación de Lugo e proponse a aprobación do seguinte acordo:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que a Excm. Deputación Provincial de Lugo acceda ao solicitado polo Concello de Castroverde e, polo tanto:

a) Proceda á entrega e cesión ao Concello de Castroverde, tanto da edificación “Residencia e Centro de Día para Persoas Maiores “Residencial O Castro” co seu respectivo amoblamento, como dos terreos sobre os que asenta esta edificación, e todo elo nos mesmos termos nos que Suplusa os entregou e cedeu á Deputación mediante acordo adoptado polo seu Consello de Administración en reunión celebrada o 8 de marzo de 2018.

b) Que se aplique ao Concello de Castroverde o réxime económico da achega financeira da Deputación, prevista para o resto de concellos da rede de residencias dependentes da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que o Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo eleve ao seguinte Pleno da Corporación Provincial a Ordenanza de Precio Público para a estancia en residencia e centros de día da Deputación Provincial de Lugo e que inclúa os seguintes puntos:

- Para garantir a intervención e o control público do acceso aos centros de atención a persoas maiores y das prestacións que se realicen crearanse órganos colexiados para a selección e o seguimento da prestación do servizo cunha composición paritaria que deberá reunirse periodicamente.

- Impulsarase unha xestión dos servizos de atención a maiores pública e responsable, primando a calidade na atención ao usuario.

- Importe do prezo público. A contía do prezo público fíxase en función do plan de viabilidade económica do ano 2015, é dicir, establecece un prezo por praza nas residencias de 1.100 euros mensuais e de 600 euros pola praza nos centros de día.

- Establecemento da capacidade económica e das persoas obrigas ao pago.

Calcularase a capacidade económica do residente ou dos responsables subsidiarios, de acordo aos seguintes elementos de valoración: renda, patrimonio y número de persoas da unidade familiar.

Por **renda** enténdese a totalidade dos ingresos da unidade familiar derivados de:

- Rendementos do traballo, incluídas pensións y prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime.
- Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario.
- Rendementos das actividades empresariais ou profesionais.

Por **patrimonio** se enténdese a totalidade do capital mobiliario e inmobiliario da persoa usuaria, ou dos responsables subsidiarios, desde os cinco anos anteriores ao inicio da prestación. Para a estimación do valor deste seguiranse as normas establecidas para o Imposto sobre o Patrimonio.

Por **capital mobiliario**, enténdese os depósitos en conta corrente e a prazo, fondos de inversión e fondos de pensións, valores mobiliarios, seguros de vida e rendas temporais ou vitalicias, obxectos de arte, antigüidades, xoias e outros obxectos de valor.

Por **capital inmobiliario** enténdese os bens de natureza rústica y urbana.

Existirá unidade familiar en todos os casos de convivencia do usuario con outras persoas unidas con aquel por matrimonio ou relación análoga á conxugal e por lazos de parentesco de consanguinidade ata o segundo grado.

Para a valoración da capacidade económica poderase esixir tanta documentación acreditativa se considere necesaria e a falsificación ou ocultación de datos sobre a mesma, poderá

dar lugar á suspensión temporal ou definitiva da prestación do servizo. A valoración da capacidade económica dos obrigados ao pago pola prestación deste servizo, levarase a cabo polo Servizo de Servizos Sociais da Deputación de Lugo, que resolverá, en consecuencia, fixando a cantidade a aportar por el residente o ben polos seus familiares directos o titores. Nos casos en que las cantidades aportadas polos residentes non alcancen a totalidade do prezo público, se cubrirá el resto con subvenciones de Entidades Públicas.

- Importe a aboar polos usuarios.

En función da capacidade económica do usuario, fixarase a cantidade a aportar polo usuario.

En función dos ingresos do usuario calcularase o mínimo vital que lle corresponde (contía mínima para gastos persoais que quedarán a súa disposición) (este mínimo vital ten que ser, polo menos, o 25% dos seus ingresos).

O restante dos ingresos do usuario irán destinados a sufragar a cantidade que lle corresponde do custe da praza, calculada en función da súa capacidade económica.

As persoas que teñan recoñecido un grao de dependencia e estean á espera de acceder a unha praza nunha residencia da Xunta de Galicia, poderán obter o Bono Autonomía en Residencia para a adquisición dun servizo de atención residencial co fin de sufragar o custo da súa estancia nun centro da Deputación de Lugo mentres agarda, se así o desexa, pola súa incorporación a unha praza nun centro da Xunta de Galicia. Para isto, os centros deberán cumprir os ratios de persoal para a atención de persoas dependentes.

- Axudas públicas.

A diferenza entre o custe real mensual do servizo y o prezo efectivamente pagado por cada usuario será financiado pola Deputación Provincial de Lugo y polo Concello da vecindade de cada usuario coa seguinte distribución de cantidades e máximos:

a) A Deputación asumirá o 75% da diferenza entre o custe efectivo real do servizo e o prezo efectivamente pagado por cada usuario, cos seguintes límites:

- 600 euros por usuario e mes en praza de residencia
- 300 euros por usuario e mes en praza de centro de día e xornada completa, entendendo por tal un mínimo de 8 horas de luns a

venres. Para as xornadas diarias inferiores aplicarase una redución proporcional

a) Os Concellos de máis de 5000 habitantes nos que se encontre cada centro asumirán a maior das seguintes cantidades

- o 25% da diferenza entre o custe efectivo real de cada praza y o prezo efectivamente pagado por cada usuario ou
- la diferenza entre o custe efectivo real da praza menos 600 ou 300 euros

b) Os Concellos de menos de 5000 habitantes nos que se encontre cada centro asumirán o pago do 25% da diferenza entre o custe efectivo real de cada praza e o prezo efectivamente pagado por cada usuario, en todo caso, asumindo a Deputación o 75% da diferenza

c) O Concello de procedencia de cada usuario cando este non coincida co da ubicación do centro, deberá de financiar a porcentaxe que lle corresponde ao Concello sede do Centro durante un período de seis meses ou ata que o residente compute como habitante do Concello sede do Centro para a distribución de participación dos municipios nos tributos do Estado, se este período fose superior.

Os Concellos dos usuarios de centro de día que asistan a centros ubicados noutros Concellos deberán de satisfacer o importe da diferenza entre o custe real efectivo da praza e o importe satisfeito polo usuario na parte que lle corresponde ao Concello. Para poder implantar este financiamento é necesario que os Concellos afectados subscriban convenios específicos de adhesión ao sistema.

No suposto de que o Concello de orixe do usuario (no que se encontra empadroadado) non se faga cargo do financiamento previsto neste apartado, deberá de ser aboada pola Deputación de Lugo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Despois de tanta cita a Mondoñedo e á miña persoa durante todo o debate, traemos dende o Grupo Popular unha moción relativa a que esta Institución curse unha solicitude da Corporación do Concello de Castroverde; creo que é innecesario contextualizar, ou ó mellor si que non é tan

innecesario despois dese Consello de Administración que celebramos nese concello da provincia de Lugo, en Castroverde, sendo ademáis a primeira das residencias que se remataba e que contaba cos correspondentes permisos para a súa apertura, estando presentes, cando daquela a xente aínda asistía ós Consellos de Administración, probablemente coa mesma normativa e coa mesma encomenda de xestión que aínda está en vigor, e permítanme que cite a validez que lle outorgou aínda recentemente neste ano, o 10 de abril, o Pleno desta Corporación.

Nese Consello de Administración todo o mundo asumiu uns compromisos, hai que dicir que había ademáis un bo entendemento, non os que se viviron nalgún dos debates desta sesión plenaria, como sempre se viviu en Suplusa porque baste ver as actas tanto do Consello de Administración coma da Xunta Xeral que nunca houbo excesivo debate e independentemente de quen fixera as propostas a discrepancia non era moi común, especialmente no tema das residencias onde, como moito, este Grupo nalgunha ocasión se ten absterido por exemplo cando se identificaron os concellos onde se ían construír as residencias, pero non por iso se fixo máis crítica política.

Hai que recordar tamén que así como outros concellos que contan con tódolos permisos para poder ter as súas residencias en funcionamento, aínda que non o estean, e o único concello que non se apartou dese convenio que se asinou no seu momento, que tampouco se impugnou nin se denunciou, polo que entendemos que está en vigor, neste caso ata que unha sentenza xudicial diga o contrario, quere facer cumprir ese acordo. Tivo ademáis a unanimidade de tódalas forzas políticas, e hai que dicir que o Partido Popular está tendo dende logo unha postura moi construtiva e moi colaboradora co goberno de Castroverde, e cada vez que reivindica a apertura desta residencia tende a man e dá o seu voto favorable.

Podería considerarse, como así se comprometeu o Presidente da Deputación Provincial neste Consello de Administración, que fora imprescindible a aprobación da ordenanza de prezo público; este Grupo agora xa ademáis tivo acceso non só ó plan de viabilidade que se enviou no 2015 para poder abrir a residencia de Castroverde, senón tamén ó estudo económico que se contratou a unha empresa privada despois do pagamento dos 18.000 euros, neste caso o que teño no meu poder é o que fai o estudo de viabilidade económica e financeira para o centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, pero da lectura do mesmo informe reproduce as mesmas

necesidades e pódese facer extensivo, agás que digan o contrario pero dende logo coa documentación que temos enriba da mesa non podemos afirmar outra cousa, a outras das residencias que teñen a mesma tipoloxía.

É evidente que a maioría destes centros están rematados, algúns deles inaugurados, un deles xa coa visita do anterior Presidente da Deputación; tamén é evidente que temos a obriga de abrilas e poñelas en funcionamento, e por suposto respectando a autonomía local. Cando este Pleno aprobou os convenios cos concellos sempre pedimos que se votaran por separado porque non tódolos concellos tiñan as mesmas circunstancias, había concellos que tiñan un convenio asinado que nós entendiamos que permitía a apertura das residencias dunha maneira máis áxil e inmediata, que permitía un custe para os usuarios menor, así o acreditan os informes económicos, e que ademáis respectaba a autonomía local; os que quixeron rachar ese escenario asinado no seu momento están no seu lexítimo dereito, tamén estaremos nós en explicar se nos parece que a decisión é acertada, pero os que non queren rachar ese convenio e o queren poñer en marcha e en funcionamento creo que, co mesmo principio de respecto da autonomía local, debemos poñer os medios para que así sexa.

Isto é o que traemos hoxe aquí, que se curse unha solicitude que, se non teño entendido mal, xa se fixo en xullo deste ano e que aínda non tivo contestación, e que sirva este documento como un escenario para consensuar o prezo público. Iso permitiría tamén, segundo entende este Grupo, a posibilidade de contratación desas persoas que estiveron seleccionadas no ano 2015 para traballar nas residencias da Institución Provincial, considerando que a eficacia da encomenda de xestión foi validada no Pleno de abril, constan tamén informes favorables do Secretario da Sociedade Provincial Lucense, e a partires de aí creo que dun xeito bastante rápido e, se mo permiten, o máis coherente posible, porque é o modelo que puxeron en marcha non só o Partido Socialista senón tamén o Bloque Nacionalista Galego cando tiñan responsabilidades de goberno nesta Institución, dende logo o que sería unha boa solución para o concello de Castroverde que non veu cambiar de criterio dende que asinou ese convenio no ano 2010.

Creo que é unha boa oportunidade despois de tantos debates, non vou ocultar que algúns deles bastante desagradables, para darlle alo menos ós veciños deste concello unha resposta en

positivo e a posibilidade de que poidan abrir a súa residencia non vou dicir en meses porque estou convencida de que con esta fórmula sería en días”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir que reserva a súa intervención para o seguinte turno.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir que deixa a súa intervención para o segundo turno.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Se ben é certo que os acordos plantexados nesta moción xeran cando menos certa confusión; por un lado nos piden acceder ó solicitado polo concello de Castroverde en acordo plenario, feito este que pode semellar, é lóxico, pero que non o é tanto cando dende esta Institución xa se teñen iniciado os trámites para a xestión do Centro Residencial O Castro do concello de Castroverde, e mesmo se teñen mantido conversas co seu representante; este mesmo mes de setembro se trasladou un escrito ó concello de Castroverde coa vontade da Presidencia da Deputación de responder á petición efectuada polo concello en termos semellantes ás doutros concellos que tramitaron no seu momento un convenio interadministrativo e de cooperación, precisamente para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores coas peculiaridades de cada concello, debendo establecer o réxime xurídico de prestación do servizo; ademáis pónse a disposición do concello a colaboración administrativa e técnica necesaria para acadar os obxectivos.

Tendo en conta que non pasaron moitos días, e que ademáis o Presidente e o Alcalde teñen previsto celebrar un encontro próximamente, cremos que é preferible cando menos respectar sempre as propostas e manifestacións do Alcalde de Castroverde neste caso, e polo tanto a autonomía local, antes, e entendan ben o que lles vou dicir, que a súa proposta como oposición nesta Institución, suposta defensa dos intereses, sendo oposición dese concello.

Tampouco queremos botar o carro diante dos bois porque para prestar un servizo desa natureza resulta necesario cando menos establecer previamente o réxime xurídico, e nunca antes de establecer este réxime xurídico se debe aprobar a ordenanza a aplicar; e isto lévanos ó punto dous dos acordos onde de novo non só non respectan as forms e os tempos senón que retiran a autonomía local e pretenden impoñer unha ordenanza reguladora dende a Deputación, que non é competente, son os concellos os que aproban tanto o regulamento como a ordenanza.

Ademáis disto, dicir que na parte dispositiva da moción, entre outros acordos, propónse a cesión gratuita dos inmobles de referencia, os bens da cesión son bens de dominio público que no ordenamento xurídico local, e disto seguramente sabe moito máis ca mín a Sra. Candia, a cesión gratuita só está prevista para bens patrimoniais; tal cesión está sometida ó procedemento establecido no Regulamento de Bens das Entidades Locais, e entre outros dos requisitos establecidos isto nos levaría a que esa entrega polo tanto nunca sería con carácter inmediato.

Dicir tamén que na Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable ás entidades locais, se regula por primeira vez no noso ordenamento a transmisión da titularidade de bens inmobles demaniais entre Administracións públicas. O que quero dicir con isto é que no acordo a adoptar debería vir referido o inicio, a incoación polo tanto do procedemento necesario nos termos que se acorden con ese concello, neste caso co de Castroverde, para a transmisión dos inmobles ó mesmo. E polo que fai referencia á ordenanza do prezo público, a mesma debería ser aprobada polo concello titular da competencia.

Todo isto resúltanos un tanto ambiguo e dende logo moi confuso no tocante á legalidade, polo que nós lles anunciamos a abstención deste Grupo porque entendemos que nos termos que apuntan, tanto na moción coma nos acordos, poderían incluso estar afectados de nulidade, e aí manifestar a intención de voto como unha abstención por parte deste Grupo”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“É obvio que este Grupo ten coñecemento desa solicitude dunha maneira documentada porque se nos fai entrega da propia certificación dirixida directamente ó voceiro do Grupo Provincial na Deputación Provincial de Lugo, e ten ademáis rexistro de saída do concello do día dezanove de xullo.

É obvio tamén que moita comunicación non debe haber se despois de ter rexistrada nós esta iniciativa o Presidente tivo unha reunión co Alcalde de Castroverde, se é así a moción xa tivo os seus efectos, e vaia por diante que xa nos sentimos, como soemos sentirnos neste mandato, de gran utilidade porque temos que recoñecer que este Goberno ven acertando cando rectifica ou cando lle fai caso á oposición; e do resto, agás os espazos que fabrica nas fotos co secretario xeral, alegrías poucas imos vendo neste mandato, como dicía vostede hai un pouco cando se refería á situación de Suplusa eu vou utilizar outro cualificativo, tan triste, porque triste é ver como nun mes de febreiro o Presidente di algo nun Consello de Administración e de alí a dous meses di o contrario; porque triste é cando se adopta unha encomenda de xestión para construír e xestionar residencias que supuxeron o investimento de máis de doce millóns de euros e de alí a equis anos as mesmas persoas din o contrario.

E triste non é porque aquí a xente que nos vexa hoxe algunhas veces sorriría, outras veces santiguaríase, porque a capacidade de sorpresa nunca ten límites neste mandato, pero o peor de todo iso é que detrás destas decisións que pon en escea, ben é verdade que vostede é moito máis comedida có secretario xeral, tamén aínda que cobran o mesmo teñen papeis distintos, a verdade é que é moito máis triste porque afectan a persoas, ás sesenta persoas que están seleccionadas que foron convocadas no Pazo no concello de Lugo, e non vou entrar noutros comentarios porque en moitos casos incluso a inscrición se facilitou por Alcaldes o voceiro socialista desta provincia desas persoas para participar no proceso de selección, máis triste é agora que pretendan dar carpetazo chamándose socialistas, porque ademáis non enganan a ninguén porque sendo goberno non traen carpetas da Deputación senón que traen carpetas do Partido Socialista.

Entonces sendo iso, porque socialismo é iso, defender os dereitos dos traballadores e traballadoras que se lles prometeu, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia, un posto de traballo con continuidade, e de repente como lle foron mal os pactos, porque o problema tampouco

foi que se levaron mal entre vostedes, é que fixeron pactos que non cumpriron, porque non cumpren entre vostedes, non están cumprindo co concello de Castroverde senón o Partido Popular non traía esta moción aquí; porque se dan puñaladas entre vostedes e non lles preocupa rematarse porque viven instaurados na liorta continúa.

Dicía vostede que parecía que esquecíamos quen eran os nosos líderes, os nosos líderes teñen unhas siglas, nós pertencemos a un Partido Político, a un único Partido Político, o Partido Popular, neste caso vostedes non, vostedes teñen varios trozos de PSOE, por certo un dos minoritarios parece ser Castroverde, por iso isto tendo rexistro en xullo aínda lle contestan dende que presenta a moción o Grupo Popular.

Isto é a realidade, poderán vestilo como queiran, poderán facer chistes, poderán recordar, como fixo o noso compañeiro do Bloque Nacionalista Galego, cando os músicos de Mondoñedo tocaban a muiñeira de Chantada para facelo máis pintoresco, poderán facer todo iso, pero o triste é que a residencia está pechada a pesares de estar inaugurada, que as persoas pasaron un examen e aprobaron, ningún impugnamos esa proba de selección, e agora dálle a espalda; e o triste é que ese Alcalde, polas razóns que vostedes saberán, non debe estar en sintonía co secretario xeral ou porque simplemente quere ser coherente e manter o que firmou no seu momento, sexa a razón que sexa, que se cadra é o que menos nos importa, quere abrir a residencia, e este Grupo quere axudarlle.

E xa estou un pouco asustada co que me dixo de que non podía ser unha cesión gratuita, co que puxo Castroverde para construír esa residencia, porque foi dos primeiros concellos que incluso destinou fondos do PlanE para ter unha residencia, acórdanse do PlanE?, pois daquela empezou Castroverde a abrir a residencia, e estamos rematando o ano 2018 e aínda non foi capaz de abrila, e todo hai que dicilo, neste caso non foi culpa do Alcalde porque moito o intentou, probablemente sexa dos Alcaldes socialistas da provincia de Lugo con residencia que máis intentou que a súa residencia estivera aberta; e pode parecer un pouco atrevido referirme aquí cando ademáis está sentado entre nós, pero créanme que todo o que digo o digo co convencemento de estar dicindo a verdade, porque eu estiven en Castroverde, como estivo vostede, onde estaba toda a Corporación, e onde vostede coma mín escoitamos que o que hoxe traemos a quí o Presidente o ía aprobar, dicía

no Pleno ordinario seguinte, “..ou incluso”, fixo esta puntualización, “se está rematado antes convocarei un Pleno extraordinario..”. Iso si que é triste, que se enganen entre vostedes, porque Castroverde son dos seus, como se di coloquialmente, pero o peor é que a residencia segue pechada.

Entonces engádalle co procedemento que queira, se lle vai cobrar era ben que o dixerá hoxe aquí, porque iso si que sería unha mala noticia, porque foi dos poucos que pagou en prazo non como algún que teñen sentado ó seu carón que aínda segue sen pagar o que debe, puxo fondos do PlanE para a construción, e leva pelexando pola apertura da residencia; e se aínda encima quere facerlle unha cesión, como dixo vostede, non gratuita, creo que ten unha boa ocasión para explicalo, non por explicarllo a este Grupo nin tampouco ó Alcalde, pero si por explicarllo ós veciños, que moitos dos fondos públicos que estaban destinados a Castroverde foron investidos nun recurso no que todo o mundo tiña depositadas moitas esperanzas; porque probablemente se fixeran un estudo e viran dende que se rematou, imos poñer unha data que todo o mundo é fácil que a recorde porque sempre se lle dá máis protagonismo, dende que se inaugurou, cando foi alí Besteiro e puxeron unha placa e se aplaudiron todos de que por fin había unha residencia, esa data que acordamos todos incluso os veciños porque ata normalmente soen invitalos a comer e son datas agradables.

Pois se collen esa data verán que pasaron non días nin meses, pasaron anos, e o problema é que aínda non se sabe cando vai abrir nin esa nin o resto, pero neste caso polo menos todo parece indicar que quere manter o convenio que se asinou no seu momento, por coherencia nosa, que todo o mundo apoiou iso, por axilidade, e por respecto á autonomía local, alo menos non se opón, pero cando un está no goberno o da abstención, permítame que llo diga, sabe a pouco, e sobre todo con esas insinuacións de que pretenden cobrarlle”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Hai dúas cuestións nas que teño que darlle a razón á voceira do Grupo Popular; a primeira que é completamente inexplicable que despois de tres anos e medio que se inaugurou unha

residencia esta aínda sen funcionar, é algo inaudito e incluso é un desperdicio de fondos públicos que nos tempos que corren é completamente inaceptable.

E tamén ten razón, e é igual de inaceptable, que tres anos e medio despois de que foran seleccionadas sesenta persoas para traballar sigan aínda sen terse incorporado ó seu posto de traballo e, polo que se ve, sen moitas trazas de facelo.

En canto á moción que se trae aquí, eu creo que realmente son dúas mocións para mín incluso separadas, e por iso lle pedimos, se é posible, votalas por separado porque o noso sentido do voto sería distinto nun punto e noutro.

En canto ó primeiro punto, non lle vemos absolutamente ningún problema, é certo que dende o Consello de Administración de Suplusa votamos a favor no seu momento, co cal entra dentro da propia autonomía local que queira xestionar a residencia que ten, e parécenos perfectamente lícito e lóxico; é máis, aquí defendemos por exemplo que outras residencias, que aínda que non foran feitas pola Deputación estaban xestionadas polo concello, como foi o caso da residencia de Sarria, que se lle aplicaran as mesmas axudas que ó resto das residencias municipais da Deputación. Co cal parécenos totalmente coherente que se lle transfira ó concello a residencia para que, dentro da súa autonomía local, decida facer o modelo de xestión que queira, e despois poderase estar a favor ou en contra dese modelo ou o propio Pleno do concello de Castroverde decidirá.

Outra cousa é o segundo punto que é propoñer xa directamente unha ordenanza, e algo explicou a Sra. Porto, sen pasar polos estudos e informes dos Servizos xurídicos e técnicos da propia Deputación. Aquí acusousenos antes dende o Partido Popular de que era un atrevemento traer unha moción de carácter político onde se iniciaría a disolución de Suplusa, sen embargo parece ser que non é un atrevemento traer aquí unha moción onde se aprobarían uns prezos públicos e unhas condicións, e serán moi bos os técnicos que vostedes teñen, pero creo que sen o procedemento burocrático, que pode ser excesivo e eu non digo que non, que ten a Deputación pareceríame cando menos temerario; mil cen euros polo prezo da praza, seiscentos da praza en

centro de día, poderá ser axeitado, pero non podemos apoialo co voto afirmativo dado que non temos información suficiente para decantarnos dun lado ou doutro.

E para rematar, dicir que o que me esperanzou un pouco na intervención da Sra. Candia, supoño que terá boa información de Castroverde, porque a mín o que me conta xente de Castroverde vai en dirección contraria, pero imaxino entón que no caso de que o concello adquira o “control”, no bo sentido da palabra, da residencia de Castroverde e a poña a andar que todo o persoal que contrate vai ser da listaxe de seleccionados, cousa que a mín me alegraría moito, e aparte aí é onde se vai ver se realmente é a vontade política de darlle traballo a esas persoas ou se o que se lles está vendendo é simplemente fume.

Eu espero e desexo que se lle transfira a residencia ó concello, que o concello consiga abríla, e que contrate todo o seu persoal, con empregos dignos, a xornada completa e cun salario acorde e digno, para prestar servizos alí, porque insisto que as noticias que me chegan, que poden ser falsas non digo que non, de Castroverde van xusto na liña contraria aínda que tiveran a posibilidade de abrir a residencia”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“O 25 de marzo de 2015, hai tres anos e medio, inauguramos unha dotación que nos sorprendeu a todos pola súa calidade, pola súa ubicación, e non só a nós senón tamén ós 2826 castroverdeses que nese día e nos seguintes visitaron a nova dotación presta para entrar en servizo.

Estes tres anos e medio de lastre e de liortas premeditadas e innecesarias, teñen que tocar hoxe ó seu fin, e coa cesión desta dotación residencial ó concello de Castroverde e coas dotacións económicas aprobadas reiteradamente neste Pleno en convenios con distintos concellos, é imprescindible dende logo para o seu bo funcionamento. Neste escenario sempre contarán co voto a favor deste Deputado, e no marco da xestión coa colaboración da Sociedade pública Suplusa”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“O certo é que a Sra. Candia neste último asunto do Partido Popular veu buscar o protagonismo, que sinceramente creo que debería falar algo máis no Pleno porque concentrar todo na última moción non dá tempo, quixo falar para os traballadores de Suplusa, quixo gañarse ó concello de Castroverde, quixo ser pleitista contra o Partido Socialista que goberna nesta Deputación, e ás veces querer facelo todo concentrado resulta máis difícil, e eu o que lle recomendo é que se estenda máis nas súas exposición ó longo do Pleno.

E leccións a nós na defensa dos dereitos dos traballadores non nos vai dar o Partido Popular, e moito menos vostede a título singular, e hai un momento quérolle recordar que votaron en contra da disolución de Suplusa, que é o paso máis doado para salvagardar os intereses de tódolos traballadores e traballadoras, pero vostedes están anclados nesa posición e teñen a solución nas súas mans porque teñen a maioría en Suplusa hoxe en día, vostedes poden facer isto, pero non queren e os seus intereses evidentemente terán para non facelo así.

Eu o que quero deixar claro é que hai dúas cuestións; por unha banda nós respectamos absolutamente a autonomía local, xa no mes de marzo se enviou un escrito ó concello de Castroverde, este concello remitiu o acordo de Pleno, e algunha conversa houbo e máis que vai haber entre o Presidente desta Institución e o Alcalde, que é soberano para trasladar os acordos do seu concello, e iso é o único que nós pretendemos respectar, que o Alcalde de Castroverde neste caso, igual que decidiron os demais, poida decidir, e para iso nese escrito tamén lle poñemos tódolos servizos xurídicos administrativos da Deputación ó seu servizo.

En segundo lugar, queremos que todo se faga en atención á legalidade, e vostedes traen unha proposta para aprobar a ordenanza municipal e a Deputación de Lugo non é competente, son os concellos señora Candia. Ademais de todo isto, na moción do Partido Popular non está determinada polo concello a forma de prestar o servizo, nin está aprobado o réxime xurídico, e iso é un paso previo imprescindible. Na súa moción, na do Partido Popular, non se respecta a autonomía municipal para decidir esas cuestións imprescindibles para a viabilidade legal da apertura, ocupación, e estancia no centro residencial.

Eu creo recordar, porque estiven moitas veces presente na toma de decisións de Suplusa, tal e como vostede dixo, que incluso hai unha memoria económica financeira que foi aprobada por Suplusa cando vostede era Presidenta deste ente, sen establecer previamente o réxime xurídico de prestación do servizo; e, Sra. Candia, vostede tamén creo recordar que asinou a solicitude dos PIAs das residencias.

Para nós esta proposta e os seus acordos cando menos resultan un tanto irregulares no tocante ó aspecto legal, e ademáis, Sra. Candia, lembra que vostede propoñía un servizo de catering?, que experiencia?, que ía facer coas cociñeiras?, vostede presentou ese plan de viabilidade no que non había os suficientes recursos para pagar ós traballadores, e foi vostede naquel momento como presidenta de Suplusa.

Eu remato xa querendo que se entenda coa dúbida da legalidade e coa falla de respecto que entendemos á autonomía local, neste caso dun concello que é o que ven proposto na súa moción, de aí a nosa abstención; eu sei que a vostede lle gustaría máis un voto favorable ou incluso un voto en contra para ter unha vía de ataque, pero non vai ser así senón que imos poñer os medios, e o Presidente da Deputación cónstame que si o vai facer, co Alcalde de Castroverde, e teña por seguro que ó igual que aconteceu no resto dos casos aquí tamén vai suceder o mesmo e vaise chegar a un acordo e a outra solución, porque este Goberno acerta cando é útil, e ser útil é estar para prestar servizo, de aí que as cousas probablemente leven este camiño e nós non lle imos votar a favor deste acordo por ter claros visos de ilegalidade.

E aproveito xa nesta última intervención tamén para saudar ás persoas que nos acompañan, que entendo foron seleccionadas nese proceso que no seu momento se fixo, e que quero agradecerlles a presenza durante todo este tempo no Pleno”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Máis ca saudalas debía darlle resposta ás súas peticións, e en primeiro lugar debería recibilas o Presidente porque teño coñecemento de que aínda non o fixo. É máis, deberían

explicarlle o modelo que pagaron 18.000 euros para que lles dixera como tiñan que xestionar, que cando o fai o Partido Popular di que privatizamos, cando o fan vostedes di “apostamos sen dúbida por unha externalización estratéxica da especialidade”, esta é a terminoloxía e estas son as verdades aínda que supoño que o saúdo entra dentro dunha norma básica de educación pero que cando hai unhas obrigas adquiridas e incumpridas o saúdo case pode soar a pitorreo, con perdón da expresión.

Dito iso, imos concretar o punto que nos trae hoxe aquí. En primeiro lugar esta moción non aproba unha ordenanza, concretamente propón un texto, que vostedes poderán corrixir e que estamos dispostos a consensuar, e pídelles que traia a ordenanza ó vindeiro Pleno, compromiso que xa ten asumido o Presidente, que quedou reflectido nunha acta no Consello de Administración de febreiro.

Vostedes construíron residencias, edificios, pero sempre tiveron moitas dúbidas sobre o modelo de xestión; agradézolle que poña enriba da mesa, aínda que sexa para criticar, todo o que se fixo nos curtos meses de goberno deste Grupo, solicitamos os PIAs porque estaban sen solicitar, e fixemos un plan de viabilidade, seguramente sería mellorable pero o que si sei é que non o fixeron vostedes, inauguraron a residencia e despois esquecéronse de Castroverde e do resto, e agora para reventar Suplusa pretenden facer uns paripés de convenios que imos ver como acaba o tema.

Pero detrás, e dicíao a miña compañeira Mari, o que pasa é que non hai un modelo de xestión, o 13 de novembro de 2014 Besteiro pedía prazas concertadas para poder abrir as residencias, o 8 de marzo do 2017 Darío dicía que non quería concerto senón que quería un convenio e que lle pagaran 600 euros por praza; o que pasa é que vostedes non saben o que queren, pero en todo caso se hai un Alcalde que si o sabe e quere, o edificio que pagou unha cantidade moi importante na súa construción, déixenlle facelo.

E unha matización ó Bloque Nacionalista Galego; o que teño entendido, probablemente sexa certo porque non vou dubidar da miña fonte, é que ese concello non asinou un novo convenio porque entende que está en vigor o que asinou no seu momento; co convenio que asinou no seu momento onde se elixía a construción e xestión á Sociedade Provincial Lucense quedaría perfectamente claro que hai un servizo de residencias e as persoas que están na listaxe, cando esta

residencia se abrise, poderían empezar a traballar; e a vostede, que demostrou moita máis sensibilidade, sen rematalo probablemente, coas traballadoras ca o Grupo Socialista, si lle pido que traballe con nós nesa dirección.

En canto a disolver Suplusa, tampouco estamos facendo alteración da realidade, baste ver o que leva integrar a Fundación Tic, ben saben vostedes que levan case que dous anos e aínda non se fixeron máis ca dúas reunións e levouse o acordo plenario, despois houbo outra reunión, porque o Grupo Socialista vai lento, ben ve que non teñen prisa en contestarlle a un Alcalde que rexistrou o escrito a principios de xullo, nin en abrir unha residencia que inauguraron en marzo do 2015, non hai prisa; entón imaxine vostede cando vai estar disolta Suplusa.

Pero en todo caso, que é unha das cousas que me gustaría que quedara moi clara porque afecta a traballadores que teñen unha expectativa lexítima de traballar, que son os seleccionados, e os que están traballando agora, a disolución o que lles di é que “se acabou”, iso en primeiro lugar; a partir de aí, e perdeu a representante do Partido Socialista na súa intervención co meu compañeiro unha oportunidade moi boa para clarificar que efectivamente tódolos informes ían na dirección positiva da subrogación, porque cómpre que lle recorde, e xa o citei nalgua ocasión, que cando se trouxo aquí a integración da Tic había un apartado moi claro no informe xurídico que dicía que soamente poderían ser subrogados aqueles traballadores que puideran acreditar que participaron nun proceso, que vostede recordará porque o repetimos aquí varias veces. Entón non confundamos tampouco ós traballadores, non ós que teñen expectativas lexítimas de estar, senón ós que xa están, que ó mellor coa disolución se lles está dicindo que van pasar todos a traballar á Deputación e ó mellor algún leva unha sorpresa moi negativa.

En todo caso traballar na senda do consenso aquí sempre terá un Grupo, e defender ás persoas que se presentaron a un proceso que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia créame que aquí vai encontrar o Grupo máis colaborador, non facelo é unha absoluta indecencia e converter esta Institución, dende o punto de vista da seguridade xurídica, non sei que país hai no mundo con menos respecto democrático ós dereitos da xente, pero dende logo estaríamos pola cola ou moi similar a elo”.

Intervén o Sr. Presidente, qun manifesta o seguinte:

“Eu queríalle aclarar algunha cousa, porque creo que ou non se entera ou conta mentira cando menos. Fala do prezo e di que é máis barato o plan de viabilidade que aprobou vostede, ou que aparentemente aprobou vostede, porque para dar un PIA a Xunta de Galicia, e alguén aí meteu a pata, ten que ter unha ordenanza aprobada, unha ordenanza non pode aprobala Suplusa, e vostede sábeo, non ten réxime xurídico para aprobala. A Xunta deu un PIA sen ter aprobada unha ordenanza, e iso si que é grave, alguén aí meteu a pata, ou vostede ou a Xunta, e alguén terá que responder por iso.

Conta mentira tamén no prezo de 1100 euros que era o seu plan de viabilidade, é máis barato o noso; e vostede sabe que teóricamente estas residencias eran para válidos?, pois o PIA vén para dependentes, que casualidade!, cambian o proxecto e cambian todo ó seu libre antollo; a Xunta de Galicia, e entre vostede e Manuel Martínez cambiaron todo ó seu libre antollo, era para válidos, agora é para dependentes, é dicir teñen un plan de viabilidade de 1100 euros pero o noso é máis barato, claro que o de dependentes é mais caro, e vostede o que intenta é enganar á sociedade.

Eu non lle fun pedir 600 euros por praza ó Sr. Feijóo, funlle pedir que subvencionáramos por praza 300 euros a Xunta e 300 euros a Deputación, cousa que está subvencionando co cheque este bastante máis diñeiro, sobre todo ás residencias privadas, para o público non hai axudas pero para os privados non hai problema no cheque.

E fala de integración dos traballadores, aquí integráronse os hospitais e non se perdeu ningún posto de traballo, integrouse o Inludes e tampouco se perdeu ningún posto de traballo, vaise integrar a Tic e tampouco se vai perder ningún posto de traballo, e eu creo que en Suplusa tampouco se vai perder ningún; e se a lei o di así, a xente que estaba seleccionada se é posible legalmente vai entrar tamén”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para manifestar o seguinte:

“Tendo en conta que fixo unha alusión clara á miña persoa, que claramente me crea indefensión, e de acordo co artigo 104 pido a palabra”.

O Presidente concede a palabra ó Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

"O que acaba de dicir é unha mentira máis das que vostede ven dicindo”.

Neste momento prodúcese unha serie de manifestacións por parte do Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega, solicitando o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez respecto para a súa intervención.

O Sr. Presidente pídelles ó Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega que garde silencio, e indícalles ó Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez que ten un minuto de tempo para a súa intervención.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Vostede sabe que cando se pediron os PIAs vostede votou a favor de solicitalos, igual có Voceiro do BNG, ou sexa os nove conselleiros votaron a favor. E ese era ademáis o obxectivo, e non tiña pensado sacalo, pero vostede ten un papel firmado comigo na Casa Grande, con este señor tamén, e aquel que está ó seu lado, onde se comprometían a unha serie de cousas que non cumpren, como non lle vou chamar mentiroso?, está dicindo que non é verdade”.

O Sr. Presidente maniféstalle ó Sr. Deputado D. Manuel Martínez Núñez que se quere falar algo do tema fale, pero non do resto.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para manifestar o seguinte:

“Simplemente dicir que cando se pediron os PIAs pedíronse por unanimidade”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Iso non é verdade, porque entón como lle dan un PIA para dependencia cando se pediron para válidos?. Quen cambiou iso?, quen pediu iso, vostede e o Partido Popular?”

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Cando se chega a un nivel de mentira como o que vostede fai, porque só hai que ler as actas de Suplusa, léanas”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“O que hai que ler é que a Xunta de Galicia non lle daba o PIA a Suplusa ata que vostede chegou, que casualidade!, é casualidade que entre vostede e a Sra. Candia conseguen o PIA”.

A continuación pide a palabra o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, para preguntar se se acepta votar por separado os dous puntos.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, para dicir que van considerar a petición da votación dos puntos por separado coma unha emenda *in voce*, e aceptan por tanto a votación separada dos puntos un e dous da súa moción.

O Sr. Presidente manifesta que se vai proceder á votación do punto número un da moción presentada polo Grupo Provincial Popular, e efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 15 (correspondentes ós Sres. Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 10 (correspondentes ao Grupo Provincial Socialista). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

“1º.- Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo acceda ao solicitado polo Concello de Castroverde e, polo tanto:

c) Proceda á entrega e cesión ao Concello de Castroverde, tanto da edificación “Residencia e Centro de Día para Persoas Maiores “Residencial O Castro” co seu respectivo amoblamento, como dos terreos sobre os que asenta esta edificación, e todo elo nos mesmos termos nos que Suplusa os entregou e cedeu á Deputación mediante acordo adoptado polo seu Consello de Administración en reunión celebrada o 8 de marzo de 2018.

d) Que se aplique ao Concello de Castroverde o réxime económico da achega financeira da Deputación, prevista para o resto de concellos da rede de residencias dependentes da Deputación Provincial de Lugo”.

Seguidamente o Sr. Presidente manifesta que se vai proceder á votación do punto número dous da moción presentada polo Grupo Provincial Popular, e efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós Sres. Deputados do Grupo Provincial Popular, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes aos Sres. Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

2º.- Que o Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo eleve ao seguinte Pleno da Corporación Provincial a Ordenanza de Precio Público para a estancia en residencia e centros de día da Deputación Provincial de Lugo e que inclúa os seguintes puntos:

- Para garantir a intervención e o control público do acceso aos centros de atención a persoas maiores y das prestacións que se realicen crearanse órganos colexiados para a selección e o seguimento da prestación do servizo cunha composición paritaria que haberá de reunirse periodicamente.

- Impulsarase unha xestión dos servizos de atención a maiores pública e responsable, primando a calidade na atención ao usuario.

- Importe do prezo público. A contía do prezo público fíxase en función do plan de viabilidade económica do ano 2015, é dicir, establecece un prezo por praza nas residencias de 1.100 euros mensuais e de 600 euros pola praza nos centros de día.

- Establecemento da capacidade económica e das persoas obrigas ao pago.

Calcularase a capacidade económica do residente ou dos responsables subsidiarios, de acordo aos seguintes elementos de valoración: renda, patrimonio y número de persoas da unidade familiar.

Por **renda** enténdese a totalidade dos ingresos da unidade familiar derivados de:

- Rendementos do traballo, incluídas pensións y prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime.
- Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario.
- Rendementos das actividades empresariais ou profesionais.

Por **patrimonio** se enténdese a totalidade do capital mobiliario e inmobiliario da persoa usuaria, ou dos responsables subsidiarios, desde os cinco anos anteriores ao inicio da prestación. Para a estimación do valor deste segúranse as normas establecidas para o Imposto sobre o Patrimonio.

Por **capital mobiliario**, enténdese os depósitos en conta corrente e a prazo, fondos de inversión e fondos de pensións, valores mobiliarios, seguros de vida e rendas temporais ou vitalicias, obxectos de arte, antigüidades, xoias e outros obxectos de valor.

Por **capital inmobiliario** enténdese os bens de natureza rústica y urbana.

Existirá unidade familiar en todos os casos de convivencia do usuario con outras persoas unidas con aquel por matrimonio ou relación análoga á conxugal e por lazos de parentesco de consanguinidade ata o segundo grado.

Para a valoración da capacidade económica poderase esixir tanta documentación acreditativa se considere necesaria e a falsificación ou ocultación de datos sobre a mesma, poderá dar lugar á suspensión temporal ou definitiva da prestación do servizo. A valoración da capacidade

económica dos obrigados ao pago pola prestación deste servizo, levarase a cabo polo Servizo de Servizos Sociais da Deputación de Lugo, que resolverá, en consecuencia, fixando a cantidade a aportar por el residente o ben polos seus familiares directos o titores. Nos casos en que las cantidades aportadas polos residentes non alcancen a totalidade do prezo público, se cubrirá el resto con subvenciones de Entidades Públicas.

- Importe a aboar polos usuarios.

En función da capacidade económica do usuario, fixarase a cantidade a aportar polo usuario.

En función dos ingresos do usuario calcularase o mínimo vital que lle corresponde (contía mínima para gastos persoais que quedarán a súa disposición) (este mínimo vital ten que ser, polo menos, o 25% dos seus ingresos).

O restante dos ingresos do usuario irán destinados a sufragar a cantidade que lle corresponde do custe da praza, calculada en función da súa capacidade económica.

As persoas que teñan recoñecido un grao de dependencia e estean á espera de acceder a unha praza nunha residencia da Xunta de Galicia, poderán obter o Bono Autonomía en Residencia para a adquisición dun servizo de atención residencial co fin de sufragar o custo da súa estancia nun centro da Deputación de Lugo mentres agarda, se así o desexa, pola súa incorporación a unha praza nun centro da Xunta de Galicia. Para isto, os centros deberán cumprir os ratios de persoal para a atención de persoas dependentes.

- Axudas públicas.

A diferenza entre o custe real mensual do servizo y o prezo efectivamente pagado por cada usuario será financiado pola Deputación Provincial de Lugo y polo Concello da vecindade de cada usuario coa seguinte distribución de cantidades e máximos:

b) A Deputación asumirá o 75% da diferenza entre o custe efectivo real do servizo e o prezo efectivamente pagado por cada usuario, cos seguintes límites:

- 600 euros por usuario e mes en praza de residencia
- 300 euros por usuario e mes en praza de centro de día e xornada completa, entendendo por tal un mínimo de 8 horas de luns a

venres. Para as xornadas diarias inferiores aplicarase una redución proporcional

d) Os Concellos de máis de 5000 habitantes nos que se encontre cada centro asumirán a maior das seguintes cantidades

- o 25% da diferenza entre o custe efectivo real de cada praza y o prezo efectivamente pagado por cada usuario ou
- la diferenza entre o custe efectivo real da praza menos 600 ou 300 euros

e) Os Concellos de menos de 5000 habitantes nos que se encontre cada centro asumirán o pago do 25% da diferenza entre o custe efectivo real de cada praza e o prezo efectivamente pagado por cada usuario, en todo caso, asumindo a Deputación o 75% da diferenza

f) O Concello de procedencia de cada usuario cando este non coincida co da ubicación do centro, deberá de financiar a porcentaxe que lle corresponde ao Concello sede do Centro durante un período de seis meses ou ata que o residente compute como habitante do Concello sede do Centro para a distribución de participación dos municipios nos tributos do Estado, se este período fose superior.

Os Concellos dos usuarios de centro de día que asistan a centros ubicados noutros Concellos deberán de satisfacer o importe da diferenza entre o custe real efectivo da praza e o importe satisfeito polo usuario na parte que lle corresponde ao Concello. Para poder implantar este financiamento é necesario que os Concellos afectados subscriban convenios específicos de adhesión ao sistema.

No suposto de que o Concello de orixe do usuario (no que se encontra empadroadado) non se faga cargo do financiamento previsto neste apartado, deberá de ser aboada pola Deputación de Lugo”.

13.- MOCIÓN DO SR. DEPUTADO NON ADSCRITO RELATIVA AOS DEREITOS RECOÑECIDOS NO REGULAMENTO.

Logo de ver a moción do Sr. Deputado non adscrito, do seguinte teor:

“Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación de Rexíme Local vixente e no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, propón ao Pleno a adopción da seguinte Moción:

Parte Expositiva:

O pasado 26 de xullo de 2018 publicouse o Regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo, entrando en vigor o día seguinte.

Nos artigos 11, 29 e 32 recoñécense unha serie de dereitos para os deputados, Grupos políticos e Deputados non Adscrito, “ (...) que non poderán ser discriminados..”

Como xa pasaron casí dous meses da entrada en vigor e nada se fixo por esa Presidencia para adaptar e poner en marcha esos dereitos e co fin de que se respeten os dereitos deste Deputado

Por todo o anterior, proponho ao Pleno da Deputación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que polo Presidente se firme decreto e se fagan efectivos os dereitos recoñecidos no novo Regulamento, xa aprobados polo Pleno en varias ocasións, deste Deputado “co fin de facilitar a súa laboura nesta Institución: 1º.- Dotación dun despacho ou local, un posto de auxiliar administrativo, e unha dedicación exclusiva

2º.- Estes acordos entraran en vigor no momento da súa adopción polo pleno”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Este xa é un tema debatido e aprobado aquí, é verdade que con algún informe en contra, parece ser que hoxe non hai ningún informe, e o que figura na Lei de Bases de Réxime Local e tamén no Regulamento da Deputación pido que se cumpra”.

Neste momento auséntanse da sesión os Sres. Deputados D. Xosé Ferreiro Fernández e D. Miguel Angel Sotuela Vega.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Creo que xa nos manifestamos noutras sesións plenarias e mantémolo, entendemos que para traballar terá que ter recursos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para anunciar o noso voto en contra”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Manifestar a coherencia co chamado novo Regulamento imposto polo Partido Popular, vulnerando presuntamente algunhas das cuestións básicas de transparencia, información pública, e demais, advertidas reiteradamente por distintos informes de habilitados nacionais; e manifestar, en base a esa coherencia, e dado que se refire a algún punto en concreto do Regulamento, que o noso voto será en contra”.

O Presidente anuncia que se vai someter a votación a moción presentada, e verificada a mesma, tendo en conta que os señores Deputados D. Miguel Angel Sotuela Vega e D. Xosé Ferreiro Fernández ausentáronse da sesión, o que se considera a efectos de votación como abstención segundo sinala o artigo 100 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor, 13 (emitidos polos Sres. Deputados do Grupo Provincial Popular e polo Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos Sres. Deputados do Grupo Provincial Socialista e o Sr. Deputado do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 2 (correspondentes aos señores Deputados D. Miguel Angel

Sutuela Vega e D. Xosé Ferreiro Fernández, que se encontran ausentes do Salón de Plenos). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

1º.- Que polo Presidente se firme decreto e se fagan efectivos os dereitos recoñecidos no novo Regulamento, xa aprobados polo Pleno en varias ocasións, deste Deputado “co fin de facilitar a súa laboura nesta Institución: 1º.- Dotación dun despacho ou local, un posto de auxiliar administrativo, e unha dedicación exclusiva

2º.- Estes acordos entraran en vigor no momento da súa adopción polo pleno”.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

Neste momento intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Antes de entrar nesta cuestión quixera recordar, con respecto ó Regulamento, e na parte de control de cara ó próximo Pleno, que o artigo 114 di que o Secretario dará conta no seguinte Pleno do cumprimento ou incumprimento dos acordos de Pleno ata que o cumprimento sexa efectivo. Nada se recolleu nesta convocatoria, imaxino que tamén polas circunstancias que concuriron, e espero que no próximo Pleno se faga efectivo o que di este artigo; porque eu tamén solicitei unha relación de cumprimentos e incumprimentos ó anterior Secretario, que Deus o teña na Gloria, e non se me contestou. Eu creo que agora xa con este acordo, e tal e como figura no Regulamento, é unha obriga”.

A continuación intervén o Sr. Secretario en funcións, D. Manuel Castiñeira Castiñeira, no seguinte sentido:

“Menudo párrafo o dese artigo, e o de facer descansar nun funcionario se se cumpriu ou non un acordo”.

14.- CONTA DOS INFORMES DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2018, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA, DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO E DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC) E INFORMES DOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2018 DO RD 635/2014.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes do segundo trimestre de 2018, relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento de Lugo e da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e informes dos meses de abril, maio e xuño de 2018 do RD 635/2014.

15.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE XUÑO DE 2018.

Dada conta da información económica da Deputación de Lugo a 30 de xuño de 2018, o Pleno da Corporación queda enterado.

16.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2018 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRE DE 2018.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2018 e previsión a 31 de

17.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous de xullo ata o trinta e un de agosto de dous mil dezaioito, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1636 ata o 2316. O Pleno da Corporación queda enterado.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai un Rogo do Grupo Provincial do BNG, dúas Preguntas formuladas polo Sr. Deputado non adscrito, e unha Pregunta formulada polo Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Presentado polo Grupo Provincial do BNG, en relación cos programas “Musiqueando” e “Buxiganga”, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta ante o Pleno da Corporación Provincial de Lugo e dirixida ao Presidente o seguinte Rogo:

Exposición de Motivos.

A deputada de cultura desta Deputación remitiu unha comunicación aos colectivos que participan este ano nos programas Musiqueando e Buxiganga. A moitos deles devólvenselles as

facturas e comunicánselles unha serie de requisitos a cumprir que non figuraban nas bases destes programas Musiqueando 2018.

As formacións musicais e teatrais xa cumpriron co seu compromiso de efectuar as actuacións e agora atópanse cunha devolución das facturas correspondentes. Nos moitos anos que levan funcionando estes programas de promoción da cultura nunca se esixiu o requisito administrativo que agora, cos programas xa en plena execución ou rematados, se lles comunica.

Esta modificación ampárase, segundo o propio escrito, nunha lei do ano 2002 o cal indica que non se trata dunha modificación lexislativa recente ou nunha causa sobrevida.

Por todo iso, co fin de promover un mellor funcionamento e o mantemento dos programas Musiqueando e Buxiganga, o Grupo do BNG na Deputación de Lugo presenta ante o Presidente desta institución o seguinte Rogo:

- Que este ano se manteñan os trámites administrativos dos programas Musiqueando e Buxiganga igual que en anos anteriores se atendendo ao contido das bases e modelos de solicitude que foron publicados para o ano 2018.
- Que a Deputación faga os trámites e contactos necesarios coa Axencia Tributaria para axilizar e facilitar as cuestións fiscais para os colectivos que son, na súa maior parte, entidades de carácter cultural e sen ánimo de lucro.
- Que non se considere aos programas Musiqueando e Buxiganga como unha canle de contratación senón como un programa de promoción cultural, tal e como naceu, que permite e incentiva a actuación de colectivos culturais nas festas patronais e eventos que se celebran na provincia.
- Que se reduza, na medida do posible, a carga burocrática que teñen que asumir as agrupacións que participan nos programas Musiqueando e Buxiganga”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Trátase simplemente de certas queixas que nos chegaron na liña de que bastantes grupos consideran que se lles cambiaron as condicións que se establecían na propia convocatoria á hora de xustificar os gastos para cobrar a subvención que teñen concedida, non só no caso do “Musiqueando” senón tamén grupos do “Buxiganga”.

En todo caso o que se pretendería é que dende a propia Deputación se lles facilitaran o máximo posible, cando menos nesta convocatoria, os trámites para poder acceder ós fondos, hai que lembrar que eses fondos moitas veces son co que se sosteñen esas asociacións durante todo o ano; e o ano que ven se vai nas propias bases da convocatoria xa decidirá cada grupo se lle interesa participar ou non neses programas”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Brevemente; non tomamos nota porque o diga o BNG senón que o mesmo que a vostedes lles chega tamén nos chega a nós xa hai meses. Pero simplemente aclarar que estes dous programas non son liñas de subvención, é unha relación contractual e polo tanto as entidades asociativas que participan neles teñen que emitir factura.

Como todo o mundo sabe en España para poder emitir factura hai que estar inscrito no censo de inicio de actividade económica, e ese modelo é o que se lles pide que aporten, porque ata agora a transferencia entre administracións non era tanta e o cruzamento de datos tampouco, pero detectouse que moitos dos colectivos non estaban inscritos nese censo, e é un requisito legal imprescindible para poder efectuar as facturas a posteriori. O único que se fixo dende a Deputación en aras de facilitar todo isto, despois de manter varias conversas coa Axencia Tributaria, foi enviar un comunicado moi breve pero aclaratorio do que tiñan que facer, cumprimentar o 036 ou o 037 para darse de alta nese censo de inicio de actividade, nada máis, nin perden a condición de colectivos sen ánimo de lucro nin lles afecta a outro tipo de cuestións que non estean condicionadas por outras cuestións, non por darse de alta nese censo”.

PREGUNTAS

Primeira.- Formulada polo Sr. Deputado non adscrito, relativa á ordenanza reguladora do prezo público das residencias, e trámites precisos para poder abrir as mesmas, que textualmente di o seguinte:

“Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación de Rexíme Local vixente e no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, presenta a seguinte pregunta para a súa contestación no próximo pleno:

O 22 de febreiro de 2018 o Pte. da Deputación, D. Darío Campos, e Conselleiro de Suplusa comprometeuse a elaborar a Ordenanza reguladora do prezo publico das Residencias e de todos aqueles acordos ou trámites precisos ... para poder abrir as mesmas.. Pasaron máis de 6 meses e non solo non se sabe nada, por elo Preguntamos:

¿Pensa o Sr. Presidente cumprir a proposta que fixo no Consello de Suplusa celebrado en Castroverde, ou como fai na mioría dos casos enganou os Conselleiros e a poboación da provincia con unha proposta que non pensaba cumprir?”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Entendo que esta pregunta xa está contestada neste Pleno, pero vouno repetir de novo. A Ordenanza ten que aprobala o concello; obviamente se quere xestionar a residencia ten que aprobar a Ordenanza o propio concello”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Ou sexa que vostede mentiu nese Consello”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Eu non mentín, dixeran naquel momento que ía facelo, pero os informes que se emitiron e o que veu despois non tivo nada que ver co que había naquel momento, e iso vostede sábeo; a nova Lei de Contratos cambiou moitas cousas que vostede, dende Suplusa, non intentou cambiar ningunha, non é así?”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Agradézolle que me interrogue a mín, pero soe ser a oposición ó Goberno. Eu a conclusión que saco é que vostede foi alí a enganarnos como di a pregunta, ós conselleiros, ós veciños de Castroverde, e ós da provincia, nin máis nin menos”.

Segunda.- Formulada polo Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, relativa á convocatoria de Pleno de Suplusa, que textualmente di o seguinte:

“Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto na Lexislación de Reximen Local e no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, presenta a seguinte Pregunta:

Antecedentes.

O Consello de Suplusa, na súa reunión de data 08/05/2018, acordou solicitar , por maioría ao Pleno da Deputación, “que adopte acordó no sentido de tramitar e resolver o procedemento de revisión de oficio do acordó da Xunta de Goberno de data 09/03/2018”, por consideralo manifestamente ilegal. Como a día de hoxe nada se sabe sobre dita convocatoria, e polo que:

Reiteramos e preguntamos

¿Cando pensa o Presidente da Deputación convocar o citado Pleno?”.

“Eu penso convocalo cando o solicite quen se atope habilitado ou lexitimado para facelo e ante o órgano que corresponda”.

Terceira.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó complexo de Augasmestas en Quiroga, que textualmente di o seguinte:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial celebrada o 31 de xullo de 2018 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo Grupo Provincial Popular adoptándose o seguinte acordo:

“Instar ao equipo de Goberno da Deputación a que corrixa as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga”.

Así, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

- ¿Qué pasos ten dado o Goberno da Deputación de Lugo desde o 31 de xullo para cumprir ese acordo e, polo tanto, para corrixir as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga?”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Nese sentido xa se falou co concesionario e estamos buscando presupostos, non obstante pásolle a palabra ó Deputado de Turismo para que lle aclare a pregunta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Goberno provincial, para dicir o seguinte:

“En canto a esta pregunta, dous aspectos fundamentais, un deles é ter unha reunión co adxudicatario para poñer enriba da mesa as distintas interpretacións que podían xurdir dos pregos de adxudicación. E froito tamén desa reunión é que os servizos técnicos desta Deputación fixeran un proxecto de viabilidade para implementar e para poder dar solución definitiva á depuración das augas residuais do complexo.

Neste momento existen xa tres proxectos posibles para dar solución a ese problema, proxectos que haberá que mirar se cumpren tódalas especificacións tanto da Confederación Hidrográfica coma do Concello de Quiroga, e despois valorar a posibilidade de poñelas en marcha. Polo tanto as solucións están enriba da mesa e están xa en marcha”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Entendo que o custe dese proxecto sería asumido por parte da Deputación Provincial?.

Intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Goberno provincial, no seguinte sentido:

“Neste momento existen eses proxectos, e unha vez que vexamos a súa viabilidade teremos que falar co concesionario e tomar a decisión oportuna. Neste momento non está tomada a decisión de se vai ser a Deputación ou o concesionario da infraestrutura de Augasmestas”.

Pide a palabra a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, séndolle concedida pola Presidencia, para manifestar o seguinte:

“Se me permiten, tiña dous rogos en dúas estradas provinciais. Na LU-P-3103, ante reiteradas comunicacións extraoficiais decidimos traela a Pleno para ver se se arranxa porque hai un socavón que pon en perigo a conexión a LU-124, sería no concello de Mondoñedo, é a carretera que vai de Lindín a Lourenzá.

E tamén na LU-P-3101, que cando se aglomerou taparon varias bocas de rego e, ante a gravidade que iso supón, e dado que tampouco nos atravesamos a abrilas nunha estrada que non é nosa, se por favor poden supervisar ese tema; esta é a carretera de Oirán.

Esta última é a segunda vez que o digo, e a do socavón é a primeira”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Non sei a quen llo dixo, pero a mín non”.

A continuación intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, para dicir o seguinte:

“En canto á primeira das estradas a que se refire, iso vaise solucionar nos próximos días. E en canto ás bocas de rego xa o mirarei”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.